


Cyrano de Bergerac

Os Estados e Imperios do Sol



Esta obra é distribuída baixo licenza Creative Commons 2.5

Citar como:

Cyrano de Bergerac: Os Estados e Imperios do Sol.
Tradución ao galego de Henrique Harguindey.
<http://palabras desconxeladas.gal>



SAVINIEN DE CYRANO

A vida

Nacido en París en 1619, Savinien de Cyrano procede, pola parte do pai, dunha familia de comerciantes e, pola da nai, dunha da pequena nobreza ascendente; diversos membros dela ocupan importantes cargos na Corte e no aparato do Estado. Algúns están ligados ao sector máis ultra do catolicismo (*Parti dévot* ou *Confrérie du Saint-Sacrement*) que tiña un gran poder político e era promotor dos « directores de conciencia » ridiculizados por Molière no *Tartufo*.

A súa vida e a súa obra estivo durante séculos soterrada pola lenda, mais pouco a pouco, principalmente dende principios do século XX, as lagoas vanse enchendo malia persistiren aínda períodos de escasa información dispoñíbel na súa biografía.

Vive os seus primeiros anos no rural da rexión parisiense no feudo de Bergerac e Mauvières herdado por seu pai. Alí é educado por un crego que lle aprende a lectura e fará un amigo que lle durará toda a súa vida: Henri Lebret. Fai os seus primeiros estudos no Colexio de Lisieux, en París.

Xunto con Lebret ingresa moi novo no exército –nun corpo formado fundamentalmente por fidalgos gascóns¹– aínda que a súa carreira militar é corta debido a dúas graves feridas (unha de fogo de mosquete en 1639 e outra de espada en 1640) que o obrigan a abandonar a profesión das armas e lle deixarán secuelas. Aos 21 anos volve ao estudo no Colexio de Lisieux, da Universidade de París, e non remata pois abandona para seguir os cursos do filósofo materialista Gassendi. Toma tamén leccións de armas e de danza

Comeza a escribir e móvese en medios da corrente filosófica libertina e do xénero burlesco, levando unha vida pouco conforme co canon social imperante e coa súa orixe familiar. Lígase a un grupo de escritores –mozos e non– entre os que están Bernier, Chapelle, Le Bret, Dassoucy, Royer de Prade, La Mothe le Vayer e outros. Nese momento asina con diversos nomes, entre eles Cyrano de Bergerac ou sinxelamente De Bergerac, baseado nas terras que seu pai xa vendera. Cyrano publica en introducións das obras dos seus amigos gabanzas en prosa ou verso, normalmente asinadas con simples siglas.

Sofre estreitez económica, muda con frecuencia de domicilio e acóllese ao favor de mecenas e protectores que o amparan. Ao morrer seu pai, en 1648, Cyrano goza dunha herdanza que logo se evapora polo que, para sobrevivir, volve aceptar a protección de mecenas importantes como o duque de Arpajon ou Tanneguy Renault des Boisclairs.

Escrebe a comedia *Le Pédant Joué* e a traxedia *La Mort d'Aggripine*, e a partir de 1650 é citado abondosamente como autor de *Os Estados e imperios da Lúa*, que tería circulado manuscrito.

¹ Esta circunstancia, unida á confusión do feudo de Bergerac coa cidade occitana de Bergerac, fixo que Cyrano fose considerado por moita xente como gascón.

A representación de *La Mort d'Agrippine* en 1653 valerálle a acusación de ateísmo.

En 1654 logra que o libreiro Charles de Sercy publique *La Mort d'Agrippine* e mais as *Œuvres diverses* que conteñen as súas *Lettres* e *Le Pédant Joué*.

Unha grave ferida na cabeza, produto dun accidente ou dunha agresión, provocará a súa morte en 1655, aos 35 anos en Sannois, na casa dun seu curmán que o acollera.

Postumamente, en 1662, o editor Charles de Sercy publicará en 1657 *Les États et Empires de la Lune*, cuns textos censurados e alterados por Henri Le Bret, e en 1662 o mesmo Sercy tirará á luz *Les États et Empires du Soleil*, en edición de Abel de Cyrano, o irmán máis novo do autor.

A popularización da figura de Cyrano débelle moito á peza teatral de Edmond Rostand, moi difundida nos escenarios e nas versións cinematográficas. Mais, ao cabo, Rostand espallou unha biografía parcialmente deturpada na que o punxente e infatigábel crítico, o escritor Savinien de Cyrano, esvaécese ante o galante botaporela e ocorrente versificador, namorado da súa curmán Roxane. E privou ao público da súa incisiva obra. Con todo, a peza de Rostand provocou tamén un grande interese que se traduciu na multiplicación da investigación e dos achados, de xeito que no século XX se produciu un gran avance no esclarecemento de zonas escuras da súa biografía.

A obra

A produción coñecida de Cyrano –como vimos ao relatar a súa vida– é escasa: algunha peza de teatro, poesías e cartas de contido lírico, amoroso e satírico, composicións de enxeño, etc. a maiores da prosa de *O outro mundo ou os Estados e Imperios da Lúa*, *Os Estados e Imperios do Sol* e fragmentos dun tratado de Física.

O outro mundo: os Estados e Imperios da Lúa

Non coñecemos a data exacta de composición de *Os Estados e Imperios da Lúa*. Parece que en vida de Cyrano xa tiña circulado antes de 1650 unha versión manuscrita, mais os textos orixinais desapareceron e non foi senón postumamente, en 1657, cando se publica a primeira edición, unha edición censurada e retocada que será a que impere durante séculos. O mesmo aconteceu con *Os Estados e Imperios do Sol*, que o autor deixou sen rematar e que foi publicada por primeira vez en 1662.

A localización de varios manuscritos de *Os Estados e Imperios da Lúa* a partir do século XIX posibilitou que se avanzase grandemente na restitución do texto do autor. Non se trata do texto escrito por Cyrano senón que os tres (os chamados manuscritos de París, Munich e Sydney) parecen remontarse a un anterior.

Enxeñoso, poético e imaxinativo, o Cyrano creador acompáñase do Cyrano divulgador que bebe en obras preexistentes filosóficas, científicas e literarias (Luciano, Lucrecio, Gassendi, Montaigne, Sorel) e particularmente na viaxe á lúa do inglés Francis Godwin *The Man in the Moone*, publicada en inglés en 1639 e en francés en 1648. A alusión a esta obra é manifesta na obra de Cyrano coa presenza na lúa dese pequeno español, alusión ao González protagonista da de Godwin.

As descubertas científicas, maiormente da Astronomía, e a lectura de autores filosóficos e literarios sêvenlle a Cyrano para enfiar un todo coa maior eficacia desa dúbida metódica que manifesta o seu lema de apertura ante unha nova hipótese: “*E mais por que non?*”.

A maiores, o irreverente Cyrano pasa a relixión irracional, a pseudociencia caduca e a filosofía aristotélica pola caricatura destronadora do burlesco. Utiliza sistematicamente a ironía e o paradoxo. Baixo a forma dun mundo fantástico e de teorías de personaxes extravagantes que non son compartidas polo protagonista ou son rebatidas por outros personaxes “sensatos”, vemos desfilar ideas tan perigosas para a ortodoxia como a negación da existencia dos milagres, da inmortalidade da alma, da creación do mundo e da propia existencia de Deus. Un vello recurso na historia do pensamento co que Cyrano asumía un evidente risco, por moito que “blindase” a narración ao amparala na “imaxinación”.

E aínda, alén do debate ideolóxico, é transparente a crítica ao poder terreal, sexa nas alusións ás retractacións forzadas, como a abxuración de Galileo, ou ás guerras nas que os reis humanos, ben a salvo, fan que os pobos se maten entre eles.

Naturalmente, tamén hai na obra ficción e adiantamento de boa lei. Sorprende, por exemplo, atopar unha sorte de reprodutor co que escoitar audiolibros nesa linguaxe musical dos habitantes “grandes” da lúa.

É ben, así mesmo, destacar as alusións ao ocultismo e á Alquimia que levaron algúns autores a interpretaren a obra de Cyrano baixo ese prisma.

A escrita de Cyrano é plenamente barroca e a lectura de *Os Estados e Imperios da Lúa* (e mais os do Sol) é por veces difícil debido á longura e complicación dos parágrafos. Mais o esforzo ben paga a pena.

Os Estados e Imperios do Sol

Tampouco non coñecemos con exactitude a data de composición de *Os Estados e Imperios do Sol*, obra póstuma como a viaxe á Lúa e publicada por Sercy cinco anos despois. Nesta segunda obra alúdese á morte de Descartes, acontecida en 1650.

Resulta evidente que, tanto dende o punto de vista da concepción como do artellamento, estamos diante dunha segunda parte desa longa viaxe polo *Outro*

Mundo. Contrariamente á primeira, non apareceu neste caso manuscrito ningún que tivese circulado en vida de Cyrano e permitise reconstruír o texto achegándoo o máximo ao que debeu ser o orixinal. Na viaxe ao Sol resalta moito menos a heterodoxia do escritor nun texto inacabado e visibelmente edulcorado polo editor. Nesta segunda viaxe a descrición de Cyrano tradúcese nun texto fortemente simbólico e alegórico, antes do que paródico, no seu percorrido polas terras iluminadas e mais opacas do Sol, coa Historia dos Paxaros, a das Árbores Amantes ou o combate do Bicho Foguento e do Animal Carambelo ata desembocar no Lago do Sono, -coas fontes dos Sentidos e os ríos da Lembranza, do Maxín e do Siso- e chegar cabo de Descartes, á Terra dos Filósofos onde o libro se interrompe.

Mentres que nos Estados e Imperios da Lúa predomina o contido e o debate científico e ideolóxico, nos Estados e Imperios do Sol hai un rico traballo de elaboración literaria e de recreación estilística.

Con todo, é igualmente manifesta nesta segunda obra a crítica ao poder e á orde establecida, e contra dela dirixe Savinien o seu ferrete: contra o dogmatismo, a ignorancia e a arbitrariedade. O protagonista anónimo da aventura lunar, aquel sinxelo *eu*, será na súa estadía terrestre e na viaxe solar *Dyrcona*, transparente anagrama de D'Cyrano. No seu regreso da Lúa, a popularidade non querida atraeralle a hostilidade e a persecución das que terá que fuxir de novo en procura dun mundo mellor. O autor experimenta a dura represión dunha Xustiza terrestre fragmentada e disputada entre distintos intereses e poderes fácticos; unha Xustiza, ao cabo, que só suaviza as condicións de peche para os membros da clase rica e na que mandan cartos e influencias, mais que actúa con man de ferro contra os que se arredan do pensamento imperante, queimados na fogueira, acusados – coma sempre- de meiguería.

Malia os perigos que tamén o ameazarán nesoutros diferentes mundos – consecuencia –non o esquezamos- da súa condición de Home, responsabilizado ante os outros seres vivos das falcatrúas e crimes da Humanidade- Cyrano transmítenos unha visión optimista e leda: pódese confiar en que nesa ascensión, a especie humana, guiada sabiamente polos filósofos dará paso a un mundo novo e mellor e será capaz de se transformar.

E, para comezar, Cyrano desmontará a explicación creacionista do cosmos cunha exposición materialista do nacemento dos planetas. Mesmo se, prudentemente, ten que se protexer aludindo á Biblia

Contemporáneo de Molière –ao que se cadra chegou a coñecer- unha curiosa anécdota une os dous escritores. Existe na fraseoloxía francesa unha expresión, unha pregunta que se emprega para dicir que alguén fai unha cousa ilóxica ou da que non comprendemos ou xustificamos o sentido: *Qu'allait-il faire dans cette galère?* [“Que ía el facer a esa galera?”] que ven equivalendo a “Que pintaba el alí?”. A pregunta fíxose popular a partir de 1671 por medio dunha comedia de Molière, *Les fourberies de Scapin*. Na farsa, Scapin –criado do mozo Leandro- tenta axudalo na necesidade de cinco centos escudos que aquel precisa para poder liberar a súa moza que foi raptada. Trata Scapin de obter os cartos de Géronte, pai de Léandre e vello avaro, inventando a historia de que o mozo,

convidado por un turco a visitar unha galera, foi raptado e por el piden un rescate de cinco centos escudos. Géronte fai ouvidos xordos á petición de diñeiro e non pensa na liberdade do fillo senón nos cartos que lle doen. Así, unha e outra vez retruca, desviando o asunto: *Mais, que demo ía el facer a esa galera?* Os espectadores rían co efecto cómico do retrouso e a pregunta entrou axiña no patrimonio fraseolóxico francés. E está tan viva nos nosos días como no tempo de Molière. Pero a realidade é que nin a frase nin a situación foron creadas por Molière. É da comedia de Cyrano de Bergerac *Le pédant joué*, publicada uns anos antes, en 1654, de onde procede a escena. Molière colleuna de alá.

A ironía de Cyrano é constante e mordente, sementada entre magníficas descrições con ingredientes alquímicos e requintadas alegorías. Novamente debemos salientar unha *conexión Molière*: nas páxinas finais da viaxe ao Sol, a ridiculez da linguaxe preciosista dos homes do reino dos Namorados parece levarnos a divertidas escenas que Poquelin escribirá máis tarde, como aquela na que o burgués fidalgo recibe do seu mestre leccións de escritura galante ou as que as “preciosas” protagonizan coa súa afectada fala.

Cyrano forma parte, no século XVII, dese movemento libertino que prefigura a potente maré do XVIII, da filosofía das Lucas, a ampla vaga que traerá os principios do Laicismo e da Revolución.

A súa vida e obra –por riba dunha hipotética conversión á ortodoxia católica nos derradeiros días- amosa un Cyrano en permanente cuestionamento fronte a unha sociedade afogante que o anatematizou pola súa condición heterodoxa e homosexual e pola súa audacia na desmitificación da doutrina imperante. Unha opresión e unha ameaza que o fixeron fuxir e «viaxar» na procura de aire respirábel.

Na busca desoutro mundo afastado no que os habitantes, ao se despediren, non lles desexan aos seus conxéneres «*Ide con Deus*» senón «*Pensade en vivirdes libremente*».

Principais edicións modernas das obras de Cyrano:

Les Œuvres libertines de Cyrano de Bergerac. Tome premier : *L'Autre monde: I. Les États et Empires de la Lune*. Texte intégral, publié pour la première fois, d'après les manuscrits de Paris et de Munich, avec les variantes de l'imprimé de 1657. II. *Les États et Empires du Soleil*, d'après l'édition originale de 1662. Tome second : *Le Pédant joué, La Mort d'Agrippine. Les Lettres. Les Mazarinades. Les Entretiens pointus*. Édition de Frédéric Lachèvre. Paris, Librairie ancienne Honoré Champion, 1921.

L'Autre Monde. Les États et Empires de la Lune. Les États et Empires du Soleil. Édition d'Henri Weber, Paris, Éditions Sociales, 1959.

L'Autre Monde. Édition de Claude Mettra et Jean Suyeux. Paris, Jean-Jacques Pauvert, 1962.

Voyage dans la Lune. Édition de Maurice Laugaa, Paris, Flammarion, Collection GF n° 232, 1970.

Œuvres complètes. Édition Jacques Prévot. Paris, Belin, 1977

L'Autre Monde ou les Empires de la Lune, édition diplomatique de Margaret Sankey, Paris, Lettres Modernes, 1995.

L'Autre monde : Les États et empires de la Lune. Les États et empires du Soleil. Édition critique de Jacques Prévot. Paris, Gallimard, coll. « Bibliothèque de la Pléiade », volume *Libertins du XVII^e siècle*, 1998. (edición da que deriva en 2004 a da colección Folio classique, n° 4110)

Œuvres complètes. Tome I. *L'Autre Monde ou les États et Empires de la lune. Les États et empires du soleil. Fragment de physique*, Édition critique. Textes établis et commentés par Madeleine Alcover, Paris, Honoré Champion, 2000.

Œuvres complètes. Tome II. *Lettres. Entretiens pointus. Mazarinades*. Édition critique, textes établis et commentés par Luciano Erba pour les *Lettres* et *Les Entretiens pointus* et par Hubert Carrier pour *Les Mazarinades* Paris, Honoré Champion, 2001.

Œuvres complètes. Tome III. *Théâtre*. Édition critique, textes établis et commentés par André Blanc. Paris, Honoré Champion, 2001.

Les États et Empires du Soleil, Chronologie, présentation, notes, dossier, bibliographie, lexique, par Bérengère Parmentier. Paris, Flammarion, coll. « GF » n° 1145, 2003

Os lectoras e lectoras non especializados terán moita utilidade nas edicións de Jacques Prévot, na colección Folio, e as de Maurice Laugaa e de Berangère Parmentier, na colección GF.

A nosa tradución

A nosa tradución de *Os Estados e Imperios do Sol* –igual que a de *Os Estados e Imperios da Lúa*²– segue o texto establecido na edición crítica de Madeleine Alcover, probablemente a maior especialista actual na obra e na vida de Cyrano.

² Cyrano de Bergerac: *Os Estados e Imperios da Lúa*. Tradución, introdución e notas de Henrique Harguindey Banet. Vétera. Rinoceronte Editora, 2019.

Por fin o noso barco penetrou na abra de Toulon e, tras ter dado grazas aos ventos e ás estrelas pola felicidade da viaxe, todos se abrazaron no peirao e se dixeron adeus. Canto a min, como no mundo da lúa, de onde viña, o diñeiro é un conto de fantasía e eu xa case que perdera a memoria del, o piloto contentouse, en pago da pasaxe, coa honra de ter transportado no seu navío un home caído do ceo. Nada nos impediu daquela ir preto de Toulouse á morada dun dos meus amigos. Ardía en velo, pola alegría que esperaba causarlle co relato das miñas aventuras. Non vos molestarei narrándovos todo o que me aconteceu no camiño; cansei, repousei, tiven sede, tiven fame, bebín e comín no medio de vinte ou trinta cans que formaban a súa grea. Aínda que eu me atopase nun gran desamaño, delgadeiro e torrado pola curtición, non deixou el de me recoñecer. Levado polo arroubo, saltoume ao pescozo e, despois de me ter dado cen bicos, tremelicando coa ledicia, conducíume deica o seu castelo, onde, tan axiña como as bágoas deixaron lugar á voz, exclamou:

“-Por fin vivimos e viviremos, malia os accidentes cos que a Fortuna ten abaneado a nosa vida! Mais -os deuses me vallan!- seica logo non é certo o rumor que correu de que arderades no Canadá, nese gran fogo de artificio que fabricastes? E mais dúas ou tres persoas de creto entre aquelas que me trouxeron as tristes noticias, xuráronme ter visto e tocado ese paxaro de pau no que fostes arrebatado. Contáronme que por desgraza entrarades nel no momento en que lle puxeron lume, e que a rapidez dos foguetes que ardían todo de arredor vos elevou tan alto que a asistencia vos perdeu de vista. E, polo que declararon, vós fostes consumido de tal xeito que ao caír de novo a máquina moi poucas cinzas vosas se atoparon nela.

-Esas cinzas, meu señor, -respondílle eu- eran as do propio artificio, logo, porque o lume non me danou de maneira ningunha. O artificio ía atado por fóra e a súa calor, por conseguinte, non podía causarme trastorno.

Ora ben, saberedes que tan axiña como a pólvora se consumiu, ao non soste-la a máquina a impetuosa ascensión dos foguetes, esta caíu polo chan. Vina descender, e cando pensaba esnafrarme con ela vinme ben asombrado ao sentir que eu ía subindo cara á lúa. Mais cómpre explicaros a causa dun efecto que vós tomariades por un milagre.

O día dese accidente, a causa de certas feridas, fregárame o corpo todo con miolo de ósos, mais como estabamos en devalo e a lúa nese momento atrae o miolo, absorbeu con tanto degoro o que enchoupaba a miña carne -maiormente cando a miña caixa chegou á rexión media³, onde non había nubes interpostas que fixesen máis feble a súa influencia- que o meu corpo seguiu esta atracción. E

³ Nesa época distinguíanse tres zonas ou rexións da atmosfera. En explicación de Sorel serían estas : "a primeira dende a codia terrestre ao cumio dalgunhas montañas, a segunda -ou *rexión media*- onde se sitúan as nubes, e a terceira a que chega tan alto como se pode ata o ceo ou o éter". O trebello de Cyrano estaría, pois, por riba das nubes.

asegúrovos que continuou a me zugar tanto tempo que ao final cheguei a ese mundo que aquí se lle chama a lúa⁴.”

Conteille despois polo miúdo as particularidades todas da miña viaxe, e o señor de Colignac, encantado de escoitar cousas tan extraordinarias, exhortoume a as redactar por escrito. Eu, que gosto do repouso, resistín moito tempo, a causa das visitas que previsibelmente esta publicación me había atraer. Porén, avergoñado polo reproche que me repetía unha e outra vez de non ter moi en conta as súas peticións, decidínme finalmente a satisfacelas.

Botei logo a man á pluma, e a medida que eu ía rematando un caderno, impaciente pola miña gloria que lle proía máis ca a súa, el ía a Toulouse pregoalo nas máis fermosas xuntanzas. Dado que o reputaban como un dos xenios máis importantes do seu século, as miñas louvanzas (das que el semellaba o infatigábel eco) fixéronme coñecer por todo o mundo. Xa os gravadores, sen me teren visto, cicelaran a miña imaxe e a vila resoaba en cada encrucillada coa rouca gorxa dos bufariñeiros que pregoaban a boca chea: “Velaí o retrato do autor *dos Estados e Imperios da Lúa!*”.

Entre as persoas que leron o meu libro atopáronse moitos ignorantes que o follearon. Para arremedaren as mentes de grande altura, eles aplaudiron coma os outros, ata bater palmas ante cada palabra por medo de se equivocaren, e moi ledos exclamaron “Que bo é!” nos sitios nos que non entendían miga. Mais a superstición disfrazada de remorso -que ten os dentes ben agudos baixo a camisa dun parvo- rilloulles tanto o corazón que quixeron mellor renunciar á reputación de filósofo (para eles igualmente un vestido mal feito) antes que se veren obrigados a responder por ela no día do Xuízo.

Velaí pois virada a medalla: agora será a vez de cantar a palinodia⁵. A obra da que tanto caso fixeran non é xa senón un remexido de andrómenas ridículas, unha morea de farrapos sen xeito nin dereito, un repertorio de contos de fadas para arrolar os meniños, e hai quen, sen coñecer nin a sintaxe, condena o autor a lle levar unha facha ao santo patrón dos tolos.

Este contraste de opinións entre os habelenciosos e os idiotas aumentou a súa sona. Pouco despois, as copias manuscritas vendéronse baixo corda; todo o mundo, e mais o que non é do mundo, é dicir dende o fidalgo ao frade, mercou esta obra; mesmo as mulleres tomaron partido. As familias todas dividíronse e os intereses desta disputa chegaron tan lonxe que a vila enteira fendeu en dúas metades: a lunar e a antilunar.

Estaban, pois, nas escaramuzas da batalla cando unha mañá vin entrar no cuarto de Colignac nove ou dez barbas con capa longa⁶ que de primeiras faláronlle así:

⁴ Igual que na viaxe á Lúa, respectamos nos títulos e nos textos a grafía do autor, que, referíndose ao Sol, á Lúa ou á Terra, unhas veces emprega a maiúscula e outras a minúscula.

⁵ De se retractar.

⁶ “Nobres”.

“-Sabedes, señor, que non hai nesta compañía ninguén que non sexa voso aliado, voso parente ou voso amigo, e que por conseguinte non vos pode acontecer cousa vergoñenta que non nos bata a nós de volta na nosa fronte. Coa mesma informáronnos de fonte segura que dades acubillo a un meigo no voso castelo.

- Un meigo! –exclamou Colignac- O deuses! Dícideme quen é e póñovolo nas vosas mans! Mais cómpre ter coidado que non sexa unha calumnia.

- O que, señor! –interrompeu un dos máis venerábeis- Seica existe un tribunal que entenda de meigos tanto como o noso⁷? En fin, meu querido sobriño, para non vos ter mais tempo en suspenso: o meigo que nós acusamos é o autor dos *Estados e Imperios da Lúa*; el non daría negado que é o meigo máis grande de Europa despois do que el mesmo confesa. Como! Ter subido á lúa! Seica é posíbel sen a intervención de... Non ousou nomear a Besta; porque, dicídeme: que o que ía el facer á lúa?

- Boa pregunta –interrompeu outro – Ía asistir ao sabat que posibelmente se celebraba ese día, e en efecto vedes que houbo xuntoiro co demonio de Sócrates⁸. Despois disto: estrañádesvos de que o Diaño o volvera –como di el- a este mundo? Mais sexa como for –sabedes- tantas lúas, tantas chemineas, tantas viaxes polo aire non valen cousa ningunha, quero dicir nadiña, e entre vós e mais eu (nestas falas achegou a súa boca á orella del) non teño visto nunca un meigo que non tivese comercio coa lúa.”

Despois destes fermosos pareceres calaron, e Colignac ficou tan abraiado coa común extravagancia deles que non puido dar fala ningunha. Ao velo, un venerábel moucho que aínda non falara, dixo:

“- Escoitade, noso parente, sabemos onde o zapato vos manca: o meigo é unha persoa que apreciades. Mais non teñades aprehensión ningunha, en consideración a vós as cousas han ir manseliñamente: non tedes senón que deixalo nas nosas mans e polo amor a vós comprometemos a nosa honra en facelo queimar sen escándalo.”

Ante estas falas, Colignac, aínda termando da barriga cos brazos, non puido deixar de escachar coa risa e botou unha gargallada que non ofendeu pouco a eses señores, de xeito que non deu respondido a ningún punto da arenga senón por medio duns *ha, ha, ha, a, a, a*, ou uns *ho, ho, ho, o, o, o*, co que os nosos señores, moi escandalizados, fóronse (eu diría que con algo de vergoña se esta non lles tivese durado ata Toulouse).

Ao que estiveron fóra, tirei a Colignac para o seu gabinete, onde lle dixen, tan axiña como pechei a porta atrás nosa:

“- Conde, estes embaixadores de pelo longo seméllanme cometas cabeludos: temo que o ruído co que estouparon non sexa o trebón do lóstrego que rebule

⁷ O tribunal de Toulouse condenara en 1619 por meigo, blasfemo e ateo o teólogo e filósofo Lucilio Vanini, que foi queimado despois de lle ser cortada a lingua e de ser estrangulado.

⁸ O dáimon, ou demonio, de Sócrates ten unha forte presenza na viaxe á Lúa.

para caír. Aínda que a súa acusación sexa ridícula -e un posíbel efecto da súa estupidez- non estaría eu menos morto cando unha ducia de persoas habelenciosas que me viran torrar dixese que os meus xuíces son uns parvos. Os argumentos todos con que aquelas probarían a miña inocencia non me habían resucitar e as miñas cinzas estarían tan frías nun sartego como ciscadas na foxa común. Por iso -fóra mellor criterio voso- eu estaría moi ledo de sucumbir á tentación que me suxire de non lles deixar nesta bisbarra máis ca o meu retrato, porque adoecería o dobre morrendo por unha cousa na que apenas creo.”

Colignac, para responder, casemente non tivo a paciencia de agardar que eu dese acabado. Con todo, de primeiras burlouse, mais cando viu que eu o tomaba en serio, exclamou con rostro alarmado:

“- Ei, a morte me valla!. Non vos han tocar nin a puntiña do manto sen que eu, os meus amigos, os meus vasalos e todos os que me estiman, non perezan primeiro. A miña casa é de tal xeito que non a poden forzar sen canón, é unha posición sólida e ben amparada, mais estou tolo ao tomar precaucións contra trebóns de pergamiño.

- As veces cómpre temelos máis ca aos da rexión media.”

De alí en diante non falamos senón de nos aledarmos. Un día cazabamos, outro iamos de paseo, por veces recibiamos visita e por veces eramos nós os que a dabamos. En fin, nós deixabamos sempre cada divertimento antes de que ese divertimento tivese podido anoxarnos.

O marqués de Cussan, veciño de Colignac, home coñecedor das cousas boas, estaba de adoito connosco e nós con el, e para facermos os lugares da nosa estadía aínda máis agradábeis coa nosa mudanza, iamos de Colignac a Cussan e regresabamos de Cussan a Colignac. Os praceres inocentes dos que o corpo é capaz só representaban a parte menor. De todos aqueles que a mente pode atopar no estudo e a conversa, ningún nos faltaba, e as nosas bibliotecas, unidas como as nosa mentes, convocaban os doutos todos á nosa compañía. Mesturabamos a lectura co coloquio, o coloquio co ben comer, este coa pesca ou coa caza, cos paseos e, nunha palabra, gozabamos, por dicilo así, de nós mesmos e de todo o máis doce que a natureza ten producido para o noso uso e non poñiamos senón a razón como límite para os nosos desexos.

Entrementres, a miña reputación, contraria ao meu repouso, percorría as aldeas circundantes e as propias vilas da rexión. Todo o mundo, atraído por ese ruxerruxe, puña o pretexto de vir ver o señor para ver o meigo. Cando eu saía do castelo, non só os rapaces e as mulleres senón tamén os homes, mirábanme como á Besta, maiormente o pastor de Colignac quen, por maleza ou por ignorancia, era en segredo o máis grande dos meus inimigos..

Este home, sinxelo de aparencia e cun entendemento cativo e inocentiño que facía rir polas súas simplezas, era en realidade moi ruín, vingativo a rabiarse, calumniador moito máis ca un normando e tan preiteante que o amor polo preito era a súa paixón principal. Tras litigar moito tempo contra o seu señor a quen el

odiaba (canto máis que o atopara firme ante os seus ataques), temía o seu resentimento e, para evitalo, quixera permutar o seu beneficio eclesiástico. Mais fose que tiver mudado de intención ou só que tiver adiado vingarse de Colignac na miña persoa, durante a estadía que el había facer nas súas terras, esforzábase por convencer do contrario, aínda que as viaxes que facía a miúdo a Toulouse producisen algunhas sospeitas. Alí contaba mil lerias ridículas sobre os meus encantamentos, e a voz deste home malévolo, xuntándose coa dos parviños e os ignorantes, puña o meu nome en abominación.

Só se falaba alá de min como dun novo Agrippa⁹, e soubemos mesmo que por petición do cura –que fora preceptor dos seus fillos- alguén fixera un informe na miña contra. Avisáronnos varias persoas que defendían os intereses de Colignac e do marqués e aínda que o humor groseiro de toda unha bisbarra fose para nós suxeito de asombro e de rexouba, non deixei eu de tomar medo en segredo cando examinaba máis ao preto as noxosas consecuencias que podería ter ese erro. Sen dúbida era o meu bo xenio¹⁰ o que me inspiraba ese medo, alumeaba a miña razón con todas as súas luces para me facer ver o precipicio no que ía eu caír, e, non contento de me aconsellar así tacitamente, quíxose declarar máis expresamente a prol de min.

Unha noite das máis ruíns que endexamais tiven, e que sucedera a un dos días máis agasalleiros que pasamos en Colignac, erguinme tan cedo como o abrete, e para facer esvaece as inquiredanzas e as nubes que aínda toldaban a miña mente, entrei no xardín no que a vexetación, as flores e os froitos, o artificio e a natureza, encantaban a alma a través dos ollos, cando no mesmo instante dexerguei o marqués que estaba a pasear –el só- por unha grande avenida que cortaba a herba en dúas partes. Camiñaba devagariño con rostro caviloso. Sorprendeume ben velo tan mañanceiro contra o seu costume, polo que fun axiña cara a el para lle preguntar a causa. Respondeume que uns ruíns soños que o traballaran obrigárano a vir máis cedo ca acotío para curar co día un mal que lle causara a escuridade. Eu confeseille que unha coita semellante me impedira a min durmir e íalle contar os detalles cando, no momento de abrir a boca, á beira dunha sebe que se cruzaba coa nosa, dexergamos a Colignac que camiñaba ás alancadas. De tan lonxe como nos dexergou, exclamou:

“- Estadés a ver un home que acaba de escapar das máis espantosas visións coas que o cerebro pode dar voltas en espectáculo. Aínda ben non dera posto o meu colete¹¹, cando baixei para volo contar, mais nin un nin outro estabades xa nos vosos cuartos. Por iso vin correndo ao xardín, supondo que estariades nel.”

Efectivamente, o pobre do fidalgo estaba case sen folgos. Tan axiña como os recuperou, animámolo a que se descargase dunha cousa que, por máis que a miúdo sexa moi lixeira, non deixa de pesar moito.

⁹ Heinrich Cornelius Agrippa ou Agrippa de Nettesheim (1486-1535), médico, filósofo e científico, é unha das máis grandes figuras intelectuais do seu tempo e das máis coñecidas do esoterismo. Xa foi citado por Cyrano nos *Estados e Imperios da Lúa*.

¹⁰ Xenio protector, como o dáimon de Sócrates que protexe ao protagonista no anterior relato da viaxe á Lúa.

¹¹ Antiga prenda masculina, con mangas ou non, que cubría o torso, do pescozo ao van.

“- É o meu degoro –replicounos- mais denantes vámonos sentar.”

Un emparrado de xasmín forneceunos oportunamente frescura e asento; abeirámonos alá e, tras nos termos posto ben a xeitiño cada un, Colignac proseguíu así:

“- Saberedes que despois de dous ou tres soños nos que me atopei en moitos apuros, no que tiven arredor do crepúsculo da aurora semelloume que o meu benquerido convidado que está aquí atopábase entre o marqués e eu, que o abrazabamos moi forte, cando un gran monstro mouro, formado só de cabezas, véunolo arrancar de súpeto. Penso que mesmo ía guindalo nunha fogueira que había alá a rente, pois estaba a arrandealo por riba das labaradas; mais unha mociña semellante á musa chamada Euterpe deitouse perante unha dama á que exhortou a salvala (esta dama tiña o aspecto e os trazos que utilizan os nosos pintores para representaren a Natureza). Apenas esta tivo ocasión de escoitar os pregos da súa servidora, gritou toda asombrada: “Malpocado! É meu amigo!”. Decontado levou á boca unha especie de tutelo, e soprou tan forte polo buraco so os pés do meu benquerido convidado que o fixo subir polo ceo e o protexeu das crueldades do monstro de cen cabezas. Eu corrín berrando atrás del moito tempo, paréceme, e exhorto a que non se fose sen min, cando unha infinidade de anxiños redondechos que dicían ser fillos da aurora me levaron ao mesmo país ao que el parecía voar e fixéronme ver cousas que non vos vou contar porque as teño por absurdas de máis.”

Nós pedímoslle que non deixase de nolas dicir.

“- Maxinei - proseguíu- que estaba no sol, e que o sol era un mundo. Aínda agora seguiría no engano se non rinchase o meu cabalo berberisco, que ao me acordar fíxome ver que eu estaba no meu leito.”

Cando o marqués viu que Colignac rematara, dixo:

“- E vós, señor Dyrcona: que soñastes vós?

- Ao meu soño -respondín eu- aínda que non sexa dos vulgares, non lle dou importancia ningunha. Son bilioso e melancólico e por causa diso desde que estou no mundo os meus soños representaron sen cesar covas e lume. Nos meus mellores anos, cando durmía, parecíame que me volvera lixeiro e que ascendía ás nubes para esquivar a rabia dunha grea de asasinosa que me perseguían, mais que ao cabo dun esforzo moi longo e moi forte aparecía sempre algún muro -despois de ter voado por riba de moitos outros- ao pé do que, derreado pola angueira, non deixaban de me pillar. Ou ben, se eu maxinaba coller pulo, dereitiño cara a arriba, aínda que tivese nadado polo ceo cos brazos moito tempo non deixaba de me atopar sempre rente da terra. E contra toda razón, sen que me parecese terme volto canso nin pesado, os meus inimigos non tiñan senón que tender a man para me colleren polo pé e me tiraren cara a eles.

Practicamente non tiven senón sonos semellantes a este desde que son consciente, non sendo que esta noite, despois de ter voado durante moito tempo como de costume e de me ter escapado varias veces dos meus perseguidores, pareceume que ao final os perdín de vista e que nun ceo limpo e moi claro, aliviado o meu corpo de toda pesadez, proseguín a miña viaxe ata un palacio no que se concertan a calor e a luz. Tería sen dúbida reparado en ben outras cousas, mais a miña axitación por voar achegárame tanto ao beiril do leito, que caín ao carón deste co bandullo espido contra o chan e cos ollos todos arregalados. Velaí, señores, de punta a couce, o meu soño, que eu tomo só como un puro efecto desas dúas cualidades que predominan no meu temperamento, porque -aínda que este difira un pouco dos que me acontecen sempre no feito de eu ter voado ata o ceo sen caír de novo- apóiñolle ese cambio ao sangue, que se espallou pola alegría dos nosos praceres de onte, máis abondosa ela que de adoito, e furou a melancolía tirándolle, ao levantala, esa pesadez que me facía ir de volta para abaixo. Mais, despois de todo, é unha ciencia na que hai moito por adiviñar.

- A fe que tedes razón -seguíu Cussan- é un remexido de todo o que temos pensado cando estabamos espertos, unha monstruosa quimera, un xuntoiro de cousas mesturadas que a fantasía, que durante o adormecer xa non está guiada pola razón, nos presenta de xeito desordenado. E mais nós, retorcéndoas, coidamos espremer o seu verdadeiro sentido, e tirarmos dos soños como dos oráculos unha ciencia vindeira, cando -abofé- eu non atopaba niso ningunha concordancia senón que os soños, igual ca os oráculos, non poden ser comprendidos. Emporiso, xulgade polo meu -que non é nada extraordinario- do valor dos outros. Eu soñei que estaba moi triste, atopaba por todos os recunchos a Dyrcona, que andaba a chamar por nós. Mais, sen me entrambilicar os miolos na explicación destes negros enigmas, vovos desenvolver en dúas palabras o seu sentido místico. A fe que para min ven sendo que en Colignac sóñase moi mal e que -se me credes- imos ir tratar de soñar mellor en Cussan.

- Vamos, logo -díxome o conde- pois que este derrama-festas ten tantas ganas."

Decidimos de marchar no outro día. Eu pregueilles que fosen indo de diante porque tería moito gusto (xa que, como eles acordaran, habíamos pasar un mes) en facer levar alá algúns libros. Cadraron conformes e tan axiña almorzamos, pousaron o cu enriba da sela. Abofé que, entrementres, eu fixen un envurullo cos volumes que imaxinei non estaren na biblioteca de Cussan e cargueino nun mulo, saíndo contra as tres montado nun bo corredor. Eu só ía ao paso, para así poder acompañar a miña pequena biblioteca e arrequecer o meu espírito co maior lecer das liberalidades da miña vista. Mais escoitade unha aventura que vos ha sorprenden.

Avantara ben catro leguas cando me atopei nunha bisbarra que eu pensaba sen dúbida ningunha ter visto noutra parte. Efectivamente, pedinlle tanto á miña memoria de me dicir de onde coñecía eu esta paisaxe, e a presenza dos obxectos que excitaban as imaxes, que me lembrei de que era mesmamente o lugar que vira en soño a noite pasada. Ese estraño encontro tería ocupado a miña atención máis tempo do que a ocupou, sen unha estraña aparición que me espertou. Un espectro

(cando menos eu tomeino por tal), presentándoseme no medio do camiño, colleu o meu cabalo pola brida. A estatura deste fantasma era enorme, e, polo pouco que aparecía dos seus ollos, tiña unha mirada triste e esguira. Con todo, eu non daría dito se era ben-feito ou mal-tallado porque un manteo longo tecido con follas dun libro de canto chan¹² cubríao ate as unllas e tiña agachada a faciana cun cartón no que escribiran o *In principio*¹³. As primeiras palabras que o fantasma proferiu todo estarecido foron “*Satanus Diabolas!* Esconxúrote polo omnipotente Deus vivo...”

Nestas palabras vacilou, mais –seguindo a repetir “o omnipotente Deus vivo” e buscando cun rostro entolecido o seu pastor para que lle soprara o resto- cando viu que, ollase para onde ollase, o seu pastor non aparecía, pillouno tan arrepiante tremor que, a poder de bater, caíronlle a metade dos dentes, e os dous terzos da escala musical, so os que xacía, escachizáronse en papelotes. Porén virose cara a min, e cunha ollada nin donda nin esguira, na que eu vía o seu espírito a aboiar para decidir o que sería máis axeitado, se se encarraxar ou se endondecer, dixo:

“-Ei, *Satanus Diabolas!* Polo sangue de...! Esconxúrote en nome de Deus e do señor San Xoán a me deixares facer! Porque se moves un pé ou unha pata, léveme o demo se non che como os angumiños!”

Eu e mais el turrabamos pola brida do meu cabalo, mais as gargalladas que me afogaban arrancáronme a forza toda. Engadide a iso que unha cincuentena de aldeáns saíron de tras dun valo, camiñando a xeonllos e esganizándose a cantar *Kyrie Eleison*. Des que estiveron preto de abondo, catro dos máis varudos –despois de teren remollado as mans nunha pía de auga bendita que o servidor do presbiterio levaba expresamente- colléronme polos colariños. Aínda non me prenderan cando vin aparecer o señor cura, que se espiu devotamente da súa estola, coa que me amarrou, seguido dunha recovaxe de mulleres e rapaces que malia a miña resistencia total coséronme nun pano grande; fóra iso quedei tan ben envolvemento que non se me vía máis ca a cabeza.

Nese equipamento leváronme a Toulouse igualiño que me terían levado á tumba. E tanto un clamaba que sen iso ía haber lareca –porque cando eles me atoparan, seguro que eu estaba a piques de lles botar o mal de ollo ás agras- como escoitabas outro que se laiaba porque o mormo do gando non comezara na súa cortella senón un domingo no que ao saír das vésperas eu lle dera unhas palmadiñas no lombo. Mais o que malia todos os meus desastres me fixo unhas cóchegas que me moveron a rir, foi o berro arrepuñado dunha labradoriña para o seu mozo, que viña sendo o fantasma que pillara o meu cabalo (pois habedes saber que o langrán escanchapernárase enriba e calcáballe arreo as esporas como se fose del):

“- Malpocado! –cuincaba a namorada- Seica estas chosco? Non ves que o cabalo do meigo é máis negro ca o carbón e que é o mesmo demo que te leva ao sabat?”

¹² Canto gregoriano.

¹³ O comezo do evanxeo de San Xoán (*In principio erat verbum*).

O noso toutizo, co espanto, foi de fociños por riba da grupa, quedándolle vía libre ao meu cabalo.

Eles deliberaron se se habían apoderar do mulo e decidiron que si, mais ao desfaceren o paquete e abriren o primeiro volume atopáronse con que era a Física do señor Descartes e viron os círculos todos cos que este filósofo caracterizou o movemento de cada planeta. Entón todos, a unha soa voz, puxéronse a ouvear que eran os circos que eu trazaba para chamar por Belcebú. O que termaba del, co temor, deixouno caír e, por desgraza, cando bateu no chan abriuse por unha páxina onde se explican as virtudes do imán, e digo por desgraza pois que no lugar do que estou a falar hai unha figura desta pedra metálica na que os corpiños que se desprenden da súa masa para se fincaren no ferro son representados en forma de brazos. Apenas a viu un destes loubáns sentín que se esganaba a dicir que ese era o sapo atopado no bebedoiro da corte do seu curmán Fiacre cando lle morreron os cabalos. A esta fala, aqueles que semellaban máis afervoados envaiñaron as mans no seu seo ou enluváronas na faltriqueira. O señor cura, pola súa banda berraba a torto e a dereito que non tocasen cousa ningunha, que todos eses libros eran puros grimorios¹⁴ e o mulo un Satanás. A gandaiada, estarrecida, deixou marchar o mulo en paz. Con todo vin como Mathurine, a criada do señor cura, o botaba cara á cabalariza do presbiterio, temendo que entrase no cemiterio e profanase a herba dos defuntiños.

Eran ben as sete do serán cando chegamos a un burgo no que, para me refrescar, chimpáronme na gaiola. Porque o lector non me había crer se eu dixera que me enterraron nun buraco, e mais é certo que nun pinchacarneiro dei visitado toda a súa extensión. En fin, non hai ninguén que, ao me ver neste lugar, non me tería tomado por unha candeia acesa so unha ventosa. Tan axiña como o meu carcereiro me botou nesta furna, díxenlle eu:

“- Se me dades esta roupa de pedra por hábito é ancho de máis, ora ben se é por sartego é de máis estreito. Aquí non se poden contar os días se non é por noites; dos cinco sentidos non me quedan senón dous: o olfacto e o tacto, un para facerme cheirar os fedores da miña prisión, e o outro para ma facer palpábel. De certo que vos confeso: coidaría que son un condenado do Inferno se non soubese que alí non entran inocentes.”

Con esta palabra de *inocente* o meu carcereiro escachou a rir e dixo:

“- Abofé que sodes dos nosos porque nunca tiven pechados coa miña chave outros que non o fosen.”

Despois doutros cumprimentos desta natureza, o bo do home tomou o traballo de me cachear, non sei con que intención, mais polo moito que se aplicou aventuro que era polo meu ben. Resultando inútiles as súas procuras (dado que durante a batalla de *Diabolas* eu fixera escorregar o meu ouro nas calzas) cando, ao cabo dunha exactísima anatomía, se atopou coas mans tan baleiras como dantes, houben morrer co medo igual que el pensou morrer coa dor.

¹⁴ Libros de maxia.

“- Ei, polos cravos de Cristo! –berrou con espuma na boca- Ben o vin de primeiras que era un bruxo: é laceirento como o Demo. Veña, veña, compañeiro –seguiu- pensa, logo, na túa conciencia.”

Aínda non rematara el estas falas cando eu sentín o repenique dun mazo de chaves no que el escollía a do meu alxube. Estaba de costas a min, e eu, temendo que se vingase do infortunio da súa visita, tirei habilmente do seu agocho tres ducados e díxenlle:

“- Señor porteiro, velaí un ducado: suplicovos que me traiades un anaco, pois non comín desde as once.”

Colleuno con moito xeito e prometeume que a miña desgraza o conmovía. Cando tiveron claro que o seu corazón se doía, continuei:

“- E velaí outro máis, en recoñecemento do traballo que me avergoño de vos causar.”

Abriu a orella, o corazón e a man, e eu engadín –contándolle tres en lugar de dous- que por ese terceiro suplicáballe trouxera rente de min un dos seus mozos para me acompañar, porque os malfadados deben temer a soidade.

Encantado da miña prodigalidade prometeume todas esas cousas, abrazoume os xeonllos, clamou contra a xustiza e díxome que ben vía que eu tiña inimigos, mais que había recuperar a honra, que tivese azos e que polo resto el comprometíase, antes de que pasasen tres días, a que eu tivese limpa a roupa¹⁵. Agradecinlle moi seriamente a súa cortesía e despois de mil apertas nas que pensei que me esganaba, este benquerido amigo pasoulle á porta o ferrollo e volveullo pasar.

Quedei totalmente só e todo morriñento, co corpo deitado en redondo riba dun feixe de palla moída; con todo, esta non era tan miúda que non a puidesen rillar aínda máis de cincuenta ratas. A bóveda, os muros e o chan estaban formados por seis pedras tumbais a fin de que, ao ter a morte enriba, debaixo e de arredor de min, non dubidase eu do meu enterro. A fría baba das lesmas e a pegañenta pezoña dos sapos escorríanme pola faciana; alí os piollos tiñan os dentes máis longos ca o corpo. Eu víame xa traballado pola pedra, que non me facía menos mal por ser externa; en fin, coido que para ser Xob faltábame só unha muller e unha tella¹⁶.

Porén, vencín alá a enteira duración de dúas horas moi difíciles, cando o ruído dun cento de chaves, unido ao dos ferrollos da porta me acordou da atención que lle estaba a prestar ás miñas dores. A seguido da estarabouza, dexerguei, ao claror dunha lámpada, un rexo matulán que descargou unha barreña enriba das miñas pernas.

¹⁵ En sentido propio, porque os presos de clase alta tiñan ese privilexio, e mais en sentido figurado (estar limpo ante a xustiza).

¹⁶ Ver Biblia, *Libro de Xob*, II, 7-10.

“-Ei ei! –dixo¹⁷- Non vos atormentedes, velaí tedes caldo de verzas que inda que fose... Tanto ten, é a propia sopa da nosa ama. E máis, afellas –como di o outro- non lle tiraron unha pinga de unto.”

Dicindo iso, mergulla os seus cinco dedos ata o fondo, para me invitar a eu facer outro tanto. Traballei seguindo o orixinal por medo a que el perdese o azo, e exclamou con ollos de xúbilo:

“- Sangue de Cri.... sodes un irmán! Seica vos teñen moita invidia. Arrenego, son treidores! Si, pardiola, treidores. Ai, ho, que veñan ver, logo! Vaiche boa a danza!”

Esta simpleza encheume a gorxa de risa dúas ou tres veces. Con todo, alegreime ben de non botala fóra. Eu vía que a Fortuna semellaba ofrecermes con este loubán unha ocasión para a miña liberdade, por iso era para min moi importante gañar os seus favores, porque o que é escapar por outros camiños, o arquitecto que construíu a miña prisión, tras ter feito varias entradas, non se lembrara de lle facer unha saída. Todas estas consideracións motivaron que, para sondalo, eu lle falase así:

“- Ti es pobre, meu querido amigo, non si?

- Malfadado de min, señor! –respondeu o langrán- mesmo que viñerades de consultar o adoviño non habiades acertar millor.

- Ten, logo –seguín eu- colle este ducado.”

Atopei que a man lle tremía tanto, cando llo metín nela, que apenas a deus pechado. Ese comezo semelloume un mal agoiro; con todo ben axiña souben, polo fervor dos seus agradecementos, que fora unicamente de alegría. Por iso seguí:

“- Mais se foses home a participar en que se cumprise un ofrecemento que eu teño feito, vinte ducados (a máis da salvación da túa alma) serían tan teus como o é o teu sombreiro, pois tes que saber que aínda non hai un cuarto de hora -un momentíño antes de ti chegares, logo- un anxo se me apareceu e prometeume facer recoñecer a xustiza da miña causa, con tal de que eu fose mañá facer dicir unha misa no altar maior da igrexa principal deste burgo. Eu quixen desculparme co feito de que estaba pechado con sete ferrollos, mais el respondeume que había de vir un home enviado polo carcereiro para me facer compañía, e que non tería máis que lle ordenar da súa parte que me conducise á igrexa e despois me trouxera de volta á prisión; que eu lle mandase telo en segredo e que obedecese sen replicar, so pena de morrer no decurso do ano, e que se o tal home dubidaba, que llo comunicase eu ao capítulo da confraría do escapulario, da que el é membro.”

¹⁷ O langrán ten trazos moi marcados de fala pouco coidada e instruída.

Ora ben, o lector debe saber que un pouquiño antes eu entrevira, pola abertura da súa camisa, un escapulario que me suxeriu tecer a historia da aparición.

“- Si, ho, meu señoriño –dixo el- hei facer como o anxeo dispuxo. P’ro ten que ser ás nove porque o amo ha estar en Toulouse para acordar a voda do seu fillo coa filla do executor das altas obras¹⁸. Sandioliña, escoitade, o verdugo tamén ten un título como calquera bichiño. Disque que o pai lle vai dar pr’ela, polo casamento, tantos escudos como val o rescate dun rei. Afella que che é guapa e rica p’ro eses bocados non son pr’un mozo probe. Non, ho, meu señoriño! E mais vouvos contar...”

Non deixei de o interromper nese momento pois presentía, por ese comezo de digresión, unha longa enfiada de disparates. Daquela, despois de termos dixerido a nosa allada, o langrán tomou licenza de min.

Non deixou de me vir desenterrar, no outro día, xustiño á hora prometida. Eu deixei a miña roupa na prisión e vestinme con farrapos, para non ser recoñecido, como acordamos na véspera, Tan axiña como estivemos ao aire libre, non me esqueceu de lle contar os seus vinte ducados. El mirounos moito, arregalando os ollos.

“- Son de ouro, e macizos –díxenlle eu-. Palabra.

- Si, ho! Non é niso no que penso, meu señoriño –replicoume- Estou a pensar que está á venda a casa de Macé o gordo, c’a súa horta e a súa viña. Heime facer con ela por uns dous centos francos. Cómprenme oito días para facer a merca, e quixera pedirvos, meu señoriño, se vos quixerades, que fixerades que ata que Macé o gordo non os teña ben contados na súa arquíña, que non se volvan bogallas de carballo¹⁹.”

A simpleza deste pillabán fíxome rir. Entrementres, seguimos camiñando cara á igrexa, á que chegamos. Pouco despois comezou nela a misa maior, mais tan logo como vin que o meu gardián se erguía do seu lugar para ir á ofrenda, alanquei a nave en tres choutos, e noutros tantos perdinme axiña por unha ruela desviada. De todos os diferentes pensamentos que me abalaron nese instante, o que seguí foi o de ir para Toulouse, do que este burgo non distaba máis ca unha media legua, coa idea de alá coller a dilixencia.

Cheguei aos arredores correndiño. Mais tomei tanta vergoña ao ver que todos miraban para min que perdín a compostura. A eles estrañáballes o meu equipamento, porque como en materia de laceira eu era bastante novo, vestira os meus cerellos dun xeito tan estraño que, xunto cun camiñar que non cadraba ben coa roupa, parecía eu menos un pobre que un choqueiro, canto máis que pasaba rápido, cos ollos baixos e sen pedir esmola. Ao final, considerando que unha tan universal atención me ameazaba cunha continuación perigosa, superei a miña

¹⁸ O verdugo.

¹⁹ Porque se lles atribuíña aos *meigos* ese engano, froito dos seus *poderes*.

vergoña. Tan axiña como eu vía alguén que miraba para min, estendíalle a man. Exhortaba á caridade mesmo aos que non miraban para min.

Mais admire como, moitas veces, por quererdes adobiar con excesiva circunspección os propósitos nos que a Fortuna quere participar, arruinámoslos ao irritarmos esa orgullosa. Fago esta reflexión tocante á miña aventura, porque –ao ter dexergado un home vestido como un burgués medio, que estaba de costas a min- dixen tirándolle do manto:

“-Señor, se a compaixón vos conmove...”

Inda non encetara eu a palabra que viña despois cando este home volveu a cabeza. Ai Deuses! O que foi? E si, Deuses! O que ía ser? Aquel home era o meu carcereiro. Quedamos os dous abraídos de admiración ao nos vermos onde nos víamos. Eu estaba enteiriño nos seus ollos e el enchía todo o meu ollar. Finalmente, o interese común, aínda que ben diferente, tirounos un e outro do éxtase no que nos mergulláramos.

“- Ai, coitado de min! –exclamou o carcereiro- Acabarán pillándome?”

Esta frase de dobre sentido inspiroume axiña a estrataxema que ides escoitar.

“- Ei! Acudide, señores! Acudídelles á Xustiza! – ouleei tanto como puiden berrar. Este ladrupeiro roubou as pedrarías da condessa de Mousseaux. Ando atrás del dende hai un ano. Meus señores –según con fogaxe- cen ducados a quen o pille!”

Inda ben eu non ceibara estas palabras, unha chea de gandaiada chimpouse sobre o pobre pasmado. O asombro no que a miña extraordinaria desvergoña o deixara - unido á súa crenza de que sen eu ter penetrado sen fraccionamento (igual que un corpo glorioso²⁰) os muros do meu alxube, non podería ter escapado- fíxolle estar fóra de si un bo anaco. Con todo, ao final recuperouse e as primeiras falas que deu para desenganar ao pobo miúdo foron que tivesen conta de non se confundir, que el era un home de alta honra. Sen dúbida ningunha ía desvelar todo o misterio, mais unha ducia de froiteiras, de lacaios e de palanquineiros²¹, arelantes de me servir polos meus cartos, pecháronlle a boca a puñadas. E tanto como se figuraban que a súa recompensa sería medida polas aldraxes coas que eles fenderían este pobre apupado, cadaquén corría a tocalo co pé ou coa man.

“- Home de alta honra! Si, ho! – ladraba aquela xentalla- E mais ben dixo, des que recoñeceu o señor, que o ían pillar.”

O bo do conto é que o meu carcereiro, coa súa roupa de gala, tiña vergoña de que soubesen que era sancristán do verdugo, e que mesmo tiña medo de que, de ser descuberto, aínda lle metesen unha boa zoupada.

²⁰ Tomás de Aquino fala das propiedades deste corpo na *Suma contra xentís*.

²¹ Porteadores de *palanquíns*, cadeiras con varais diante e detrás que eran levadas a ombreiros por dous mozos de servizo.

Canto a min, toquei a andar no momento máis quente da liorta. Chameilles aos pés compañeiros e eles axiña me levaron a lugar seguro. Mais, para a miña desgraza, a ollada que todo o mundo comezaba a me botar volveume á miña alarma primeira. Se o espectáculo de cen farrapos, que como unha grea de rillotiños se acaneaba bailando ao meu arredor podía incitar un pasmón a mirar para min, moito me temo que este non lese na miña fronte que eu era un preso fuxido. Se un camiñante tiraba a súa man de so o manto, eu figurábame que el era un alguacil que alongaba o brazo para me prender. Se reparaba noutro, alancando as lousas sen cruzar sobre min os seus ollos, eu convencíame de que estaba finxindo non verme para me pillar por tras. Se dexergaba un comerciante entrando na súa tenda, eu dicía. “Vai descolgar a súa alabarda!”. Se atopaba un rueiro máis cargado de xente ca de adoito, pensaba: “Tantas persoas non se xuntaron sen unha intención!”. Se outro estaba baleiro: “É un ichó”. Se un obstáculo me impedía avanzar: “Atrancaron a rúa para me pechar!”. En fin, como o meu medo desviaba a miña razón, todo home semellábame un arqueiro, toda palabra un “Alto!”, e todo ruído o insoportábel roñido dos ferrollos da miña pasada prisión.

Traballado así por ese terror pánico, decidín seguir pedindo esmola, a fin de atravesar sen sospeita o resto da cidade ata chegar á dilixencia, mais por temor de que me recoñecesen pola voz, engadín ao exercicio do esmoleiro a destreza de arremedar o mudo. Avanzo, logo, cara os que vexo que me miran, chanto un dedo so o queixelo e despois sobre a boca, e ábroa bocexando, cun berro inarticulado, para facer entender coa miña carantoña que un pobre mudo pide esmola. Por caridade, quer me daban unha palmadiña compasiva no lombo quer metíanme no puño unha faragulla ou sentía as mulleres borboriñar que se cadra en Turquía me martirizaran dese xeito pola fe. En suma, aprendín que a esmolaría é un gran libro que nos ensina os costumes dos pobos máis barato ca todas esas viaxes de Colón e de Magalhães.

Con todo, esta estrataxema non deu cansado a teimosía do meu fado nin vencido á súa ruín natureza. Mais: a que outra invención podía eu recorrer? Porque, de atravesar unha cidade grande como Toulouse, na que o meu retrato me fixera coñecer mesmo polas peixeiras, pintorreado con farrapos tan rechamantes como os dun arlequín: seica non era verosímil que había ser observado e recoñecido ao dereitiño, e que o contra-encanto deste perigo era o personaxe de laceirento que se representa con toda sorte de rostros? E se esta astucia non fora preparada con toda a circunspección que debía acompañala, penso que no medio de tan funestas conxunturas o feito de non tolear demostraba ter o xuízo ben forte.

Ía, daquela, camiño adiante, cando de súpeto sentínme obrigado a retroceder, porque o meu venerábel carcereiro e unha ducia de arqueiros coñecidos seus –que o tiraran das mans da xentalla e andaban a patrullar en grea por toda a cidade para me atopar- se atoparon por malfado na miña andaina.

Tan logo como me albiscaron cos seus ollos de lince, voaren eles con toda a súa forza e eu coa miña foi a mesma cousa. Perseguíanme tan lixeiros que por veces a miña liberdade sentía no meu pescozo o alento dos tiranos que a querían asoballar; mais semellaba que o aire que eles puxaban ao correr botábame a min

por diante deles. Ao final, o ceo ou o medo déronme catro ou cinco rúas pequenas de vantaxe. Foi entón cando os meus perseguidores perderon oe as pegadas e eu a visión e o batifundio desta inoportuna cazaría.

De certo que quen non experimentou realmente semellantes agonías dificilmente pode medir a alegría que me abalou cando dei escapado. Porén, como a miña salvación me quería enteiriño, decidín administrar moi avarentamente o tempo que aqueles consumían en me acadar. Enfarrusquei a faciana, enzoufei os cabelos con poeira, despín a camisa, baixei o calzón, botei o chapeu por unha bufarda, e despois, tras estrar no enlousado o pano do nariz e pousar nas puntas del catro pedriñas, como os enfermos contaxiosos, deiteime fronte por fronte, co bandullo contra o chan, e con voz magoada púxenme a laiar desfalecidamente. Acababa de me poñer alí cando sentín os gritos daquel rouco populacho moito antes que o ruído dos seus pés, mais aínda tiven siso abondo para me manter na mesma postura esperando que non me recoñecesen. E non me enganei porque, ao me tomaren todos por un apestado pasaron a toda velocidade, tapando o nariz, e os mais deles botáronme un pataco no meu pano.

Esvaída así a treboada, entro nunha avenida, poño de novo a miña roupa e abandónome outra vez á Fortuna, mais tanto eu corra que ela cansara de me seguir. Cómpre crelo así porque a poder de atravesar prazas e encrucilladas, de empatar e cortar rúas, ao non estar esa gloriosa deusa afeita a camiñar tan rápido, para mellor me aforrar a marcha, deixoume caír cegamente nas mans dos arqueiros que me perseguían. Ao nos toparmos fulmináronme cun apupo tan furioso que quedei xordo. Eles coidaron non ter brazos dabondo para me prender polo que utilizaron os dentes, e aínda así non estaban seguros de me suxeitaren: un arrastrábame polos cabelos, outro polo colete, en tanto que os menos entusiastas me cacheaban. A procura foi máis feliz ca a da prisión: atoparon o resto do meu ouro.

Cando estes caritativos médicos se ocupaban en curar a hidropisía da miña falchoca,²² levantouse un gran rebumbio, toda a praza resoou con estas palabras: “*Matar! Matar!*” e ao mesmo tempo vin brillar espadas. Os señores que me arrastraban berraron que eran os arqueiros do Gran Preboste que lles querían roubar esa captura.

“- Tede conta de non cairdes nas súas mans -dixeron turrando de min moito máis ca de adoito- porque vos habían condenar en vinte e catro horas e o rei non vos había salvar.”

Con todo, ao final, aterrorizados eles propios pola baralla que comezaba a chegar ao seu rente, abandonáronme tan universalmente que quedei só no medio da rúa namentres que os agresores facían unha carnizaría con todo o que atopaban de diante.

²² *Hidropisía* era o nome dado a unha doenza provocada por acumulación de líquidos en distintas zonas do corpo, maiormente no abdome, e cursaba con inchazo da zona afectada. A ironía cyraniana maniféstase nese “tratamento médico” dos captores do protagonista desinchándolle a faldriqueira, “curándoo”, logo, ao lle tiraren os cartos.

Déixovos a vós que pensedes se emprendín a fuxida, eu que tiña que temer tanto un como outro bando. En pouco tempo afasteime da briga, mais cando preguntaba polo camiño cara á dilixencia, un río de xente que fuxía da lea desmbocou na miña rúa. Ao non poder resistir á multitude, seguina e, farto de correr tanto tempo, metínme finalmente por unha portiña moi escura, pola que me botei a monte-feixe con outros escapados. Des que entramos, puxémoslle a tranca, e despois de todo o mundo coller folgos, dixo un da tropa:

“- Compañeiros, facédeme caso, pasemos os dous portelos e resistamos no patio do cárcere.”

Esas estarrecedoras palabras zouparon nos meus ouvidos cunha dor tan extraordinaria que coidei caír morto na praza. Malpocado de min! De contadiño (mais era xa tarde de máis) decateime de que en lugar de me salvar nun abeiro como eu cría, viñera lanzarme eu mesmo na prisión, tan imposíbel é que un escape da vixilancia da súa estrela. Observei ese home máis atentamente e recoñecino como un dos arqueiros que tanto tempo correran detrás de min. A suor fría subíume á fronte e púxenme pálido, a piques de me desmaiar. Os que me viron tan feble, movidos á compaixón, pediron auga; todos se achegaron para me socorrer e por malfado aquel maldito arqueiro foi dos que máis présa se deu; aínda ben non deitara os ollos sobre de min cando me recoñeceu decontado. Fíxolles un aceno aos seus compañeiros e ao mesmo tempo saudoume cun “Fágovos preso en nome do rei”. Non foi preciso ir máis lonxe para me meteren na cadea.

Permanecín no rexistro de entrada ate o serán. Alí, cada gardián, por medio dunha exacta disección das partes da miña cara, viña tirar o meu retrato no lenzo da súa memoria.

Ás sete en punto, o ruído dun mazo de chaves deu o sinal do retiro. Preguntáronme se quería que me levaran ao cuarto dun ducado e eu respondín baixando a testa:

“- Daquela, diñeiro!” – replicoume ese guía.

Comprendín que estaba nun sitio onde tería que tragar moito, por ese motivo rogueille que –no caso de que a súa cortesía non puidese decidirse a me dar crédito ata o outro día- lle dixese da miña parte ao carcereiro de me devolver as moedas que me colleran.

“- Si, ho! –respondeu o loubán ese- De saúde ándache moi ben, o noso amo: non devolve nadiña! Seica polo voso distinguido nariz...? Veña, vamos, vamos! Aos alxubes negros!”

En rematando estas palabras, amosoume o camiño cun forte golpe do seu mazo de chaves; a pesadez deste fíxome caír de cu e escorregar para abaixo dende o pericoto dunha costa escura até o límite dunha porta que me parou. E aínda eu non daría recoñecido que o era, sen o bloucazo co que batín nela, pois xa non tiña os meus ollos, que quedaran no alto da escaleira so a imaxe dunha candeia que sostiña, oitenta chanzos por riba de min, o meu verdugo guieiro. Finalmente ese

home-tigre, após baixar *pian piano*, desencerellou trinta grosas pechaduras, descolgou outras tantas barras e, co portelo só entreaberto, cunha sacudidela de xeonllo, arreboloume neste foxo do que non tiven tempo a captar todo o horror, tan rápido tirou el da porta. Fiquei no trollo ate os xeonllos. Se eu coidaba chegar á beira, afondaba ata a cintura. O arrepiante croallar dos sapos que patuxaban no bulleiro facíame desexar de ser xordo; sentía os lagartos subiren ao longo das miñas pernas, as cóbregas enroscárense no meu pescozo e albisquei unha, no sombrío claror das súas meniñas escintilantes, que dende a súa gorxa toda negra de pezoña lanzaba o dardo dunha lingua de tres puntas semellante, pola súa brusca axitación, a un lóstrego no que os seus ollos plantaban lume.

Non dou expresado o resto: ultrapasa todo creto, e mais non ousou tratar de relembralo, tanto temo eu que a certeza na que penso estar de ter franqueado a miña prisión non sexa senón un soño do que vou acordar. A agulla marcara as dez no reloxo da torre maior antes de que ninguén tivese petado na miña tumba. Mais arredor dese momento –cando xa a dor dunha agre tristura comezaba a me oprmir o corazón e desordenar ese xusto acordo que dá a vida- sentín unha voz que me exhortaba a coller a vara que me tendían. Despois de, no medio da escuridade, ter atoutiñado moito no aire para podela atopar, dei cunha punta, pilleina todo conmovido, e o meu carcereiro, a poder de tirar pola outra cara a si, pescoume do medio deste lamazal. Supuxen que os meus asuntos tomaran outra cara, pois tivo para min profundos cumprimentos, faloume descubrindo a testa e díxome que cinco ou seis persoas de alta condición agardaban no patio para me ver. Non era agora aquela besta parda que me pechara na cova que vos veño de describir. Tivo a desvergoña de me recibir cun xeonllo no chan e, despois de me bicar as mans, cunha das súas patas tiroume unha chea de limachas que se pegaran aos meus cabelos mentres que coa outra fixo caír unha morea de sambesugas que me cubriran a faciana toda.

Despois de tan admirábel miramento, díxome:

“- Cando menos, meu benquerido señor, lembraivos dos traballos e os coidados que tomou por vós Nicolás o gordo. Pardiola, escoitade : como se fose polo rei! Non volo teño a mal, non ho!”

Alporizado polo arroallo do loubán, fíxenlle o aceno de que me había lembrar. Por un milleiro de espantosas reviravoltas cheguei por fin á luz, e despois ao patio onde, tan axiña como entrei, dous homes me colleron, sen que de primeiras puidese recoñecelos dado que se botaran enriba de min ao mesmo tempo e me suxeitaban un e mais outro coa face chantada contra a miña. Estiven moito tempo sen adiviñar quen eran, mais, des que os enlevos da súa amizade deron algo de tregua, recoñecín a Colignac e o meu benquerido marqués. Colignac, por desgraza levaba o brazo en estribeira, e Cussan foi o primeiro que saíu do seu éxtase.

“- Malpocados de nós! –dixo- Endexamais teríamos sospeitado desastre tal, de non ser polo voso corredor e mais o mulo, que chegaron aquela noite ás portas

do meu castelo: o seu peitoral, as súas cinllas e o seu atafal²³, todo estaba rompido e iso fíxonos presaxiar algo do voso infortunio. Subimos decontado a cabalo e inda ben non camiñáramos dúas ou tres leguas cara a Colignac cando xa o país todo, abalado por ese suceso, nos detallou as circunstancias. Galopando xuntos, fomos ate o burgo no que vós estabades preso, mais ao sabermos a vosa evasión, como corría o rumor de que virarades cara á parte de Toulouse, nós, coa xente que levabamos, viñemos aquí a rédea solta. O primeiro ao que lle preguntamos novas de vós díxonos que vos prenderan outra vez. Ao mesmo tempo, dirixíramos os nosos cabalos cara a esta prisión, mais outra xente asegurounos que vos desmaiarades nas mans dos gardas. E, en avantando camiño, había habitantes do burgo a se contaren entre eles que vos tornarades invisíbel. Finalmente, a poder de darlle á lingua, soubemos que despois de vos apresaren, perderen e volveren tomar preso non sei cantas veces, levábanvos para o cárcere da torre maior. Cortámoslles o camiño aos vosos arqueiros e, cunha felicidade máis aparente ca verdadeira, atopámoslos fronte por fronte, atacámoslos, combatémoslos e fixémoslos fuxir, mais non demos sabido, a través dos propios feridos que apresamos, o que fora de vós até esta mañanciña, cando viñeron dicirnos que viñerades cegamente salvarvos meténdovos vós mesmo na prisión. Colignac está ferido en varias partes, aínda que moi lixeiramente. Polo resto, acabamos de ordenar que vos aloxasen no mellor cuarto de aquí. Como vos gusta o aire libre, fixemos arranxar un apartamentíño só para vós no máis alto da torre, cunha terraza que vos ha servir de balcón, Cando menos, os vosos ollos terán liberdade, malia o corpo que os ata.

-Ai, meu querido Dyrcona! -exclamou o conde tomando entón a palabra- Moita coita tivemos en non te levando cando partimos de Colignac! O meu corazón -cunha tristura cega da que eu ignoraba a causa- predicíame non sei o que de estarrecedor. Mais non importa! Teño amigos, ti es inocente, e en todo caso ben sei eu como un morre gloriosamente. Só unha cousa me desespera. O loubán sobre do que eu quixen ceibar os primeiros golpes da miña vinganza (decátaste ben de que falo do meu cura) xa non se atopa en estado de experimental: o miserábel entregou a súa alma. Velaí o detalle da súa morte: ía el correndo co seu criado para botar o teu corredor á súa cabalariza cando este equino -dunha fidelidade que se cadra fixeron redobrar as secretas luces do seu instinto- todo fogoso, púxose a escouciñar, mais con tanta furia e resultado que en tres couces, contra os que veu bater a testa desta curuxa, deixou vacante o seu beneficio eclesiástico. Ti non entendes, sen dúbida, as causas da xenreira do desasisado este, mais vouchas descubrir. Sabe, logo, para tomarmos o asunto dende o comezo, que este home santo, normando de nación e preiteador de oficio, que atendía, segundo o diñeiro dos peregrinos, unha capela abandonada, reclamou o curato de Colignac. E que malia todos os meus esforzos por manter o posuidor no seu lexítimo dereito, o pillabán argallou tanto diante dos xuíces que ao final, malia nós, foi o noso pastor.

Ao cabo dun ano púxome tamén preito a min porque entendía que eu tiña que pagar o décimo²⁴. Por moito que se lle expuxo que dende tempo inmemorial a miña terra era franca²⁵, non deixou de intentar o proceso -que perdeu- mais cos procedementos fixo nacer tantos incidentes que, a poder de pulular, xermolaron a

²³ O peitoral, as cinllas e o atafal son arreos das cabalgaduras.

²⁴ Desmo, imposto que os católicos tiñan de lle pagar á Igrexa a décima parte dos seus rendementos.

²⁵ Libre, exenta de pagar impostos e trabucos.

partir deste máis doutros vinte procesos que non han ter continuación grazas ao cabalo, que demostrou ter o pezuño máis duro ca o miolo do cura. Velaí todo o que eu podo conxectar da vértola do noso pastor. Mais admire con que precisión gobernaba a súa rabia. Acaban de me asegurar que, ao se lle meter na testa o malfadado degoro da túa prisión, permutara en segredo o curato de Colignac contra outro na súa terra, onde el agardaba retirarse tan axiña como te meteran preso. O seu propio criado dixo que ao ver o teu cabalo preto da súa corte, el sentira o cura rosmar que o había levar a un lugar onde non o darían pillado.”

A seguido destas falas, Colignac avisoume de desconfiar das ofertas e as visitas que se cadra me había facer unha persoa moi poderosa da que me dixo o nome. Que fora polo creto deste o modo como o cura gañara o proceso de reclamación, e que esa persoa de categoría solicitara para el o asunto en pago aos servizos que o bo do crego, no tempo en que era fámulo²⁶, prestara ao seu fillo no colexio“.

“-Ora ben –continuou Colignac- como é ben dificultoso preitear sen acritude e sen que fique na alma un carácter de inimizade que non se borra xa, aínda que nos teñan reconciliado, el procurou dende entón sempre ocasión para me atravesar. Mais non importa, teño eu máis parentes de toga ca el, e moitos amigos, e no peor dos casos saberemos interporlle a autoridade real.”

Despois de que Colignac dixera iso, trataron un e outro de me consolar, mais foi coas testemuñas dunha dor tan tenra que a miña aumentou con ela.

Nese intre veu xunta nós o meu carcereiro para nos avisar de que o cuarto estaba listo.

“- Vamos velo” –respondeu Cussan.

Púxose en camiño e nós seguímolos. Eu atopeino moi axeitado:

“- Non me falta cousa ningunha, non sendo libros.”

Colignac prometeu enviarme no outro día aqueles que eu lle puxese nunha lista.

Cando tivemos ben considerado e ben recoñecido -pola altura da miña torre, polos foxos tan costentos que a rodeaban e por toda a disposición do meu apartamento- que escapar de alá era unha empresa fóra das posibilidades humanas, os meus amigos, ollándose un ao outro e despois dirixindo a vista cara a min, botáronse a chorar. Mais, como se de súpeto a nosa dor tivese amolecido a carraxe do ceo, unha repentina ledicia apoderouse da miña alma, a ledicia atraeu a esperanza e a esperanza secretas luces que escintilaron tanto na miña razón que nunha arroutada contra a miña vontade, que me parecía a min mesmo ridícula, dixeran:

²⁶ Servente nun colexio.

“- Veña, ídeme agardar a Colignac, hei estar alá dentro de tres días. E enviádeme todos os instrumentos de matemática cos que traballo decote. Polo demais, habedes atopar nunha caixa grande moitos cristais tallados de diferentes maneiras, que non vos esquezan. Con todo, ha ser mellor que especifique nunha lista as cousas que vou precisar.”

Eles encargáronse da nota que lles dei sen poderen adiviñar as miñas intencións. Despois diso despedínme deles.

Desde a súa marcha, non fixen senón rumiar na execución das cousas que eu premeditara, e aínda andaba a rumiar niso no outro día, cando me trouxeron da parte deles todo o que marcara na relación. Un criado de Colignac díxome que non viran o seu amo dende o día anterior e que non se sabía que fora del. Este accidente non me turbou, pois decontadiño veume o pensamento de que posibelmente se dirixira á Corte para solicitar a miña saída. Por iso, sen me estrañar, puxen mans á obra. Durante oito días serrei, armei, cepillei e peguei, en fin construí a máquina que vos vou describir.

Foi unha caixa grande moi lixeira e que pechaba moi axustada, tiña seis pés de alto, máis ou menos, e tres de largo en forma de cadrado. Esa caixa estaba furada por baixo, e por riba da bóveda (que tamén a estaba) pousei unha vasilla de cristal igualmente furada, de feitío de globo -mais moi ampla- e de colo que desembocaba e axustaba perfectamente no buraco que eu abrira no capacete. O recipiente estaba construído á mantenta con varios ángulos e en forma de icosaedro co fin de que, ao ser cada faceta convexa e cóncava, a miña bola producise o efecto dun espello ardente²⁷.

Nin o meu carcereiro nin os meus gardiáns subían nunca ao meu cuarto sen me atoparen ocupado nese labor, mais non se estrañaban nadiña, a causa de todas as lindezas da mecánica que alá vían e das que eu me declaraba inventor. Entre outras había un reloxo de vento, un ollo artificial co que se ve pola noite e unha esfera na que os astros seguen o movemento que teñen no ceo. Todo iso convencíao de que a máquina na que eu estaba a traballar era unha curiosidade semellante, e a maiores o diñeiro co que Colignac lles untaba as mans facía que andasen con tino en moitos pasos difíciles.

Eran as nove da mañá, o meu carcereiro baixara e o ceo estaba escurecido cando expuxen a miña máquina no cumio da miña torre, é dicir no lugar máis descuberto da miña terraza. Pechaba tan chousa que nin un gran de aire -non sendo polas dúas aberturas- se daba escorrido nel; e chantara dentro unha taboíña moi lixeira que servía para me sentar. Disposto todo axeitadamente, fecheime dentro e permanecín nela preto dunha hora, agardando a que á Fortuna lle prouguera dispor de min.

Cando o sol, desembarazado das nubes, comezou a iluminar a miña máquina, aquel icosaedro transparente que recibía a través das súas facetas os tesouros do sol espallaba a luz deles na miña cela polo boqueiro, e como este

²⁷ Espello cóncavo que concentra os raios do sol nun punto (o foco) chegando a producir lume, calcinar ou fundir os materiais nos que se proxecta.

esplendor se enfeblecía a causa das raiolas que non se daban repregado ata min sen racharen moitas veces, ese vigor de clareza amornecida convertía a miña caixa de reliquias nun ceño púrpura esmaltado de ouro.

Estaba eu a admirar extasiado a beleza dun colorido tan mesturado, e velaí que de súpeto sinto as miñas entrañas abaladas do mesmo xeito que as sentiría arreguizarse alguén ergueito por un cadeixo²⁸.

Ía abrir o meu portelo para coñecer a causa desa emoción, mais cando adiantaba a man dexerguei, polo buraco do sollado da miña caixa, a miña torre xa moi pequena por baixo de min, e o meu casteliño no aire, ao puxar cos meus pés en contrario, fíxome ver nun vira-vira Toulouse a se afundir na terra. Ese prodixio estrañoume, non a causa dun pulo tan súbito senón a causa desa arrepiante arroutada da razón humana ante o éxito dun degoro que mesmo me estarrecera ao imaxinalo. O resto non me sorprendeu, pois que eu ben prevera que o vacío que tería lugar no icosaedro a causa das raiolas do sol unidas polos vidros cóncavos había atraer, para enchelo, unha furiosa abundancia de aire que había levar a miña caixa, e que a medida que eu iría subindo, o vento terríbel que se había embocar polo buraco non se daría elevado ate a bóveda sen que, ao penetrar na máquina con furia, non a puxase cara a arriba.

Malia que o meu proxecto fose dixerido con moita precaución, unha circunstancia, con todo, me enganou por non ter esperado abondo a virtude dos meus espellos. Dispuxera arredor da miña caixa unha veliña doada de gobernar, atada cunha cordiña da que eu termaba polo cabo e que pasaba polo boqueiro do recipiente. Porque maxinara que así, cando estivese no aire, podería tomar tanto vento como me cumprise para chegar a Colignac. Mais nun chiscar de ollo, o sol - que caía a pran e de esguello nos espellos ardentes do icosaedro- guindoume tan alto que perdín de vista Toulouse. Isto fíxome ceibar a miña corda, e pouco tempo despois dexerguei por unha das cristaleiras que instalara nos catro lados da máquina a miña veliña arrancada, que voaba ao capricho dun rodopío onde se arremuiñaba.

Lémbrame que en menos dunha hora me encontrei por riba da rexión media. Decateime axiña porque vía sarabiar e chover embaixo de min. Se cadra me han preguntar de onde viña, entón, aquel vento (sen o que a miña caixa non podía subir) nun altor do ceo exento de meteoros²⁹. Mais, con tal de que se me escoite, eu hei satisfacer esa obxección. Xa vos dixen que o sol -que petaba con forza nos meus espellos cóncavos unindo as súas raiolas no medio do recipiente- expulsaba coa súa ardencia polo tubo de enriba o aire do que estaba cheo, e que ao ficar así vacío o recipiente, a natureza -que aborrece iso- facíao aspirar de novo pola abertura baixa outro aire para se encher: se perdía moito recuperaba outro tanto, e deste xeito non se debe un pasmar de que nunha rexión máis alta que a media -onde están os ventos- eu continuase a subir, porque o éter³⁰ tornábase vento pola

²⁸ Polea.

²⁹ Fenómenos atmosféricos como chuvia, neve, sarabia, lóstrego, treboada, vento, etc.

³⁰ Na astronomía antiga, o éter é o espazo situado por riba da "rexión media". Nel orbitaban os corpos celestes supralunares.

furiosa velocidade coa que se embocaba para impedir o vacío, e tiña por conseguinte que puxar arreo a miña máquina.

Case non fun traballado pola fame, non sendo cando atravesei esta rexión media, porque verdadeiramente a friaxe do clima fíxoma ver desde lonxe; digo desde lonxe pois unha botella de esencia³¹ que eu levaba sempre, e da que bebín uns grolas, impediulle achegarse.

Durante todo o resto da miña viaxe non sentín ataque ningún dela; pola contra, máis avanzaba eu cara a ese mundo en chamas, máis robusto me atopaba. Sentía a miña face un pouco quente e máis contenta ca decotío; as miñas mans semellaban coloreadas dun vermello agradábel, e non sei que ledicia corría polo meu sangue que me facía estar alén de min.

Lembro que, cavilando encol desta aventura, razoei unha vez así: “A fame sen dúbida non me podería atinxir, polo motivo de que, ao non ser máis ca un instinto da Natureza co que ela obriga os animais a repararen ao través do alimento o que se perde da súa substancia, hoxe –que ela sente que o sol, a través da súa pura, continua e veciña irradiación, me fai recuperar máis calor radical da que perdo- non me provoca xa ese apetito que me sería inútil.” A estas razóns eu obxectaba, con todo, que –dado que o temperamento que produce a vida consistía non só en calor natural senón en humidade radical³² onde ese lume debe vencellarse como a chama ao aceite dunha lámpada- os simples raios desta fogueira vital non podían producir a alma a menos de atoparen unha materia untuosa que os suxeitase. Mais axiña vencín esa dificultade, despois de ter conta de que nos nosos corpos a humidade radical e a calor natural non son senón unha mesma cousa, porque o que chamamos *humidade* –sexa nos animais ou no sol, esa grande alma do mundo- non é senón un fluxo de faíscas máis contínuas a causa da súa mobilidade, e que o que chamamos *calor* é unha orballeira de átomos de lume que aparecen máis desligados a causa da súa interrupción. Mais, aínda que a humidade e a calor radical fosen dúas cousas distintas, constátase que a humidade non sería necesaria para vivir tan preto do sol. Porque –como esta humidade só lles serve aos vivos para deter a calor que se volatilizaría demasiado rapidamente e non sería reparada axiña dabondo- eu non facía conta de que esta me faltase nunha rexión na que, deses pequenos corpúsculos de chama que producen a vida, se unían ao meu ser máis dos que del se desprendían.

Outra cousa pode causar estrañeza, a saber, por qué o achegamento a ese globo ardente non me consumía, pois que eu atinxira casamente a plena actividade da súa esfera, mais velaí a razón: propiamente falando non é o lume o que queima senón que unha materia máis grosa ca o lume puxa acá e acolá co pulo da súa natureza móbil, e esa poeira de muxicas que eu chamo *lume*, movedía en por ela, fai posíbel toda a súa acción pola redondez dos seus átomos, porque fan cóchegas, quantan ou queiman segundo a figura do corpo que arrastren con eles. Así, a palla non bota unha chama tan ardente como a madeira e a madeira queima con menos

³¹ Concepto da alquimia: “A substancia máis pura extraída de certos corpos”. Este parágrafo e máis os seguintes son moi importantes na interpretación alquímica das viaxes de Cyrano.

³² En *Os Estados e Imperios da Lúa* fai Cyrano tamén alusión á *calor radical*, á *humidade radical* e ao *temperamento radical*.

violencia ca o ferro, e iso provén de que o lume de ferro, de madeira e de palla, aínda que en si é o mesmo lume, opera, con todo, de xeito diverso segundo a diversidade dos corpos que remove. Por iso na palla, o lume (esa poeira casemente espiritual), ao non se ver obstaculizado máis ca por un corpo mol, é menos corrosivo; na madeira, de substancia máis compacta, entra máis duramente, e no ferro, de masa totalmente sólida e unida por partes angulares, penetra e consome no virar dunha man o que se bota nel. Ao seren tan familiares estas observacións todas, non ha estrañar que eu me achegase ao sol sen me queimar, pois que o que arde non é o lume senón a materia á que está ligado, e que o lume do sol non pode estar mesturado con materia ningunha. Ou seica nós non experimentamos, mesmo, que a alegría (que é un lume) –dado que non remove máis ca un sangue aéreo de partículas moi soltas que escorregan mainamente contra as membranas da nosa carne- fai cóchegas e provoca non sei que cega voluptuosidade? E que esa voluptuosidade -ou por mellor dicir, ese primeiro progreso de dor- ao non chegar a ameazar o ser coa morte, senón a lle facer sentir que está vivo- lles causa aos nosos espíritos un movemento que chamamos *alegría*? Non é que a febre –aínda que teña accidentes contrarios de a feito- non sexa un lume igual ca a alegría, mais é un lume envolveito nun corpo de grans cornudos, tal como a atrabile³³ ou melancolía, que vindo espetar as súas puntas ganchudas por todos os lugares onde a súa natureza móbil o pasea, fura, corta, esfola e produce por medio dese violento abalo o que chamamos *ardor de febre*. Mais esta enfiada de probas é ben inútil, as experiencias máis vulgares abundan para convencer os testáns. Non teño tempo que perder, cómpre que pense en min. Estou, segundo o exemplo de Faetón, no medio dunha carreira da que non podería dar volta atrás e na que, se dou un paso en falso, nin toda a natureza xunta sería capaz de me socorrer.

Percibín nidiamente –como noutroa sospeitara subindo cara á lúa- que efectivamente é a terra quen xira de oriente a occidente de arredor do sol³⁴, e non o sol de arredor dela, porque vía a seguir de Francia o pé da bota de Italia, e logo o mar Mediterráneo, logo Grecia, logo o Bósforo, o Ponto Euxino, Persia, as Indias, China e finalmente Xapón, pasaren sucesivamente fronte a fronte do buraco do meu asentadoiro, e, unhas horas despois da miña elevación, tras ter circulado todo o mar do Sur³⁵ este deixou pórse no seu lugar o continente de América.

Distinguí claramente todas esas revolucións, e lémbrome mesmo de que moito tempo despois vin aínda Europa subir outra vez ao escenario, mais eu xa non daba notado os estados separadamente debido á miña altura, que se fixo demasiado grande. Deixei polo camiño, quer á esquerda, quer á dereita, varias terras como a nosa, cara ás que -por pouco que eu atinguise as esferas da súa actividade- me sentía inclinar. Porén, o rápido vigor do meu impulso superaba o destas atraccións.

Bordeei a lúa, que daquela se atopaba entre o sol e a terra, e deixei Venus á man dereita. Mais, tocante a esta estrela, a vella astronomía ten predicado tanto

³³ Nome que a medicina antiga daba a un humor imaxinario segregado polas cápsulas suprarrenais e que causaba a melancolía e o temperamento melancólico. A palabra é unha latinización do grego *melancolía* ('bile negra').

³⁴ É en sentido contrario, como ben sinalara xa Cyrano na súa viaxe á Lúa.

³⁵ Oceano Pacífico.

que os planetas son astros a daren voltas de arredor da terra que a moderna non se atrevería a poñelo en dúbida. E, con todo, notei que durante todo o tempo que Venus permaneceu aquí do sol –de arredor do cal ela xira- eu vira sempre a medrar, mais, en rematando a súa volta, observei que a medida que foi pasando detrás os seus cornos se foron achegando e o seu ventre mouro foise dourando de novo. E mais esta vicisitude de luces e de tebras amosa ben evidentemente que os planetas son, como a lúa e a terra, globos sen claridade que unicamente son quen de reflectiren a que toman prestada.

Efectivamente, a poder de subir, fixen aínda a mesma observación de Mercurio. Reparei, a maiores, en que todos eses mundos teñen tamén outros mundiños que se moven de arredor deles. Matinando dende entón nas causas da construción dese grande universo, maxinei que cando do desenguedellamento do caos, despois de que Deus creou a materia, os corpos parecidos xuntáronse debido a ese principio de amor descoñecido polo que nós experimentamos que toda cousa procura a súa semellante. Partículas formadas de certa maneira xuntáronse e fíxose o aire. Outras, a quen a figura lles deu a posibilidade dun movemento circular, compuxeron, ao se uniren, os globos que chamamos astros, os que non só -a causa desa inclinación a bailar sobre os seus polos como unha buxaina (para a cal a súa figura necesitaos)- deberon amorsearse dispostos en redondo, como os vemos, senón que mesmo deberon -ao se evaporaren da masa e camiñaren nunha fuxida de parecida marcha- facer xirar as órbitas menores que se encontraban na esfera da súa actividade. Por iso Mercurio, Venus, a Terra, Marte, Xúpiter e Saturno³⁶ se viron obrigados a bailaren e rolaren moi xuntos arredor do sol.

Non é que non se poida imaxinar que noutrora todos eses outros globos non teñan sido soles, pois aínda queda na terra -malia a súa extinción presente- calor abondo para facer xirar a lúa de arredor dela, polo movemento circular dos corpos que se desprenden da súa masa, e que aínda lle queda dabondo a Xúpiter para facer xirar catro. Mais estes soles, ao longo do tempo, tiveron unha perda de luz e de lume tan considerábel, pola emisión continua dos corpiños que provocan a ardencia e a claridade, que ficaron sendo un marco frío, tebregoso e case impotente. Nós descubrimos, mesmo, que esas manchas que están no sol, das que os antigos non se decataram, medran de día en día. Ora ben: qué sabemos se non é unha codia que se forma na súa superficie, a súa masa que se apaga a medida de que a luz se desprende dela, e se aquel non se ha virar -cando todos eses corpos móbiles o teñan abandonado- un globo opaco como a terra? Hai séculos moi afastados, alén dos que non aparece vestixio ningún do xénero humano. Se cadra denantes a terra era un sol poboado por seres animados³⁷ proporcionados ao clima que os producira, e se cadra eses seres eran os dáimons dos que a Antigüidade conta tantos exemplos. E logo por que non? Seica non pode acontecer que eses seres, dende a extinción da terra, viviran nela aínda algún tempo e que a alteración do seu globo non tivese aínda destruído a raza toda? En efecto, a súa vida durou até a de Augusto, segundo o testemuño de Plutarco. Semella, mesmo, que o testamento profético e sagrado dos nosos primeiros patriarcas tivese

³⁶ Como é sabido, Urano será descuberto en 1781, Neptuno en 1846 e Plutón en 1930.

³⁷ A palabra *animal* é primitivamente un derivado de *ánima*, significado que se foi esvaíndo co tempo. Cyrano emprégaa en ocasións con este nido significado, polo que nalgúns casos nós traducimos -como agora- por *ser animado* ou sinxelamente por *ser*.

querido levarnos pola man a esa verdade, porque nel se le, denantes de que se fale do home, a revolta dos anxos. Esa sucesión de tempos que observa a Escritura³⁸, seica non é como unha media-proba de que os anxos viviron na terra antes do ca nós? E de que eses orgullosos que viviran no noso mundo no tempo en que era sol - desdeñando, se cadra, dende que se apagou, continuaren a morar alá, e sabedores de que Deus pousara o seu trono no sol- ousaron emprender ocupalo? Mais Deus que quixo castigar a súa audacia, expulsounos mesmo da terra e creou o home menos perfecto (mais por conseguinte menos soberbio) para ocupar os lugares baleiros.

Ao cabo duns catro meses de viaxe -cando menos polo que se podería calcular cando non chega a noite para distinguir o día- abordei unha desas terras pequenas que dan voltas de arredor do sol (chamadas máculas polos matemáticos) nas que, por causa das nubes interpostas, os meus espellos non concentraban xa tanta calor, e, como consecuencia -ao non empuxar xa o aire con tanto vigor a miña cabana- o vento restante non foi capaz senón de soste a miña caída e de me descer no cumio dun monte moi alto, onde fun baixando devagariño.

Podedes pensar a ledicia que sentín de ver os meus pés pousados nun chan sólido despois de ter durante tanto tempo representado o personaxe de paxaro. De certo as palabras son febles para expresar a moleza que me arreguizaba cando por fin dexerguei a miña testa coroada pola claridade dos ceos. Ese éxtase, con todo, non me abalou tan forte como para que, en saíndo da miña caixa, non pensase en cubrir o seu capacete coa miña camisa antes de me afastar dela porque temía que, se o aire se serenaba, o sol ía acender outra vez os meus espellos e, como era verosímil, eu non había atopar de volta a miña casa.

Baixei á chaira ao través de regañas labradas por algúns regueiros de auga e polas que -dado o espesor do lodo que enchoupaba a terra- case que non daba andado. Emporiso, despois dun anaco de camiño cheguei a unha braña na que atopei un homiño todo espido sentado nunha pena e que estaba a descansar. Non me lembro se eu fun o primeiro en falar ou se foi el o que me preguntou a min, mais teño fresquiño na memoria, como se o estivese escoitando aínda, que el se dirixiu a min durante tres longas horas nunha lingua que sei perfectamente que nunca teño ouvido e que non ten relación ningunha con calquera deste mundo; e mais eu entendina máis axiña e dun xeito máis intelixíbel que a da miña ama de leite. Cando lle inquirín por unha cousa tan portentosa, explicoume que nas ciencias existía unha verdade, fóra da cal un sempre estaba afastado do fácil, que canto mais un idioma se afastaba desta verdade, máis embaixo se atopaba da capacidade de concibilo e máis aínda da capacidade de comprendelo doadamente.

“- Do mesmo xeito –continuou- na música esa verdade non se atopa nunca sen que a alma se erga no intre e se mergulle nela cegamente. Nós non o vemos, mais sentimos que a Natureza o ve; e sen podermos comprender como somos absorbidos nela, non deixa de nos encantar, e mais non somos quen de dicirmos onde se atopa a tal verdade. Coas linguas acontece a mesma cousa. Quen se encontra con esta verdade de letras, palabras e demais, non pode nunca ao se

³⁸ A Biblia.

expresar caír por baixo da capacidade de concibila: sempre fala igual do que pensa, e é por non terdes o coñecemento deste idioma perfecto polo que vós non dades falado, ao non coñecerdes nin a orde nin o vocabulario que poida explicar o que imaxinades.”

Eu díxenlle que o primeiro home do noso mundo utilizara sen dúbida esta lingua matriz, porque cada nome que lle impuxera a cada cousa declaraba a esencia desta. El interrompeume e seguiu:

“- Non é ela necesaria simplemente para expresar todo o que o concibe, senón que sen ela un non pode ser entendido por todos. Como este idioma é o instinto ou a voz da natureza, ten que ser comprensíbel para todo o que vive so o goberno desta. Por iso se vós tiverades a capacidade de entendela, habiades poder comunicar e razoar os vosos pensamentos todos con todos os animais e os animais convosco todos os seus, polo motivo de que se trata da propia linguaxe da natureza, pola que ela se fai entender polos animais todos.

Daquela, que a facilidade coa que entendedes o sentido dunha lingua que endexamais ten soado nos vosos ouvidos non vos asombre. Cando eu falo, a vosa alma atopa en cada unha das miñas palabras esa verdade que ela busca ás atoutiñadas, e aínda que a súa razón non a entenda, ten ela dentro de si a Natureza que non habería deixar de entendela.

- Ah! –exclamei- sen dúbida é por medio dese enérxico idioma como noutro tempo o noso primeiro pai conversaba cos animais e era entendido por eles, non si? Porque, como lle fora dado o dominio sobre todas as especies, estas obedecíanlle porque o facía nunha lingua que lles era coñecida; e tamén é por iso polo que (ao se perder aquela lingua matriz), cando as chamamos, elas non veñen hoxe como viñan antes porque xa non nos entenden.”

O homiño non semellou quererme responder, senón que retomando o fío do seu discurso ía continuar se eu non o chegase a interromper máis unha vez. Pregunteille, logo, en que mundo respirabamos, se estaba moi habitado e que clase de goberno mantiña a súa sociedade.

“- Vouvos amosar segredos que non son coñecidos no voso clima “–dixo el.

“Ollade ben a terra pola que camiñamos. Era, non hai moito, unha masa indixesta e encerellada, un caos de materia confusa, un goldrallo mouro e visguento do que o sol se purgara. Ora ben, logo de que, polas vigorosas raiolas que lanzaba contra delas, este mesturou, esmagou e compactou esas numerosas nubes de átomos, logo de que –como digo- a través dunha longa e potente cocción separou nesta bola os corpos máis contrarios e reuniu os máis semellantes, esta masa desmedida de calor suou tanto que provocou un diluvio que a cubriu máis de corenta días, pois cumpríalle a tanta auga ese espazo de tempo para escorrer polas rexións mais costaneiras e as máis baixas do noso globo.

Deses torrentes de humor reunidos formouse o mar, que testemuña aínda polo seu sal que se debe tratar dunha morea de suor, ao ser salgado todo humor.

Despois da retirada das augas, permaneceu sobre da terra un bulleiro graxo e fecundo no que, des que o sol raiolou, se elevou unha especie de ampola que non puido, por causa do frío, puxar fóra o seu xermolo. Recibiu esta, entón, outra cocción; e, ao rectificala aínda esta cocción e ao perfeccionala por medio dunha mestura máis exacta, volveu ese xermolo –que en potencia non era quen senón de vexetar- capaz de sentir. Mais, ao estaren tanto tempo as augas chocas enriba do lodo arrefriáranos de a feito e a bocha non crebou, de sorte que o frío xa non era obstáculo para o seu parto e deu á luz un home que conservou no fígado, sede da alma vexetativa e lugar da segunda cocción, a potencia vital, e no cerebro, sede da intelectual e lugar da terceira cocción, a potencia de razoar.

Sen iso: por que é que habíamos nós de estar máis tempo no ventre das nosas nais do que o resto dos animais todos, se non fose que é preciso que o noso embrión reciba tres coccións distintas para formar as tres facultades distintas da nosa alma, e os animais só dúas, para formaren as súas dúas potencias? Ben sei que o cabalo non se dá acabado senón en dez, doce ou catorce meses no ventre da egua. Mais como el é dun temperamento tan contrario ao que a nós nos fai homes, como nunca ten vida –reparade- senón nos meses completamente opostos á nosa, cando nós permanecemos na matriz máis ca o percorrido natural, non é prodixio ningún que o período de tempo que a Natureza precisa para unha egua librar sexa diferente do que fai dar a luz unha muller.

“-Si, mais en fin” –ha dicir alguén-“o cabalo permanece máis tempo ca nós no ventre da súa nai, e por conseguinte recibe nel coccións ou máis perfectas ou máis numerosas!” . Eu respondo que non se deduce iso, pois –sen me apoiar nas observacións que tantos doutos teñen feito sobre a enerxía dos números, cando proban que ao estar toda materia en movemento algúns seres acábanse nun certo ciclo e destrúense noutro, nin me aferrar ás probas que tiran (despois de teren explicado a causa de todos estes movementos) de que o número nove é o máis perfecto- contentareime con responder que ao ser o xermolo do home máis quente, o sol traballa e acaba nel máis órganos en nove meses dos que esboza nun ano no do poldro. Ora ben, que un cabalo non sexa máis frío que un home non se podería dudar, pois que este animal só morre de inchazo da paxarela, ou doutros males que proceden da melancolía.

“-E mais” -habédesme dicir- “non se ve no noso mundo home ningún enxendrado da lama e producido deste xeito”

- Ben o creo, o voso mundo hoxe está quente de máis, porque tan axiña como o sol atrae un xermolo da terra, ao non atopar ese frío húmido, ou -por mellor dicir- ese período certo dun movemento acabado que o obriga a varias coccións, forma con el un vexetal; ou -se fai dúas coccións- como a segunda non ten o lecer de se acabar perfectamente, non enxendra máis ca un insecto. Tamén teño reparado en que o simio, que leva coma nós as súas crías preto de nove meses, aseméllanos en tantos aspectos que moitos naturalistas non nos distinguiron de especie, e o motivo é que a súa semente, temperada aproximadamente como a nosa, tivo durante ese tempo o lecer de acabar as tres dixestións.

Habédesme preguntar sen dúbida de quen me ven a historia que vos contei. Habédesme dicir que non podería tela eu aprendido daqueles que non estaban alá. É certo que eu son o único que se atopou e que por conseguinte non podo dar testemuño dela polo motivo de que tiña acontecido antes de eu nacer. É certo tamén; mais sabede que nunha rexión veciña do sol como a nosa, as almas cheas de lume son máis claras, máis sutís e máis penetrantes ca as dos outros seres nas esferas máis afastadas. Ora ben, dado que no voso propio mundo se atoparon noutrora profetas que –debido ao seu espírito quentado por un vigoroso entusiasmo- tiveron presentimentos do futuro, non é imposíbel que neste, moito máis próximo do sol e por conseguinte moito máis luminoso ca o voso, non chegue a un agudo xenio algún forte cheiro do pasado, nin que a súa razón móbil se mova tan ben cara atrás como cara adiante, e que sexa quen de acadar a causa polos efectos, visto que pode chegar aos efectos pola causa.”

Rematou o seu relato deste xeito, mais despois dunha conferencia aínda moito máis particular de segredos moi ocultos que me revelou –dos que quero calar unha parte e dos que a outra escapoume da memoria- díxome que non había aínda tres semanas que un terronciño do chan, fecundado polo sol o parira a el.

“-Ollade ben ese tumor! “–díxome.

Entón fíxome reparar, enriba do bulleiro, nunha cousa inchada como o montiño dunha toupa.

“- É un apostema –dixo- ou, por dicir mellor, unha matriz que acocha dende hai nove meses o embrión dun dos meus irmáns. Estou agardando aquí a mantenta para lle servir de parteira.”

Tería el seguido, de non ser que dexergou, de arredor dese terrón barrento, o herbal a latexar. Iso, unido ao grosor da buba, fíxolle xulgar que a terra estaba xa no traballo e que esa sacudidela era o esforzo dos torcementos do parto. Abandonoume decontado para ir correndiño alá e eu fun na procura da miña cabana.

Daquela gabeei de volta polo monte que denantes baixara, chegando ao cume del moi canso. Podedes crer a coita tan grande que tiveren cando non a dei topado onde a deixara. Estaba aínda a chorar pola súa perda cando a vin moi lonxe a dar viravoltas. Tanto como as miñas pernas deron feito, corrín sen folgos, e de certo que era un lecer agradábel contemplar ese novo xeito de cazar, porque cada vez que eu ía pousar a man enriba dela, tiña lugar na bola de vidro un lixeiro aumento de calor que –ao tirar o aire con máis forza, e ao elevar por riba de min este aire máis ríspido a miña caixa- facíame dar chimpos atrás dela como un gato cara ao gancho do que ve pender unha lebre. Sen que a miña camisa quedara sobre do capacete para se opor á forza dos espellos, tería ela feito a viaxe soíña.

Mais: para qué refrescarme a memoria cunha aventura da que non me daría lembrado senón coa mesma dor que sentín daquela? Abondará con saber que ela choutou, correu e voou tanto –e que eu saltei, camiñei e alanquei tanto- que finalmente a vin caír ao pé dunha montaña moi alta. Aínda podería ser que me

tivese levado máis lonxe se -deste fachendoso inchazo da terra- as sombras que amourecían o ceo ben para adiante sobre da chaira non tiveran espallado todo de arredor unha noite de media legua. Porque, en se atopando no medio das tebras, o seu vidro non deixou de sentir moi axiña a súa frescura, e xa non se enxendrou alí dentro vacío ningún, nin vento polo buraco, e, por conseguinte, nin pulo que a sostivese. De xeito que bateu contra o chan e tería escachado en mil anacos se por sorte unha lagoa onde caíu non se tivese pregado baixo o peso. Tireina da auga, volvíñ pór en condicións o que estaba encrocado, e logo, despois de a ter abrazado con toda a miña forza, leveina ao cumio dun outeiro que estaba pretiño. Alá desenvolvín a miña camisa de arredor do recipiente, mais non puíden vestirme con ela porque, ao comezaren os meus espellos a facer efecto, decateime de que a miña cabana tremelaba xa para voar. Tiven só o tempo de entrar dentro nun pulo e pecheime alí como da primeira vez.

A esfera do noso mundo non me asemellaba senón un astro do grandor aproximado ao que nos asemella a lúa, aínda que ía encollendo consonte eu subía, ate se virar unha estrela, logo unha muxica e logo nadiña; ese punto luminoso foise afixando tanto para se igualar ao que remata o derradeiro raio da miña vista que finalmente esta deixou que se unise á cor dos ceos.

Alguén, se cadra, hase estrañar de que durante unha viaxe tan longa o sono non me derrubara, mais -como o sono só se produce pola lene exhalación das viandas que se evaporan do estómago ao cerebro ou por unha necesidade que sente a Natureza de prender a nosa alma para reparar durante o repouso tantos espíritos como o traballo consumiu- eu non tiña conta de durmir, dado que non comía e que o sol me restituía máis calor radical da que eu deitaba.

No entanto, a miña elevación continuaba, e a medida que ela me achegaba a ese mundo en chamas eu sentía correr polo meu sangue unha certa ledicia que o rectificaba e pasaba mesmo á alma. De cando en cando ollaba cara a arriba para admirar a vivacidade dos matices que raiolaban na miña cúpula de cristal, e teño aínda presente a lembranza dos meus ollos chantados no boqueiro do recipiente cando, todo sobresaltado, sinto non sei que pesadez a revoar por todas as partes do meu corpo. Un remuíño de fume moi mesto e case palpábel afogou o meu vidro en tebras, e cando quixen pórme de pé para contemplar esa escuridade que me cegaba, non vin xa nin recipiente nin espellos, nin vidreiras nin cubrición da miña cabana. Baixei daquela a vista, coa intención de ver o que facía caír así, precipitándose, a miña obra mestra, mais non atopei no seu lugar, e no dos catro lados, mais ca o ceo de arredor de min.

O que me arrepiou máis aínda, foi sentir como se a masa de aire se tivese petrificado, non sei que obstáculo invisíbel botaba atrás os meus brazos cando eu quería estendelos. Veume entón ao maxín que, a poder de subir, eu tiña chegado ao firmamento que certos filósofos e astrónomos teñen declarado ser sólido. Comecei a temer quedar encaixado nel, mais o horror no que me consternou a rareza deste accidente medrou moito máis cos que o sucederon. Porque a miña ollada, que estaba a vagar por acá e por acolá, ao caír por azar enriba do meu peito, en lugar de se deter na superficie do meu corpo, pasou ao traveso del. Logo, un momento despois, decateime de que estaba ollando por tras, e case sen

intervalo ningún –como se o meu corpo non for senón un órgano de ver- sentín a miña carne que , ao se limpar da súa opacidade, transfería os obxectos aos meus ollos, e os meus ollos aos obxectos a través dela toda.

Finalmente, tras ter batido contra a bóveda, contra o sollado e contra as paredes da miña caixa mil veces sen as ver, comprendín que, por unha secreta necesidade da luz no seu nacedoiro, nos tornáramos, a miña cabana e mais eu, transparentes.

Non é que non debese dexergala, aínda que era diáfana, pois que se dexerga o vidro, o cristal e os diamantes que tamén o son, mais eu figúrome que o sol, nunha rexión tan achegada a el, purga moito máis perfectamente os corpos da súa opacidade -facendo máis dereitos os buracos imperceptíbeis da materia- que no noso mundo no que a súa forza, case gastada por un camiño tan longo, apenas é capaz de lles transferir o seu brillo ás pedras preciosas; con todo, a causa da interna igualdade das súas superficies, fai xurdir de novo a través dos seus espellos, como por olliños pequenos, o verde das esmeraldas, o escarlata dos rubís ou o violeta das ametistas, segundo que os diferentes poros da pedra -máis dereitos ou máis sinuosos- apaguen ou reaviven, pola cantidade dos reflexos, esa luz enfeblecida.

Pode unha dificultade atrancar o lector; a saber: como é que eu podía verme e non ver a miña choupana, pois que eu volvérame tan diáfano coma ela. A iso, respondo que sen dúbida o sol opera de xeito diferente sobre dos corpos inanimados que sobre dos que viven, pois ningún lugar nin da miña carne nin dos meus ósos nin das miñas entrañas –aínda que transparentes- perdera a súa cor natural. Polo contrario, os meus pulmóns conservaban aínda so un vermello encarnado a súa mol delicadeza, o meu corazón -sempre vermello- acaneábase doadamente entre a sístole e a diástole, o meu fígado semellaba arder nun púrpura de lume e, cocendo o aire que eu estaba a respirar, continuaba a circulación do sangue. En fin, eu víame, tocábame e sentíame ser o mesmo, e mais xa non o era.

En canto que eu consideraba esa metamorfose, a miña viaxe seguía a se acortar, mais naquel momento moi devagariño a causa da serenidade do éter, que se rarificaba a medida que eu me ía achegando ao nacedoiro do día. Porque -como a materia neste altor é moi miúda polo gran vacío que a enche, e como esta materia é, en consecuencia, moi preguiceira por causa do vacío que non ten acción- este aire non podía producir ao pasar polo buraco da miña caixa senón un ventíño apenas capaz de a soste.

Non dou cavilado endexamais no malicioso capricho da Fortuna –que sempre se opuña ao éxito da miña empresa con tanta teimosía– sen me asombrar de como o cerebro non se me revirou. Mais escoitade un milagre que os séculos vindeiros terán dificultade de crer.

Pechado nunha caixa de luz que acababa de perder de vista, e co meu pulo feito tan pesado que me custaba moito non caír; nun estado, en fin, no que todo o que encerra a máquina enteira do mundo era impotente para me socorrer, atopábame levado ao máis alto grao dun extremo infortunio. Con todo, do mesmo

xeito que cando estamos expirando nos sentimos interiormente apuxados a querermos abrazar aqueles que nos deron o ser, levantei os meus ollos cara ao sol, noso pai común. Esa ardencia da miña vontade non só sostivo o meu corpo senón que o lanzou cara á cousa que el aspiraba a abrazar. O meu corpo puxou a miña caixa e desta maneira continuei a miña viaxe.

Tan axiña como me decatei diso, entesei con máis coidado que nunca as facultades todas da miña alma para amarralas no meu maxín ao que me atraía, mais a miña testa carregada coa miña cabana –contra o capacete da cal os esforzos da miña vontade me guindaban malia min– molestoume de tal modo que finalmente esa pesadez obrigoume a procurar ás apalpadelas o lugar da súa porta invisíbel. Por sorte deino atopado, abrino e boteime fóra, mais ese natural temor a se afundir que teñen os animais todos cando se ven sorprendidos de non se sosteren en nada, fíxome –para me aferrar- estender de súpeto o brazo. Non me guiaba senón a natureza, que non sabe razoar, e por iso a Fortuna, a súa inimiga, puxou maliciosamente a miña man sobre o capacete de cristal.

Malpocado! Que trebón foi para os meus ouvidos o ruído do icosaedro cando o sentín escachizarse! Unha tal desorde, unha tal desgraza e un tal arrepío non se dan expresado. Os espellos xa non atraeron aire porque non se facía xa vacío, o aire non se tornou vento pola présa en o encher, o vento deixou de puxar a miña caixa cara a arriba. En resumo: decontadiño despois do esfuchamento vin como esta caía durante moito tempo ao través dos vastos campos do mundo. Volveu ela contraer na mesma rexión a opacidade tebregosa que exhalara, tanto que, en cesando neste lugar a enérxica virtude da luz, reuniuse avidamente co escuro espesor que lle era como esencial, do mesmo xeito que se teñen visto almas, moito tempo despois da separación, viren en procura dos seus corpos, e, para trataren de se unir a eles, erraren durante cen anos de arredor das súas sepulturas. Temo que así perdeu a súa diafanidade porque despois vira en Polonia no mesmo estado en que entrei nela por primeira vez. E mais souben que caíu so a liña equinoccial no reino de Borneo, que un comerciante portugués a mercara ao insular que a atopou, e que, de man en man, chegara ao poder dese enxeñeiro polonés que a utiliza agora para voar³⁹.

Así, daquela, suspendido na masa dos ceos e xa abatido pola morte que agardaba da miña caída, virei –como vos dixeran- os meus tristes ollos cara ao sol. A miña vista levou a el o meu pensamento, e as miñas olladas, rexamente fincadas no seu globo, sinalaron un vieiro do que a miña vontade seguiu as pegadas para elevar alí o meu corpo.

Este vigoroso pulo da miña alma non ha ser incomprensíbel para quen considere os máis sinxelos efectos da nosa vontade, porque ben sabido é, por exemplo, que cando eu quero saltar, a miña vontade, ergueita pola miña fantasía e tras atear o microcosmos todo, trata de o transportar deica o albo que se propuxo. Se non o acada sempre, é por causa de que os principios na natureza, que son universais, prevalecen sobre os particulares, e por que –ao ser a potencia de

³⁹ Cyrano liga a súa “cabana” co “dragón voador” do veneciano exilado en Polonia Burattini, “dragón” construído en 1648. Curiosamente, ese “monstro alado” asemellaría máis ao aparello construído polo protagonista da viaxe á Lúa.

querer particular ás cousas sensíbeis, e ao estar a de caír no centro espallada en xeral por toda a materia- o meu salto vese obrigado a cesar dende que a masa - despois de ter vencido a audacia da vontade que a sorprendeu- se achega ao punto ao que tende.

Vou calar todo o que aconteceu no resto da miña viaxe, por medo a ser tan longo en contalo como en realizalo. A cousa é que ao cabo de vinte e dous meses atinxín por fin moi felizmente as grandes chairas do Día.

Esta terra asemella folerpas de neve ardendo, tan luminosa é. E mais hai unha cousa bastante incríbel que nunca souben entender, dende o momento en que a miña caixa caíu: se é que eu subín ou baixeí ao sol. Lémbreme só, cando cheguei alá, que camiñaba un pouquiño por riba del; non tocaba o chan máis ca nun puntinho e ía rolando como unha bola sen que me atopase molesto por camiñar coa cabeza tanto como cos pés. Aínda que ás veces levase as pernas cara ao ceo e os ombreiros contra a terra, sentíame nesa postura situado tan naturalmente como se tivese levado as pernas contra a terra e os ombreiros cara ao ceo. For cal for o lugar sobre o que me plantase, o ventre, o lombo, un cóbado ou unha orella, atopábame eu nel de pé. Comprendín así que o sol é un mundo que non ten centro, e que -como eu estaba ben lonxe fóra da esfera activa do noso e de todos os que tiña atopado- era por conseguinte imposíbel que eu seguise pesando, poisque a pesadez⁴⁰ non é senón unha atracción do centro na esfera da súa actividade.

O respecto que eu ía imprimindo cos meus pasos a esta luminosa campía suspendeu por un tempo a ardencia que me proía para levar adiante a miña viaxe. Sentíame todo vergoñento de camiñar sobre do Día. O meu mesmo corpo, abraiado -queréndose apoiar nos meus ollos e non podendo sostelos esa terra transparente que penetraban- virado o meu instinto, malia min, dono do meu pensamento, arrastrábao ata o máis profundo dunha luz sen fondo. Con todo, a miña razón pouquechiño a pouco foi desenganando o meu instinto. Funme apoiando na chaira dos vestixios firmes e non tremelantes e contei os meus pasos tan afoutadamente que se os homes tivesen podido dexergarme dende o seu mundo teríanme tomado por ese gran deus que camiña sobre das nubes⁴¹.

Despois de ter -segundo creo- camiñado durante quince días, cheguei a unha bisbarra do sol menos resplandecente ca aquela da que saía. Sentínme todo abalado de ledicia e maxinei que sen dúbida ningunha esa ledicia procedía dunha secreta simpatía que o meu ser gardaba aínda pola súa opacidade. O coñecemento que dela tiven non me fixo, porén, desistir da miña empresa. Porque daquela eu asemellaba a eses vellos adurmiñados que, aínda sabedores de que o sono lles é prexudicial e aínda que teñan mandado aos seus domésticos de os arrancaren del, moléstanse, con todo, ben nese momento cando os espertan. Así, mesmo se o meu corpo -escurecéndose a medida que eu ía acadando rexións máis tebregosas- volvía contraer as feblezas que aporta esta eiva da materia, torneime canso e o sono apoderouse de min. Eses doces esmorecementos cos que nos fai cóchegas a proximidade do sono facían correr polos meus sentidos tanto pracer, que estes, vencidos pola voluptuosidade, forzaron a miña alma a lle dar gusto ao tirano que

⁴⁰ Refírese á gravidade, claro.

⁴¹ Apolo, o Sol.

estaba a encadear os seus domésticos. Porque o sono, ese antigo tirano da metade dos nosos días, que por causa da súa vellez non dá aturado a luz nin a dá mirado sen se esvaecer, vírase obrigado a me abandonar á entrada dos brillantes climas do sol e viñéranme atinxir nos confíns da rexión tebregosa da que falo, onde –despois de me pillar de volta– tomoume preso, pechoume os ollos, seus inimigos declarados, so a mouroa bóveda das miñas pálpebras e –por medo a que os meus outros sentidos, traizoándoo como me traizoaran a min, non o inquietasen na apracíbel posesión da súa conquista– amarró cada un deles contra o seu leito. Todo isto quere dicir en dúas palabras que me deitei sobre da area moi ensoniñado.

Era unha campía rasa, tan descuberta que a miña vista, no máis lonxe que chegaba, non daba atopado nin un mato. E mais cando acordei encontréime baixo unha árbore, en comparanza da cal os cedros máis altos semellaban só herba. O seu tronco era de ouro macizo, as súas ramas de prata e as súas follas de esmeraldas que, alén o coruscante verdor da súa superficie, reflectían como nun espello as imaxes do froito que pendía todo de arredor. Mais xulgade se o froito lles debía cousa algunha ás follas. O escarlata en chamas dun groso carbúnculo compuña a metade de cada un, en tanto que a outra deixaba en suspenso se a súa materia proviña dun crisólito ou dun anaco de ámbar dourado. As flores abrochaban espárexéndose en forma de rosas de diamantes moi cumpridas, e os gomos en forma de grosas perlas con figura de pera.

Un reiseñor, que a súa plumaxe unicolor volvía fermoso por excelencia, empolicado no máis alto bicarelo, semellaba coa súa melodía querer forzar os ollos a lles confesaren ás orellas que non era indigno do trono no que sentaba.

Permanecín moito tempo estantío á vista dese rico espectáculo e non me daba saciado de ollalo. Mais, cando ocupaba todo o meu pensamento a contemplar entre os outros froitos unha poma de milgranda extraordinariamente fermosa, que tiña como carne un enxame de moitos grosos rubís amoreados, decateime de que esa pequena coroa que lle fai de testa rebulía, e de que se alongou todo o que lle cumpría para formar un pescozo. Logo vin ferver por enriba dela non sei que cousa branca, que a poder de se espesar, de medrar, de avanzar e de facer recuar a materia en varios lugares, semellou finalmente o rostro dun bustiño de carne. Ese bustiño remataba en forma redonda cara o van, é dicir, que conservaba aínda por baixo a súa figura de poma. Estendeuse pouco a pouco e, despois de o seu rabo se transformar en dúas pernas, cada unha das súas dúas pernas dividiuse en cinco dedas. Unha vez humanizada a milgranda, desprendeuse do seu talo, e cun pequeno pinchacarneiro, caiu xusto aos meus pés. Confeso de certo que cando vin camiñar diante miña esta poma razoabel, este anaquiño de anano non máis grande ca o polgar e, con todo, forte de abondo para se crear el mesmo, fiquei tomado pola veneración.

“-Animal humano –díxome el nesa lingua matriz da que vos teño falado– despois de terte durante moito tempo considerado dende o alto da pola da que eu pendía, coidei ler na túa face que non eras orixinario deste mundo; por causa diso baixei para que a verdade me ilumine.”

Ao que eu satisfíxen a súa curiosidade tocante a todos os asuntos polos que me preguntou, díxenlle:

“- E mais vós, descubrídeme quen sodes. Porque o que acabo de ver é tan asombroso que desespero de coñecer algún día a causa se é que vós non ma aprendedes. O que! Unha grande árbore toda de ouro puro, que ten as follas de esmeraldas, as flores de diamantes, os gomos de perlas e, no medio de todo iso, froitos que se fan homes nun chiscar de ollos! O que son eu, confeso que a comprensión dun milagre tal ultrapasa a miña capacidade.”

Logo desta exclamación, cando eu agardaba a súa resposta, díxome:

“- Non habedes atopar mal que, ao ser eu o rei de todo o pobo que compón esta árbore, o chame para que me siga.”

Des que así falou, observei que se recollía sobre si mesmo. Non sei se, entesando os resortes interiores da súa vontade, suscitou fóra de si algún movemento que fixo acontecer o que agora ides ouvir, mais a cousa é que ao dereitiño todos os froitos, todas as flores, todas as follas, todas as polas, en fin, a árbore toda, caíu por pezas en homiños que vían, sentían e camiñaban e que –como para celebraren o día do seu nacemento no propio momento deste- se puxeron a bailar de arredor de min. O reiseñor, entre todos, conservou a súa figura e non se metamorfoseou; veuse pousar no ombreiro do noso pequeno monarca, onde entoou unha cantiga tan melancólica e amorosa que toda a xuntanza e o propio príncipe, emocionados pola doce morriña da súa voz amortuxada deixou escorrer algunhas bágoas. A curiosidade por saber de onde viña este paxaro tomoume entón cun proído na lingua tan extraordinario que non a dei coutado.

“- Señor –dixen dirixíndome ao rei- se non temese de importunar a Vosa Maxestade habíalle preguntar por que, no medio de tantas metamorfoses, só o reiseñor conservou o seu ser.”

Ese principiño escoitoume cunha compracencia que indicaba ben a súa disposición natural, e ao coñecer a miña curiosidade replicoume:

“- O reiseñor non mudou, coma nós, de forma, porque non puido. É un paxaro auténtico que non é o que vos parece. Mais, vamos camiñando cara ás rexións opacas e contareivos, en canto imos andando, quen son eu, coa historia do reiseñor.”

Aínda ben non lle testemuñara a satisfacción que eu recibía coa súa oferta, saltou el lixeiro enriba dun ombreiro meu. Ergueuse nos bicos dos seus peños para acadar coa súa boca a miña orella e, quer bambaneándose aferrado aos meus cabelos quer deixándose caír de chope, díxome:

“- A miña fe desculpa unha persoa que se sente xa sen folgos. Como, nun corpo estreitiño, teño os pulmóns apertados e a voz, por conseguinte, tan fina que me vexo obrigado a esforzarme moito para facerme ouvir, o reiseñor ha atopar ben

falar en por si del mesmo. Que cante, logo, se lle parece ! Cando menos imos ter o pracer de escoitar a súa historia en música.”

Repliqueille que aínda non estaba afeito á linguaxe dos paxaros, que en verdade certo filósofo que eu atopara cando subía ao sol dérame algúns principios xerais para entender a dos brutos, mais que non eran abondo para entender en xeral todas as palabras nin para ser sensíbel a todas as delicadezas que se atopan nunha aventura tal como aquela debería ser.

“- Daquela –díxome el- pois que o queres, os teus ouvidos non se verán simplemente privados das belidas cancións do reiseñor senón de case toda a súa aventura, da que eu non podo contarche senón o que chegou ao meu coñecemento, Porén, haste contentar con esta mostra. Mesmo que a soubese enteiriña, a brevidade da nosa estadía no seu país, a onde teño que levalo de volta, non me había permitir prolongar máis o meu relato.”

Despois de así falar, saltou de enriba so meu ombreiro ao chan, logo deulle a man a todo o seu pobiño e púxose a bailar con eles cunha caste de movemento que eu non daría descrito porque nunca se viu cousa semellante. Mais, escoitade, pobos da terra, o que non vos obrigo a crer pois que no mundo no que os vossos milagres non son senón efectos naturais este pasou por un milagre!

Tan axiña como eses homiños se puxeron a bailar pareceume sentir a súa axitación en min e a miña axitación neles. Eu non daba ollado esta danza sen ser arrastrado sensibelmente do meu lugar, como por un vórtice⁴² que facía abanear co seu mesmo abalo e coa axitación particular de cadaquén as partes todas do meu corpo, e sentía espallarse pola miña faciana a mesma ledicia que un movemento semellante estendera sobre da deles. A medida que a danza se foi apertando, os danzantes enguedelláronse nun rebulicio moito máis rápido e máis imperceptíbel: semellaba que o propósito do bailiño fose representar un enorme xigante pois a poder de se achegaren e de redobren a velocidade dos seus movementos, mesturáronse eles tan pertiño que eu xa non dei distinguido senón un gran coloso lúcido e case que transparente. Porén, os meus ollos víronos entrar un no outro.

Foi nese momento cando comecei a non poder distinguir xa a diversidade dos movementos de cadaquén a causa da súa extrema volubilidade, e tamén porque ao se estreitar máis esa volubilidade a medida que se ía achegando ao centro, cada vórtice ocupou finalmente tan pouquiño espazo que me escapaba da vista. Con todo, coido que as partes se achegaron aínda, porque esa masa humana, antes desmesurada, se reduciu pouquechiño a pouco conformando un mozo de talla medianeira que tiña proporcionados os membros todos cunha simetría da que a perfección, na súa mais forte imaxe, endexamais puido voar. Era belido alén do que os pintores teñen elevado a súa fantasía, mais o que eu atopaba ben prodixioso é que a ligazón de todas as partes que acabaron ese perfecto microcosmos fíxose nun chiscar de ollos. Algúns de entre os máis guímaros dos nosos bailarinciños lanzáronse cun pinchacarneiro á debida altura e na postura axeitada para formar unha cabeza, outros, máis quentes e menos destros,

⁴² Rodopío, remuíño.

formaron o corazón, e aqueloutros máis zoupóns só forneceron os ósos, a carne e o gordor.

Cando este belido mozallón estivo enteiramente rematado, aínda que a súa pronta construción non me tivese deixado case tempo para reparar en ningún intervalo no seu progreso, vin entrar pola boca o rei de todos os pobos que formaban un caos; paréceme tamén que el foi atraído a ese corpo pola respiración do corpo mesmo. Toda ese morea de homiños non dera antes aínda sinal ningún de vida, mais, tan axiña como tragou o seu reiciño, xa non sentiu que era máis ca un. Botou moito tempo en me observar, e despois de me ter como domado polas súas olladas, achegouse a min, acariñoume, e dándome a man díxome:

“- É agora cando, sen estragar a delicadeza dos meus pulmóns, vou poder falar contigo da cousas que afervoabas por saber. Mais é moi razoábel descubrirche previamente os segredos agachados da nosa orixe. Has, pois, saber, que nós somos seres nativos do sol nas rexións iluminadas. A mais habitual, como a máis útil das nosas ocupacións, é viaxar polas vastas bisbarras deste gran mundo. Nós observamos con curiosidade os costumes dos pobos, o xenio dos climas e a natureza de todas as cousas que poden merecer a nosa atención, ao través do que formamos unha ciencia certa do que é.

E has saber que os meus vasalos viaxaban conducidos por min, e que, a fin de termos o lecer de observar as cousas máis curiosamente, non conservamos esa conformación particular do noso corpo (que ti non dás atinxido cos teus sentidos) da que a sutileza teríanos feito camiñar axiña de máis. Mais fixerámonos paxaros: os meus súbditos todos, por orde miña, convertéranse en aguias, e canto a min, por medo de que eles non se enfastiasen, metamorfoseárame en reiseñor para aliviar o seu traballo cos engados da música. Eu, sen voar, seguía a rápida buligada do meu pobo porque me pousara na testa dun dos meus vasalos, e iamos proseguindo o noso camiño cando un reiseñor, habitante dunha provincia do país opaco que estabamos a atravesar daquela, abraiado ao me ver en poder dunha aguias (pois non podía tomarnos senón por aquilo que vía) botouse a laiar a miña coita. Eu mandei deterse a miña xente e baixamos ao cimo dunhas árbores onde suspiraba ese caridoso paxaro.

Tiven tanto pracer na dozura das súas tristes cancións que, a fin de gozar delas máis tempo e máis ao xeito, non quixen desenganalo. Simulei axiña unha historia na que lle contei as coitas imaxinarias que me fixeran caír nas mans desa aguias. Mesturei nela aventuras tan sorprendentes, nas que as paixóns eran tan destramente levantadas e o canto tan ben escollido para a letra, que o reiseñor estaba totalmente fóra de si. Rechouchiábamos un despois do outro reciprocamente a historia en música dos nosos mutuos amores. Nas miñas melodías eu cantaba que non só me consolaba senón que aínda me aledaba do meu desastre, dado que me procurara a gloria de que se doesen de min con tan belidas cancións. E este desconsoladiño respondíame, coas súas, que aceptaría con ledicia toda a estimanza que eu lle facía se soubese que esta o facía merecente da honra de morrer no meu lugar. Mais, que ao non lle ter reservado a Fortuna tanta gloria a un malfadado coma el, aceptaba desta estimanza só o que cumpría para me impedir ruborizarme da miña amizade. Eu respondíalle tamén á miña vez con todo o

enlevo, todo agarimo e toda a melura dunha paixón tan conmovente, que o vin dúas ou tres veces enriba da póliña preto de morrer de amor. En verdade, eu mesturaba tanta destreza á dozura da miña voz, e sorprendía os seus ouvidos con lances tan sabios e camiños tan pouco frecuentados polos da súa especie, que levaba a súa alma cara a todas as paixóns coas que eu quería dominala.

Ocupamos neste exercicio o espazo de vinte e catro horas, e creo que non teríamos cansado de namorar se as nosas gorxas non nos tivesen refugado a voz. Foi o único obstáculo que nos impediu ir alén, pois sentindo que o labor comezaba a me esgazar a gorxa e que eu non era quen de continuar sen caír desmaiado, fíxenlle un aceno para que se achegase a min. O perigo en que el coidou que eu estaba, no medio de tantas aguias, convenceuno de que o chamaba na miña axuda, e queréndome dar un glorioso testemuño de que por un amigo el sabía desafiar a morte ate o seu mesmo trono, foi sentar afoutadamente enriba do gran bico ganchudo da aguias no que eu estaba pousado. En verdade que tanta coraxe nun animal tan feble conmoveume con certa veneración porque aínda que eu o tivese reclamado, como el se figuraba, e que entre animais da mesma especie axudar ao malpocado sexa lei, o instinto da súa tímida natureza deberíao, porén, facer abalar, e mais non abalou nadiña: pola contra, botouse con tanta presteza que eu non sei quen voou primeiro, se o sinal ou o reiseñor. Cheo de gloria en vendo baixo os seus pés a testa do seu tirano, e encantado ao pensar que ía ser, polo meu amor, sacrificado casamente entre as miñas ás e que do seu sangue se cadra algunhas felices pinguiñas habían remanecer sobre das miñas plumas, virou paseniño a vista cara á miña beira e, logo de me ter dito adeus cunha ollada coa que semellaba pedirme permiso para morrer, lanzou tan de súpeto o seu biquiño dentro dos ollos da aguias que os vin antes furados que golpeados.

Cando o meu paxaro se sentiu cego, refíxose unha vista totalmente nova. Eu reprendín lenemente ao reiseñor polo seu acto precipitado de máis e, xulgando que sería perigoso agacharlle por máis tempo o noso verdadeiro ser, descubrinme a el: conteille quen eramos. Mais o pobre do pequeno, coidando enganadamente que aqueles bárbaros que me tiñan preso me obrigaban a finxir esa fábula, non concedeu fe ningunha ao que lle eu puiden dicir.

Cando souben que todas as razóns coas que pretendía convencelo se ían ao vento, dei moi baixiño algunhas ordes a dez ou doce mil dos meus súbditos e axiña o reiseñor viu correr aos seus pés un río so un barco e o barco aboiar por riba: non era máis grandeiro do que tiña que ser para me conter dúas veces. Ao primeiro sinal que lles enviei as miñas aguias voaron, e eu boteime na barquiña, dende a que lle gritei ao reiseñor que se aínda non podía decidirse a me abandonar xa, que se embarcase comigo. Des que el entrou, ordeneille ao río que tomase o seu fluxo cara á rexión á que o meu pobo estaba a voar. Mais ao ser a fluidez da onda menor que a do aire, e por conseguinte a rapidez do seu voo máis grande ca a da nosa navegación, ficamos un pouco atrás.

Durante todo o camiño esforceime por desenganar o meu pequeno convidado, fíxenlle reparar en que non debía esperar froito ningún da súa paixón, pois non eramos da mesma especie, que el podía telo entendido cando a águia –a quen lle furara os ollos– se fabricara outros na súa presenza, e cando por orde

miña doce mil dos meus vasalos se metamorfosearan nese río e ese barco no que vogabamos. Mais os meus reparos non tiveron éxito: respondíame que –canto a águia, da que eu quería facerlle crer que se fabricara outros ollos- non o necesitara, ao non cegar, porque el non lle fincara ben o bico nas meniñas, e que –canto ao río e o barco que eu dicía ter enxendrado só cunha metamorfose do meu pobo- estaban xa no bosque dendes da creación do mundo, mais que non se decatara deles. Ao velo enganarse con tanto enxeño, acordei con el que os meus vasalos e eu habíámonos metamorfosear diante súa no que quixese, a condición de que tras iso se había volver á súa patria. Tanto el pediu que fose en árbore como desexou que fose en flor, tanto en froito, como en metal ou pedra. Finalmente, para satisfacer a un tempo o seu degoro todo, cando demos acadado a miña corte no lugar no que lle eu encarregara de me agardar, metamorfoseámonos todos á vista do reiseñor nesa preciosa árbore na que nos atopaches no teu camiño, da que acabamos de abandonar a forma.

Polo resto, agora que vexo este paxariño resolto a volver para o seu país, nós imos –os meus súbditos e mais eu- retomar a nosa figura e o camiño da nosa viaxe.

Mais é razoábel que che eu descubra denantes quen somos nós: seres nativos e orixinarios do sol na parte iluminada, porque existe unha diferenza ben considerábel entre os pobos que produce a rexión lucidía e os pobos do país opaco. É a nós aos que no mundo da terra vós chamades *espíritos*, e a vosa presuntuosa estupidez deunos ese nome polo motivo de que, non imaxinando seres máis perfectos ca o home, e en vendo certas criaturas faceren cousas por riba do poder humano, vós crestes que eses seres son espíritos. E mais enganádesvos: somos seres coma vós, porque aínda que cando nos aprace lle damos á nosa materia, como acabas de ver, a figura e a forma esenciais das cousas nas que nos queremos metamorfosear, iso non significa que sexamos espíritos.

Mais escoita e eu heiche descubrir como todas esas metamorfoses que che semellan outros tantos milagres non son máis nada senón puros efectos naturais. Cómpre que saibas que ao termos nacido habitantes da parte clara deste gran mundo –onde o principio da materia é estar en acción- debemos ter o maxín moito máis activo ca os das rexións opacas, e a substancia do corpo tamén moito máis lixeira. Ora ben, suposto iso, resulta infalíbel que, ao non atopar o noso maxín obstáculo ningún na materia que nos compón, el dispoña como quere, e, virado dono da nosa masa, faina pasar, removendo as súas partículas todas na orde necesaria para constituír en grande o que ela formara en pequeno. Así, ao se ter cada un de nós imaxinado o lugar e a parte desta preciosa árbore no que se quería mudar, e tendo incitado por medio deste esforzo de maxín a nosa materia aos movementos necesarios para os producir, nós metamorfoseámonos. Así, en tendo a miña águia os ollos furados, só tivo –para restablecelos- que se imaxinar unha águia clarividente, porque todas as nosas transformacións acontecen ao través do movemento. Por iso, cando de follas, flores e froitos que nós eramos transmutámonos en homes, ti víchesnos bailar aínda algún tempo despois, porque aínda non nos recuperamos do abaneo que cumprira darlle á nosa materia para nos facermos homes, a exemplo das campás, que aínda que estean paradas resoan aínda un tempinho despois e seguen xordamente o mesmo son que o badal causaba

ao bater nelas. Tamén é por iso polo que nos viches anteriormente bailar antes de formar ese home grande, porque cumpriu para produci-lo darnos todos os movementos xerais e particulares necesarios para o constituír, a fin de que esta axitación, ao apertar os nosos corpos pouquiño a pouco e ao absorbelos nun só, cada un de nós crease, en cada parte, o movemento específico que ela debe ter. Vosoutros, os homes, non podedes as mesmas cousas, por causa da pesadez da vosa masa e da friaxe do voso maxín.”

Seguiu el coa súa proba e apoiouna con exemplos tan familiares e tan palpábeis que finalmente eu disuadinme dun gran número de opinións mal probadas coas que os testáns dos nosos doutores engaiolan o entendemento do febles.

Entón comecei a entender que, en efecto, o maxín destes pobos solares (que por causa do clima debe ser máis quente), os seus corpos (pola mesma razón máis lixeiros) e os individuos (máis móbiles, ao non teren nese mundo, como no noso, unha actividade central que poida desviar a materia do movemento que este maxín lle imprime), comprendín, digo, que este maxín podía producir sen milagre todos os milagres que acababa de facer. Mil exemplos de acaecementos case iguais, dos que os pobos do noso mundo dan fe, acabaron de me persuadir. Cipo, rei de Italia, quen, por ter asistido a un combate de touros e ter tido toda a noite o maxín ocupado polos cornos, atopou a súa fronte cornuda no outro día. Galo Vitio, quen entesou a súa alma e a incitou tan rexamente a concibir a esencia da tolemia que, ao lle ter dado á súa materia –ao través dun esforzo do maxín- os mesmos movementos que esta materia debe ter para constituír a tolemia, toleou. O rei Codro, doente do pulmón, quen -ao chantar os ollos e o pensamento na frescura dun rostro mozo e ao tomar no seu corpo esa florecente alegría (que rebordaba ata el da adolescencia do rapaz) o movemento polo cal se figuraba a saúde dun mociño- recuperou o vigor. E finalmente varias mulleres encintas, que fixeron monstros os seus fillos xa formados na matriz porque o seu maxín, que non era abondo forte para se daren elas mesmas a figura dos monstros que estaban a concibir, érao abondo para dispor a materia do feto (moito máis quente e máis móbil ca a delas) na orde esencial para a produción destes monstros. Persuadinme mesmo de que, se cando ese famoso hipocondrio da antigüidade imaxinaba ser unha cántara a súa materia, compacta e pesada de máis, puidese ter seguido a emoción da súa fantasía, tería formado con todo o seu corpo unha cántara perfecta, e a todo o mundo teríalle el parecido verdadeiramente unha cántara, como lle parecía a si propio. Tantos outros exemplos que me satisfíxeron, convencéronme de tal xeito que xa non dubidei de ningún dos portentos que o home-espírito me contara.

Preguntoume se non desexaba máis nada del e eu deille as grazas de todo corazón. E despois aínda tivo a bondade de me aconsellar que –dado que eu era habitante da terra- seguise o reiseñor ás rexións opacas do sol, porque estas eran máis conformes para os praceres que a natureza humana apetece.

Aínda ben non rematara el ese discurso cando, tras abrir abrir moito a boca, vin saír do fondo da súa gorxa o rei deses animalíños en forma de reiseñor. Coa mesma, o home grande caíu, e ao tempo todos os anacos que o constituíran voaron

en figura de águilas. O reiseñor, creador de si propio, pousouse na testa da máis fermosa delas, dende a que entoou unha melodía admirábel coa que penso que me dicía adeus. O verdadeiro reiseñor emprendeu tamén o voo, mais non na dirección deles, nin subiu tan alto. Tamén eu non o perdín de vista. Camiñabamos aproximadamente coa mesma forza porque, como eu non tiña o propósito de abordar unha terra mellor ca outra, tiven vagar para acompañalo, alén de que, ao seren as rexións opacas dos paxaros máis conformes co meu temperamento, esperaba tamén atopar nelas aventuras máis correspondentes ao meu humor.

Viaxei con esa esperanza cando menos tres semanas, con toda caste de contento, se só tivese que satisfacer os meus ouvidos, porque o reiseñor non me deixaba carecer de música. Cando aquel estaba canso, viña repousar no meu ombreiro, e cando eu me detiña agardábame. Ao final cheguei a unha bisbarra do reino deste cantoriño que daquela non se preocupou xa de me acompañar. Tras telo perdido de vista, procureino e chameino, mais finalmente fiquei tan canso de ter corrido atrás del en van, que decidín repousar. A este efecto, estireime riba da herbiña mol que tapizaba as raíces dun enorme penedo. O tal penedo estaba cuberto por varias arboriñas verdes e mestas, dos que a sombra encantou os meus sentidos fatigados o máis agradabelmente do mundo e me obrigou a abandonalos ao sono para reparar de xeito seguro as miñas forzas nun lugar tan tranquilo e tan fresco.

HISTORIA DOS PAXAROS

Comezaba a me adurmiñar cando albisquei no aire un paxaro prodixioso que planeaba por riba da miña cabeza: sostíñase cun movemento tan lixeiro e imperceptíbel que dubidei varias veces se non era aínda un universo pequeno bambeado polo seu propio centro. Porén, foi descendo aos pouquiños e chegou finalmente tan preto de min que os meus ollos aliviados se encheron totalmente coa súa imaxe. O seu rabo parecía verde, o seu estómago de azul esmaltado, as súas ás encarnadas, e a súa testa de púrpura facía brillar no acaneo unha coroa de ouro con raios que xurdían dos seus ollos.

Voou durante moito tempo na nube, e eu mantíñame tan pegado a todo o que acontecía con el, que a miña alma, toda repregada e como concentrada só na operación de ver, non daba acadado case a de ouvir para me facer entender o que o paxaro dicía cantando.

Así, pouco a pouco distendido do meu éxtase, reparei nidiamente nas sílabas, as palabras e as frases que articulou.

Velaí, pois, o mellor que me lembro, os termos cos que arranxou o tecido da súa canción:

“Sodes estranxeiro –asubiou o paxaro moi agradabelmente- e nacestes nun mundo do que eu son orixinario. E mais é esta propensión secreta que nos move cara aos nosos compatriotas o instinto que me puxa a querer que saibades a miña vida.

Vexo a vosa mente tendida a comprender como é posíbel que me explique a vós con parola seguida, dado que aínda que os paxaros arremedan a vosa fala non a dan concibido. Mais tamén cando vós arremedades o ladrado dun can ou o rechouchío dun reiseñor, tampouco non concibides o que o can ou o reiseñor quixeron dicir. Tirade, entón, de aí a consecuencia de que nin os paxaros nin os homes son por iso menos razoábeis.

Porén, igual que entre vosoutros se teñen atopado algúns tan esclarecidos que comprenderon e falaron a nosa lingua como Apolonio de Tiana, Anaximandro, Esopo e algúns dos que calo os nomes porque endexamais chegaron ao voso coñecemento, igualmente entre nós se atopa quen entende e fala a vosa. Algúns, de certo, non saben senón a dunha nación. Mais, do mesmo xeito que se atopan paxaros que non din palabra, outros que chían e outros que falan, atópanse aínda algúns máis perfectos que saben utilizar toda sorte de idiomas. Canto a min, teño a honra de pertencer a esta pequena cantidade.

Polo resto, habedes saber que en calquera mundo que sexa, a Natureza imprimiulles aos paxaros un secreto degoro de voaren ate aquí, e se cadra esta emoción da nosa vontade é o que nos fixo medrar ás, como as mulleres encintas producen nos seus fillos a figura das cousas que elas desexaron, ou mellor como aqueles que, afervoados por saberen nadar, foron vistos mergullarse durmidos na corrente dos ríos e franquear, con máis destreza ca un nadador experimentado, perigos que, de estaren espertos, non ousarían mesmo mirar. Ou como aquel fillo do rei Cresos, ao que un vehemente desexo de falar para protexer o seu pai lle aprendeu de súpeto unha lingua. Ou, para remate, como aquel antigo que, apertado polo seu inimigo e sorprendido sen armas, sentiu medrar na súa fronte cornos de touro, polo desexo que un furor semellante ao deste animal lle inspirou.

Daquela, cando os paxaros chegaron ao sol vanse unir á república da súa especie. Ben vexo que estades arelante de saber quen eu son. Son aquel que entre vós chaman *fénix*. En cada mundo só existe un á vez, que vive durante o espazo de cen anos, porque ao cabo dun século, cando sobre algunha montaña de Arabia descargou el un grande ovo no medio das brasas da súa fogueira –da que peneirou a materia de ramallos de áloe, de canela e de incenso–, toma pulo e emprende o seu voo ao sol, como patria á que o seu corazón tanto tempo aspirou. Denantes, ten el ben feito todos os esforzos para esa viaxe, mais a pesadez do seu ovo –de cascas tan espesas que cómpre un século para chocalo– retardaba sempre a empresa.

Moito me temo que vos custa concibir esta milagrosa produción e por iso quérovolo explicar. O *fénix* é hermafrodita, mais entre os hermafroditas existe aínda outro *fénix* extraordinario de todo, porque...”

Ficou varios minutos sen falar, e logo engadiu:

“Ben vexo que desconfiades de que sexa falso o que vos acabo de dicir, mais se non conto verdade, que endexamais aborde eu o voso globo sen que unha águia se guinde contra de min”.

Permaneceu aínda algún tempo peneirándose no ceo e despois foise voando.

A admiración que me causara co seu relato provocoume a curiosidade de seguilo, e como fendía a masa dos ceos cun arranque non precipitado, acompañeino coa vista e co andar bastante doadamente.

Ao cabo dunhas cincuenta leguas, atopeime nun país tan cheo de paxaros que o seu número igualaba casamente o das follas que os cubrían. O que máis me sorprendeu foi que eses paxaros, en lugar de se alporizaren co meu encontro, revoaban de arredor de min: un asubiaba aos meus ouvidos, outro facía a roda sobre da miña cabeza; en resumo, despois de que as súas viravoltiñas tiveron ocupada a miña atención moito tempo, de súpeto sentín os meus brazos carregados con máis dun millón de toda clase de especies, que pesaban neles tanto que non os daba movido.

Mantivéronme nese estado até que vin chegar catro grandes águas que, despois de me apreixaren coas súas gadoupas, unhas polas pernas e as outras dúas polos brazos, erguéronme moi alto.

No medio da multitude reparei nunha pega, que, ora aquén ora alén, voaba e revoaba con moita arela, e entendín que me berrou que non me defendese, porque aos seus compañeiros aconselláranlles de me furar os ollos. Esta advertencia impediu que me resistira canto puidese, de sorte que estas águas leváronme a máis de mil leguas de alá, a un gran bosque que era -polo que dixo a miña pega- a vila na que o seu rei tiña a residencia.

A primeira cousa que fixeron foi poñerme preso dentro do tronco esburacado dun enorme carballo, e unha chea dos máis robustos pousou nas pólas, onde exerceu as funcións dunha compañía de soldados en armas.

Arredor de vinte e catro horas despois, entraron outros de garda que os relevaron. Namentres eu agardaba con moita melancolía o que prouguer á Fortuna dispor tocante aos meus desastres, a miña caridosa pega contábame todo o que estaba a se pasar.

Entre outras cousas, lémbreme que me advertiu que o populacho dos paxaros berrara moito polo feito de me gardaren tanto tempo sen me devorar e que obxectaran que eu ía enfraquecer tanto que non se había atopar sobre de min máis ca ósos para rillar.

O rumor houbo converterse en sedición pois á miña pega -tras ousar manifestar que era un procedemento bárbaro facer así morrer sen coñecemento de causa⁴³ un ser que se achegaba en certa medida ao razoamento deles- houbérona esnaquizar alegando que sería ben ridículo crer que un ser totalmente nu, que a propia natureza ao traelo á luz non se preocupara de lle fornecer as cousas necesarias para o conservar, fose un ser coma eles capaz de razoar.

⁴³ Sen causa xudicial en debida forma.

“-Se aínda –engadían- fose un ser que se achegase algo máis á nosa figura! Pola contra, é xusto o máis desemeellante e o máis noxento, en fin un animal calvo, un paxaro desplumado, unha quimera amoreada con toda caste de naturezas e que lles mete medo a todas: o home –digo- tan parvo e tan fato que se convence de que nós fomos feitos só para el. O home, que coa súa alma tan clarividente non sería quen de distinguir o azucre do arsénico, e que ha tragar cicuta que o seu belido entendemento lle terá feito tomar por pirixel. O home, que sostén que só se razoa en relación cos sentidos, e que, porén, ten os sentidos máis febles, máis serodios e máis falsos entre todas as criaturas. O home, en fin, que a natureza –para facer de todo- creou como os monstros, mais no que –malia iso- infundiu a ambición de mandar en todos os seres e de exterminalos.”

Velaí o que dicían os máis sabios; canto aos do común, berraban que era horríbel crer que un animal que non tiña a face feita coma eles estivese dotado de razón.

“-O que! –murmurábanlle un ao outro- Non ten bico, nin plumas, nin poutas, e a súa alma ía ser espiritual! Deuses, que disparate!”

Que os máis xenerosos se doesen de min non impediu que se instruíse o meu proceso criminal: escribiron os documentos todos na casca dun alcipreste, e logo, ao cabo dalgúns días, leváronme ao tribunal dos paxaros. Na sesión non había por avogados, conselleiros e xuíces, senón pegas, choias e estorniños, e aínda non escolleran máis ca os que entendían a miña lingua.

En lugar de me interrogaren no banco dos acusados, puxéronme a escanchapernas nun cepo podre dende onde o que presidía o auditorio, despois de dar co bico tres pancadas e de abanear maxestuosamente as plumas, preguntoume de onde eu era, de que nación e de que especie.

A miña caridosa pega dérame denantes algunhas instrucións que me foron ben salutíferas, e entre outras que me gardase moito de confesar que fose home. Respondín, logo, que era dese mundiño que chamaban a terra, da que o fénix e máis outros que vía na xuntanza podíanlles ter falado; que o clima que me vira nacer estaba asentado so a zona temperada do Polo Ártico, nun extremo de Europa que lle chamaban Francia. E, canto ao que concernía a miña especie, que non era home, como eles se figuraban, senón simio; que uns homes me raptaran no berce moi neno e me alimentaran entre eles; que a súa má educación virárame así a pel delicada; que aqueles fixéranme esquecer a miña lingua natural e instruído na súa; que para compracer estes seres salvaxes eu habituárame a camiñar unicamente sobre dous pés, e que, finalmente, como un cai máis doadamente de especie do que sobe, a opinión, o costume e a mantenza⁴⁴ deses animais inmundos tiñan tanto poder sobre de min que apenas meus pais –que son simios de honra- serían quen de me recoñecer. Engadín para a miña xustificación, que me fixesen examinar por expertos e que no caso de me atoparen home eu sometíame a ser aniquilado como un monstro.

⁴⁴ A palabra, na época, tamén podía referirse á educación.

“-Señorías –exclamou unha andoriña da xuntanza dende que eu rematei de falar- téño por convicto: non vos esqueceu que acaba de dicir que o país que o vira nacer era Francia, e mais ben sabedes que en Francia os simios non enxendran. Despois disto, xulgade se el é o que se gaba de ser.”

Respondínlle á miña acusadora que eu fora raptado tan novo do seo do meus pais e levado a Francia, que en bo dereito podía chamarlle meu país natal a aquel do que máis lonxe me lembraba.

Esta razón, aínda que especiosa⁴⁵, non era suficiente, mais á maioría deles, encantados de escoitar que eu non era home, satisfíxolles crelo. Porque os que non tiñan visto ningún non podían persuadirse de que un home non fose máis horríbel do que eu lles semellaba, e os máis sensatos engadían que o home era unha cousa tan abominábel que era útil que se crese que só era un ser imaxinario.

Co arroubo, o auditorio todo bateu as ás, e no intre puxéronme para examinar en poder dos rexedores, co cargo de me volveren presentar no outro día e de lles faceren, na apertura do plenario, o informe á comunidade. Estes encargáronse, logo, do asunto e leváronme a unha touza recuada. Alá, no tempo que me tiveron, preocupáronse só de facer acenos ao meu arredor dando cen sortes de chimpanzés e de desfilar en procesión levando conchos de noz enriba da testa. Ora batían cos pés un contra do outro, ora escavichaban unhas coviñas para as encheren, e eu estaba tan abraiado que xa non daba visto ningún.

O día e a noite pasáronse nestas lérias, até o outro día en que, chegada a hora prescrita, leváronme de novo a comparecer diante dos meus xuíces, onde os meus rexedores, conminados a dicir a verdade, responderon que, en descarga da súa conciencia, sentíanse obrigados de advertir ao tribunal que seguramente eu non era simio como presumía.

“-Porque –dicían- foi escusado saltaricarmos, darmos voltas e pinchacarneiros e inventarmos diante del cen xogadas coas que pretendiamos movelo a facer o mesmo, seguindo o costume dos simios. E mais, mesmo que tivese sido alimentado polos homes, como o simio sempre é simio, nós sostemos que non tería podido absterse de arremedar as nosas macacadas. Velaí, Señorías, o noso informe.”

Os xuíces entón reuníronse para comezaren a deliberación, mais viuse que o ceo se cubría e parecía cargado. Por ese motivo levantouse a xuntanza.

Eu figurábame que a aparencia de mal tempo os convidara a facelo, cando o fiscal veume dicir por orde do tribunal que non me ían xulgar ese día, que nunca na vida se realizaba un proceso criminal cando o ceo non estaba sereno porque temían que a má temperatura do aire alterase algo a boa constitución da mente dos xuíces, que a morriña que carga o humor dos paxaros durante a chuvia rebordase sobre da causa, ou que, en fin, o tribunal se vingase da súa tristura no acusado. Por

⁴⁵ Brillante, fermosa.

iso adiaron o meu xuízo a un tempo mellor. Leváronme, pois, de volta á prisión e lembro que durante o camiño a miña caridosa pega non me abandonou practicamente, voando sempre á miña beira, e coido que non me tería abandonado se os seus compañeiros non se tivesen achegado a nós.

Finalmente cheguei ao lugar da miña prisión, onde durante a miña catividade só fun alimentado con pan do rei⁴⁶: era así como chamaban unha cincuentena de vermes e outras tantas areixas que me traían para comer de sete en sete horas.

Pensaba que ía comparecer de novo no outro día, e tamén o cría todo o mundo, mais un dos meus gardiáns contoume ao cabo de cinco ou seis días que todo ese tempo fora empregado en facer xustiza a unha comunidade de xílgaros que a implorara contra un dos seus compañeiros. Pregunteille a aquel gardián de que crime acusaban o malfadado.

- “Do crime –respondeume o gardián – máis enorme que poida enmourecer un paxaro. Acúsano de... poderedes dalo crido?... Acúsano de... Deuses me vullan! Só de pensalo as plumas érguense na cabeza. En fin, acúsano de aínda non ter dende hai seis anos merecido ter un amigo, por iso foi condenado a ser rei, e rei dun pobo diferente á súa especie.

Se os seus súbditos tivesen sido da súa natureza, tería el podido mergullar cando menos ollos e desexo nos deleites daqueles, mais como os praceres dunha especie non teñen relación ningunha cos praceres dunha especie diferente, ha ter que aturar as fatigas todas e ha beber os amarguxos todos da realeza sen poder gorentar ningunha das súas dozuras.

Fixérono marchar esta mañá rodeado de moitos médicos, para que coiden de que non se envelene na viaxe.”

Aínda que o meu gardián fose por natureza moi faladeiro, non ousou conversar comigo só máis tempo, por medo a ser sospeitoso de complicidade.

Cara ao fin da semana, aproximadamente, leváronme outra vez de volta diante dos meus xuíces. Puxéronme na galla dunha arboriña sen follas. Os paxaros togados, tanto avogados como conselleiros e presidentes, pousáronse por reas, cadaquén segundo a súa dignidade no pericoto dun gran cedro. Os outros, os que só asistían á xuntanza por curiosidade, colocáronse todos mesturados até encheren os asentos, é dicir até que as pólas do cedro se viron cubertas de patas.

Aquela pega que eu vira sempre chea de comprensión para min veuse empolicar riba da miña árbore, na que, finxindo divertirse en peteirar no musgo, díxome:

“De certo que non dariades crido canto sinto a vosa coita, porque –aínda que non ignoro que un home entre os seres vivos é unha peste da que se debería

⁴⁶ Chamaban así o pan que lles daban aos presos pobres.

purgar todo estado ben organizado- cando, con todo, me lembro de ter sido dende o berce criada no medio deles, de ter aprendido a súa lingua tan perfectamente que case me esqueceu a miña, e de ter comido na súa man queixos moliños tan excelentes que non daría pensado niso sen que a auga me veña aos ollos e máis á boca, sinto por vós un agarimo que me impide inclinarme cara á banda máis xusta”.

Acababa ela isto cando nos interrompeu a chegada dunha águia que veu sentar entre os ramos dunha árbore bastante achegada á miña. Quíxenme erguer para me pór de xeonllos diante dela, crendo que fose o rei, se a miña pega non chegase a me manter no meu sitio.

“- Seica pensabades –díxome- que esa grande águia era o noso soberano? É unha figuración de vós, os homes, que polo motivo de vos deixardes mandar polos máis grandes, os máis fortes e os máis crueis dos vosos compañeiros, tedes parvamente crido –xulgando as cousas todas por vós- que a águia debía mandar en nós.

Mais a nosa política é ben diferente, porque non escollemos por rei senón o máis feble, o máis manseliño e o máis pacífico. Aínda así, trocámolo todos os días. E escollémolo feble a fin de que o mais pequeno a quen el puidese terlle feito algún dano puidese vingarse del. Escollémolo manseliño a fin de que non lle teña xenreira a ninguén, nin que ninguén lla teña a el. E queremos que sexa de temperamento pacífico para evitar a guerra, canle das inxustizas todas.

Cada semana el reúne os estamentos, onde todo o mundo está autorizado a queixarse del. Se se atopa un mínimo de tres paxaros descontentos do seu goberno, é desposuído e procédese a unha nova elección.

Durante o día que dura a reunión dos estamentos, o noso rei é subido ao cumio dun gran teixo da beira dunha lagoa cos pés e as ás atados. Os paxaros todos, un após o outro, pasan de diante del, e se algún deles sabe que é culpábel da pena capital, pode botalo á auga. Mais cómpre que xustifique ao dereitiño a razón que tivo para facelo, outramente é condenado á *morte triste*.”

Non puiden impedirme de a interromper para lle preguntar o que ela entendía pola palabra *triste*, e velaí o que me replicou:

“Cando o crime dun culpábel é xulgado tan enorme, e a morte é demasiado pouca cousa para expialo, trátase de escoller unha que conteña o castigo de varias, e procédese deste xeito:

Aqueles de entre nós que teñen a voz máis melancólica e máis fúnebre, son enviados cara ao culpábel, ao que se leva enriba dun funesto ciprés. Alá, eses tristes músicos amoréanse de arredor e échenlle pola orella a alma de cancións tan lúgubres e tan tráxicas que, ao desordenar o equilibrio dos seus órganos e ao lle oprimir o corazón o amarguexo da súa morriña, consómese a ollos vistos e morre afogado de tristura.

Porén, un espectáculo tal non acontece case, porque, como os nosos reis son moi mainiños, non obrigan endexamais a ninguén a querer, para se vingar, arriscarse a unha morte tan cruel.

O que agora reina é unha pomba de temperamento tan pacífico que o outro día, cando cumpría pór de acordo dous pardais, foi a cousa máis difícil do mundo facerlle entender o que era a inimizade.”

A miña pega non deu continuado tan longo discurso sen que algúns dos asistentes se decatasen, e como xa a tiñan por sospeitosa de algo de complicidade, os principais da xuntanza fixeron que lle botase a man ao pescozo unha águia da garda que se apoderou da súa persoa. O rei pomba chegou entre tanto isto ocorría; todos calaron e a primeira cousa que rompeu o silencio foi a reclamación que o gran censor⁴⁷ dos paxaros formulou contra a pega. O rei, plenamente informado do escándalo que ela ocasionara, preguntoulle o seu nome e como é que ela me coñecía.

“-Maxestade –respondeu ela toda abraiada- Chámome Marica⁴⁸. Aquí hai abondo paxaros de calidade que vos han responder de min. Un día souben, no mundo da terra do que son nativa, a través de Ferreiriño o Amormeirado que está aquí (e que ao me ter escoitado berrar na gaiola veu visitarme á fiestra na que eu estaba pendurada) que meu pai era Rabicorto e miña nai Picanoces. Non o daría sabido sen el, porque fun pillada de so as ás dos meus pais no berce moi noviña. Miña nai pouco tempo despois morreu coa mágoa, e meu pai, xa fóra de idade de facer outros fillos, desesperado ao se ver sen herdeiros, foise á guerra das choias, onde o mataron dun peteirazo nos miolos. Os que me raptaron foron certos animais salvaxes aos que chaman porqueiros, que me levaron a vender a un castelo onde eu vin o home ao que agora lle facedes o proceso. Non sei se concibiui algunha boa vontade cara a min, mais pasaba o traballo de avisar os serventes que me picasen a comedoría. Ás veces tiña a bondade de ma preparar el mesmo. Se no inverno eu arrefriaba, el levábame a carón do lume, abrigaba a miña gaiola o mandáballes ao xardineiro que me quentase na súa camisa. Os domésticos non ousaban abourarme na súa presenza, e lémbreme que un día el salvoume da gorxa do gato, que me tiña nas súas poutas, pois o lacaio noviño da señora deixárame á súa mercé. Mais non ven mal a xeito que vos expoña a causa desa barbarie. Para compracer a Verderolo (nome do lacaio noviño), un día eu repetía as parvadas que el me aprendera. Mais, malfadadamente, aconteceu –por moito que eu recitase as miñas lerias arreo- que me cadrou de dicir por orde súa xusto cando el entraba, dando unha mensaxe equivocada “Calade, fillo de puta, dixestes unha mentira!”. Este home acusado que aquí vedes, coñecendo a natureza mentireira do loubán, imaxinou que eu podería ben ter falado por interposición, e fixo comprobar se Verderolo estivera alí: Verderolo foi convicto de falsario, Verderolo foi xostregado e Verderolo, para se vingar, tería feito que o mico me comese, se non chega a ser por el.”

⁴⁷ Na Roma antiga, o censor era un maxistrado do máis alto poder.

⁴⁸ Neste e nos outros casos (Ferreiriño, Rabicorto, Picanoces, etc.) utilizamos os nomes galegos dos paxaros ou os xogos de palabras que están detrás dos nomes franceses orixinais (Margot, Guillery, Courte-Queue, etc.).

O rei, movendo cara a abaixo a cabeza, testemuñou que estaba contento da compaixón que ela tivera da miña desgraza; con todo, prohibiulle que en diante me falase en segredo. Despois preguntoulle ao avogado da miña parte contraria se a súa denuncia estaba lista. Este, fixo coa pata o aceno de que ía falar e velaí, paréceme, os mesmos puntos nos que insistiu contra de min:

*Denuncia feita no Tribunal dos Paxaros,
reunido o Plenario,
contra un animal acusado de ser home.*

“-Señorías, a parte contraria a este criminal é Guillerma a Carnuda, de condición perdiz, recentemente chegada do mundo da terra, coa gorxa aínda furada por unha bala de chumbo que lle tiraron os homes, demandante contra o xénero humano, e por conseguinte contra un animal que eu sosteño ser membro dese gran corpo. Non nos sería dificultoso impedirmos coa súa morte as violencias que el pode facer; porén –como a salvación ou a perda de todo o que vive lle importa á república dos vivos- paréceme que habíamos merecer termos nacido homes, é dicir destituídos da razón e da inmortalidade que temos por riba deles, se lles tiveramos asemellado nalgunha das súas inxustizas.

Examinemos, daquela, Señorías, as dificultades deste proceso con toda a contención da que as nosas divinas luces son capaces.

O cerne do asunto consiste en saber se este animal é home, e despois, no caso de verificarmos que o sexa, se por ese motivo merece a morte.

A min non me resulta nada difícil que o sexa: primeiro por un sentimento de horror que se apodera de nós ao velo, sen podermos dicir a causa; segundo porque ri como un tolo, terceiro porque chora como un parvo, cuarto porque soa os mocos como un vilán, quinto porque está desplumado como un rañoso⁴⁹, sexto porque leva o rabo diante, sétimo porque leva sempre unha chea de seixiños cadrados na boca que el non ten a agudeza de cuspir nin de tragar, oitavo (e como conclusión) porque ergue cara enriba todas as mañás os ollos, o nariz e o seu largo bico, pega as mans abertas, coa punta cara ao ceo palma contra palma, formando con elas presas só unha (como se lle anoxara ter dúas libres) e parte as pernas pola metade de xeito que cai sobre dos pernís. Logo, entre falas máxicas que refunga, decateime de que as súas pernas rompidas se volven xuntar, e de que se ergue despois tan ledado como dantes. E mais vós ben sabedes, Señorías que de todos os animais só o home ten a alma negra abondo para se dar á maxia, e por conseguinte este é home. Cómpre agora examinarmos se por ser home é merecente da morte.

Penso, Señorías, que endexamais se ten posto en dúbida que as criaturas todas son producidas pola nosa nai común para viviren en sociedade. Ora ben, se eu demostro que o home semella ter nacido só para rompela: non estarei a

⁴⁹ Que ten a raña, a sarna.

demostrar que, en indo contra o fin da súa creación, merece que a natureza se arrepiña da súa obra?

A primeira e a máis fundamental lei para o mantemento dunha república é a igualdade, mais o home non a daría aturado sempiternamente: bótase contra nosa para nos comer, fai crer que nós fomos feitos só para el, toma por argumento da súa pretendida superioridade a barbarie coa que nos extermina e a pouca resistencia que atopa en forzar a nosa febleza, e non quere, malia iso, recoñecer como máis fortes as águilas, os cóndores e os grifos⁵⁰, que ultrapasan os máis robustos de entre eles.

Mais por que ese tamaño e esa disposición dos membros ía marcar diversidade de especie pois que entre eles propios se atopan ananos e mais xigantes?

Aínda é un dereito imaxinario, ese dominio do que fachendean; polo contrario, tanta inclinación teñen eles á servidume que, por medo a que lles falte de servir, véndense a súa liberdade uns a outros. É así que os mozos son escravos dos vellos, os pobres dos ricos, os labradores dos fidalgos, os príncipes dos monarcas e os mesmos monarcas das leis que eles estableceron. Mais con todo iso, estes pobres servos teñen tanto medo de lles faltaren amos que, como se temesen que a liberdade lles veña dalgún lugar inesperado, fábrícanse deuses por todas as partes, na auga, no aire, no lume, so a terra, e antes de non telos han preferir facelos de pau. Eu creo mesmo que acarician falsas esperanzas de inmortalidade, menos polo horror co que o non-ser os aterroriza que polo medo a non teren quen mande neles despois da morte. Velaí o fermoso efecto desa fantástica monarquía e dese imperio tan natural do home sobre dos animais e sobre de nós propios, pois a súa insolencia chegou até aí. Porén, como consecuencia dese ridículo principado, el atribúese tan lindamente sobre de nós o dereito de vida e de morte, artella contra nós emboscadas, encadéanos, péchanos na prisión, dególanos, cómenos, e do poder de matar aqueles que ficaron libres fai el un premio para a nobreza. Pensa que o sol se acendeu para alumealo ao nos facer a guerra, que a Natureza nos permitiu estender os nosos paseos polo ceo só co fin de que do noso voo se puidesen tirar funestos ou favorábeis auspicios, e que cando Deus puxo entrañas no noso corpo só tivo intención de facer un gran libro no que o home poida aprender a ciencia das cousas futuras.

E logo: seica non é un orgullo insoportábel de a feito? O que o concibiu: podía merecer un castigo menor ca o de nacer home? Con todo, non é por ese motivo polo que vos apremo a condenar este. Ao non ter o pobre animalíño uso de razón coma nós, escuso os seus erros producidos pola falta de entendemento. Mais para aqueles que son só fillos da súa vontade pido xustiza: por exemplo polo feito de que nos mate sen ser atacado por nós, polo de que nos coma podendo fartar a súa fame con mantenza máis axeitada, e –o que eu estimo máis covarde– que desvíe a bondade natural de algúns dos nosos, como miñatos, falcóns e abutres,

⁵⁰ Abutres fouveiros ou leonados.

para instruílos na matanza dos seus, en se botaren á preada dos seus semellantes⁵¹, ou a nos entregaren ás mans deles.

Xa só esta consideración é tan premente que solicito do tribunal que sexa exterminado coa morte triste”.

Toda a curia tremeu co horror de tan gran suplicio. Por iso, co fin de dar lugar a moderalo, o rei fixo un aceno ao meu avogado para que respondese.

Era un estorniño, gran xurisconsulto, que, despois de ter petado tres veces coa súa pata contra a póla que o sostíña, faloulle deste xeito á xuntanza:

“ É certo, Señorías, que conmovido pola piedade eu aceptara a causa a prol deste malfadado bicho, mais a piques de encetar a defensa veume un remorso á conciencia, e como unha voz secreta, que me prohibiu realizar unha acción tan detestábel. Así, Señorías, declaro perante vós e de toda a Corte, que para obter a salvación da miña alma, non quero contribuír de maneira ningunha á continuidade dun monstro tal como o home”

O populacho todo bateu co bico en sinal de se aledar e, para aplaudir a sinceridade dun paxaro tan de ben.

A miña pega presentouse para levar a defensa no seu lugar, mais foille imposíbel facelo porque, ao ter sido mantida polos homes –e se cadra estar infectada pola súa moral- poderíase temer que introducira na miña causa unha mentalidade preconcebida, pois a Corte dos paxaros non permite que o avogado que se interesa máis por un cliente ca por outro sexa ouvido, a menos que poida xustificar que a inclinación procede do xusto dereito desa parte.

Cando os meus xuíces viron que ninguén se presentaba para me defender, estenderon as súas ás e sacudíronas, voando decontadiño cara á deliberación.

Os máis deles, como despois souben, insistiron moito en que eu fose exterminado coa morte triste, mais, con todo, cando se viu que o rei tendía cara á suavidade, todos se aliñaron coa súa opinión. Así os meus xuíces moderáronse e, no canto da morte triste da que me graciaron, atoparon axeitado -para facer corresponder o meu castigo con algún dos meus crimes e aniquilarme cun suplicio que servise para me desenganar, desafiando ese pretendido dominio do home sobre dos paxaros- que eu fose abandonado á carraxe dos máis febles de entre eles: iso quixo dicir que me condenaron a ser comido polas moscas.

Ao mesmo tempo levantouse a xuntanza, e sentín murmurar que non se alongaran moito en particularizar as circunstancias da miña traxedia a causa do accidente acontecido a un paxaro da bandada, que acababa de caír desmaiado cando quería falarlle ao rei. Pensouse que o provocara o horror que el tivera ao ollar moi en fite un home. Por iso deron orde de me levar fóra.

⁵¹ A *prea* ou *preada* é o animal morto que se deixa á intemperie e se vai descompondo ou é présa (de aí a palabra *prea*) doutros animais que comen na carne morta. Aquí alúdese aos anacos de carne, aínda quente, dos animais cazados que se lles dan ás aves de presa utilizadas na cazata.

Antes pronunciaron a miña sentenza, e tan axiña como a noitébrega, que servía de escribán criminal, deu rematado de ma ler, dexerguei arredor de min o ceo todo mouro de moscas, de abesouros, de abellas, de tabáns, de sínfanos e de pulgas que zoaban coa impaciencia.

Eu agardaba aínda que me collesen as miñas águas como de adoito mais vin no seu lugar unha grande avestruz negra que me puxo vergoñentamente a escanchapernas ao lombo dela (pois esta postura é entre eles a máis ignominiosa que se lle poida aplicar a un criminal, e endexamais un paxaro, calquera que for a falta que cometera, pode ser condenado a ela).

Os arqueiros que me conduciron ao suplicio eran unha cincuentena de cóndores e outros tantos grifos diante, e detrás destes voaba moi devagariño unha procesión de corvos que grallaban un non sei o que lúgubre, e parecíame ouvir, como de máis lonxe, avelaionas a lles responder.

Ao partir do lugar onde me xulgaran, dúas aves do paraíso, ás que lles encargaran de me asistir na morte, viñeron sentar nos meus ombreiros.

Malia que a miña alma estivese entón moi conturbada a causa do horror polo paso que ía dar, lembrei porén case todos os razoamentos cos que estas tentaron de me consolar.

“-A morte –dixéronme, pódome o bico na orella- non é sen dúbida un mal grande pois que a nosa boa nai Natureza suxeita a ela os seus fillos todos. E non debe ser un asunto de gran consecuencia, pois que acontece en todo momento e por tan pouca cousa. Porque se a vida fose tan excelente, non estaría no noso poder o non dala; ou se a morte arrastrase tras dela efectos da importancia que ti queres facer crer, non estaría no noso poder o dala. Resulta, pola contra, moi coherente, pois que o animal comeza por xogo do azar e remata do mesmo xeito. Fáloche así polo motivo de que, ao non ser a túa alma inmortal como a nosa, podes xulgar ben, cando morres, que todo morre contigo.

Non te aflixas, logo, de faceres máis cedo o que algúns dos teus compañeiros han facer máis tarde. A súa condición é máis deplorábel do que a túa. Porque se a morte é un mal, é só un mal para os que teñen que morrer, e eles han estar –en comparanza contigo, que non tes máis ca unha hora entre acá e alá- cincuenta ou sesenta anos en estado de poderen morrer. E mais, dime: o que non naceu non é malfadado; ora ben, ti vas estar como o que non naceu. Un chiscar de ollo despois da vida e has estar como estabas un chiscar de ollo antes; e pasado ese chiscar de ollo, has estar morto tanto tempo como aquel que morreu hai mil séculos.

Mais en todo caso, supondo que a vida sexa un ben, a mesma continxencia que no medio da infinidade do tempo puido facer que ti existas, seica non pode facer algún día que volvas existir outra vez? A materia, que a poder de se mesturar chegou finalmente a ese número, esa disposición e esa orde, necesarios para a constitución do teu ser, seica non pode –mesturándose de novo- chegar á disposición requirida para facer que te sintas existir outra vez?

-Si, mais –hasme dicir ti- non me lembrarei de ter existido.

- Ei, meu querido irmán: que che importa con tal de que te sintas existir? E mais: non pode acontecer que, para te consolares da perda da túa vida, has imaxinar as mesmas razóns que che eu expoño agora?

Velaí unhas consideracións fortes abondo para che obrigar a beber este amargor con paciencia; con todo, aínda teño outras aínda máis prementes que che han convidar sen dúbida a desexala. Cómpre, meu querido irmán, convencerte de que –como ti e os outros brutos sodes materiais, e como a morte, en aniquilar a materia, non fai senón perturbar o equilibrio desta- ti debes, digo, crer con certeza que, ao cesares de ser o que eras, has comezar a ser algunha outra cousa. Eu quero, logo, que non te vires máis ca nun montiño de terra ou nun coíño: aínda has ser unha cousa menos ruín ca o home. Mais teño un segredo que che descubrir -que non quixera que ningún dos meus compañeiros chegase a ouvir da miña boca- é que ao seres comesto, como o vas ser, polos nosos paxariños, haste transformar na súa substancia. Si, has ter a honra de contribuír, malia que a cegas, ás operacións intelectuais das nosas moscas, e de participares na gloria de –se ti non razoas por ti mesmo- facelas cando menos razoar a elas.”

Contra este momento da exhortación, chegamos ao lugar destinado para o meu suplicio.

Había catro árbores moi achegadas entre elas, e que á mesma distancia, sobre cada unha das que, a unha igual altura, estaba empolicada unha gran garza. Baixáronme de enriba da avestruz negra, e unha chea de corvos mariños me elevaron ata onde as catro garzas estaban a me agardar. Estes paxaros, fronte a fronte un do outro, ben fincados en cadansúa árbore, co seu pescozo prodixiosamente longo, enleáronme como cunha corda, uns polos brazos e os outros polas pernas, e atalicáronme tan apertado que, aínda que cada un dos meus membros estivese amarrado só por polo pescozo dunha, eu non estaba en situación de poderme remexer nadiña do mundo.

Debían elas permanecer moito tempo nesta postura, porque sentín que aqueles corvos mariños que me elevaran recibían o encargo de iren á pesca para as garzas e de lles botaren a comedoría no bico.

Agardábase aínda polas moscas, pois que elas non fenderan o aire cun voo tan potente coma nós: con todo, non pasou moito sen que as escoitásemos.

A primeira cousa que realizaron, antes de máis nada, foi repartírense o meu corpo, e fíxose esta distribución tan maliciosamente que lles asignaron os meus ollos ás abellas, co fin de que mos furasen ao mos comer; as miñas orellas aos abesouros, co fin de mas atordecen e mas devorar a un tempo; os meus ombreiros ás pulgas, co fin de os encetar cunha mordedela que me proese, e así o resto. Aínda ben non as ouvira dar as ordes, que decontadiño as vin achegarse. Semellaba que os átomos todos que compoñen o aire se tivesen virado moscas, porque case non

me visitaban senón dúas ou tres raioliñas de luz que semellaban liscarse para vir cabo de min, tan apertados e pegados á miña carne estaban estes batallóns.

Mais, cando cada un deles andaba xa a escoller con cobiza o lugar no que ía trabar, de súpeto vinos recuar bruscamente, e no medio do balbordo dun número infinito de lampos que ecoaba até as nubes, distinguín varias veces a palabra *Indulto! Indulto Indulto!*

A seguido dúas rolas se achegaron a min. Ao elas viren, todos os funestos preparativos da miña morte esvaecéronse, sentín as garzas afrouxar os cercos deses longos pescozos que me enleaban, e o meu corpo, estendido en aspa, escorrer dende o curuto da alta árbore até os pés das súas raiceiras.

Eu só agardaba da miña caída esfacharme no chan contra algún penedo, mais ao cabo do meu medo fiquei ben pampo ao me atopar sentado enriba dunha avestruz branca que se botou ao galope des que me sentiu no seu lombo.

Fixéronme facer un camiño diferente a aquel polo que viñera, pois lémbrame que atravesei un gran bosque de mirtos e outro de terebintos, desembocando nunha vasta foresta de oliveiras onde estaba a me agardar o rei pomba no medio de toda a súa corte.

Tan axiña como me albiscou, fixo aceno de que me axudasen a baixar. Decontadiño dúas aguias da garda tendéronme as patas e leváronme cabo do seu príncipe.

Quixen eu, por respecto, abrazar e bicar os esporonciños de Súa Maxestade, mais ela recuou:

“- Pregúntovos –dixo ela primeiro- se coñecedes este paxaro.”

Con estas palabras amosáronme un papagaio que se puxo a facer a roda e a bater as ás cando dexergou que eu estaba a observalo

“- Paréceme –griteille ao rei- que o teño visto nalgures, mais o medo e a ledicia encerelláronme tanto as imaxes, que non dou determinado aínda ben nidiamente onde foi.”

A estas falas, o papagaio veume dar unha aperta na faciana coa súas ás, e díxome:

“- O que! Seica xa non coñecedes o César, o papagaio da vosa curmá, tocante de quen vós tedes tantas veces sostido que os paxaros razoan? Son eu quen hai pouquiño durante o voso proceso quixen, despois da audiencia, declarar as obrigas que vos teño: mais a dor de vos ver nun perigo tan grande fíxome caír desmaiado.”

A súa intervención rematou de me desfechar a vista. En téndoo, logo, recoñecido, deille apertas e bicos e el deumos tamén.

“- Entón, –díxenlle eu- meu pobre César, es ti, a quen lle eu abrín a gaiola para te volver a liberdade que o tirano costume do noso mundo che tirara?”

O rei interrompeu os nosos aloumiños e faloume desta sorte:

“- Home, entre nós unha boa acción non se perde endexamais. Por iso, aínda que ao seres home mereces morrer só por causa de teres nacido, o Senado dáche a vida. Pode ben acompañar con este recoñecemento as luces coas que a Natureza alumeou o teu instinto cando che fixo presentir en nós a razón que ti non eras capaz de coñecer. Vai, logo, en paz e vive ledó!”

Deu en baixiño unhas ordes e a miña avestruz branca, guiada por dúas rolas, levoume fóra da xuntanza.

Despois de me ter transportado ao galope media xornada, deixoume preto dunha fraga na que me mergullei des que ela partiu. Alá comecei a catar o pracer da liberdade, e o de comer o mel que escorregaba pola codia das árbores.

Penso que non daría rematado nunca o meu paseo -porque a agradábel diversidade do lugar seguíame facendo descubrir sempre algo máis belido- se o meu corpo dese resistido o traballo. Mais, como en cabo eu me atopaba sen azos pola canseira, deixei-me escorrer na herba.

Así, tendido á sombra destas árbores, sentíame invitar ao sono polo doce frescor e o silencio da soidade, cando un incerto bruar de voces confusas –que me semellaba ouvir a revoar arredor de min- me espertou nun sobresalto.

O terreo parecía moi chan e non estaba ourizado por silveira ningunha que puidese romper a vista, e por iso a miña alongábase moito cara a diante por entre as árbores da foresta. Porén, o borbóriño que chegaba ao meu ouvido non podía vir senón de moi a rentes de min, de xeito que -logo de me eu pór máis atento- escoitei ben nidamente, unha sucesión de palabras gregas, e no medio de moitas persoas que parolaban, distinguín unha que se expresaba así:

“- Señor médico: un dos meus próximos, o olmo de tres cabezas, acaba de me enviar un pimpín polo que me comunica que está doente cunha febre ética, e moi atacado por un mal de musgo que o cobre da testa aos pés. Prégovos, pola amizade que me tedes, que lle prescribades algo.”

Fiquei un tempinho sen ouvir cousa ningunha, mais á volta dun anaquiño, parécese que lle replicaron así:

“- Mesmo que o olmo de tres cabezas non fose próximo voso, e que, en lugar de vós que sodes meu amigo, fose o ser máis alleo á nosa especie o que me pregase iso, a miña promesa⁵² obrígame a socorrer a todo o mundo. Mandádelle, logo, dicir ao olmo de tres cabezas que para a curación do seu mal precisa zugar o máis de húmido e o menos de seco que poida. Que, a este efecto, ten que levar os fiños das

⁵² O xuramento hipocrático.

súas raiceiras cara ao sitio con máis lentura do seu leito, non parolar senón de cousas ledas e facer que todos os días lle toquen música algúns reiseñores excelentes. Despois havos el facer saber como lle irá este réxime de vida, e logo, segundo a evolución do seu mal, cando teñamos preparados os seus humores, algunha cegoña amiga miña halle dar por indicación de min un clister que lle vai facer recuperar de a feito o vigor.”

Rematadas estas falas, non sentín o máis mínimo bruar, non sendo que un cuarto de hora despois unha voz na que –paréceme a min- aínda non reparara chegou á miña orella. Velaí como dicía:

“- Ei, Galludo, seica estades a durmir?”

E ouvín que outra voz replicaba así:

“- Non, Casca Mol. E logo?

- É que -continuou a que rompera primeiro o silencio- sinto un abalo como adoitamos ter cando eses animais que chaman homes se achegan a nós, e quixérvos preguntar se sentides a mesma cousa.”

Pasou algún tempo antes de o outro responder, como se tivese querido aplicarlle a esta descuberta os seus sentidos máis secretos. Logo exclamou:

“- Meu Deus! Tedes razón, e xúrovos que atopo os meus órganos tan cheos dos efluvios dun home, que son o máis enganado do mundo se é que non hai un moi pretiño de aquí.”

Entón mesturáronse varias voces que dicían que con toda seguranza elas estaban a cheirar un home.

Por moito que eu dirixise a miña ollada a todas as partes, non daba descuberto de onde viñan esas falas. Finalmente, despois de me ter recuperado do horror no que este acaecemento me ensumira, respondinlle -a aquela que me pareceu notar que era a que preguntaba se había un home- que había un.

“- Mais prégovos que -continuei axiña- sexades quen fordes quen falades, que me digades onde estades.”

Un momentinho despois escoitei estas palabras:

“Estamos en presenza túa, os teus ollos estannos mirando e ti non nos ves! Fita os carballos nos que sentimos que fincas a ollada: somos nós os que estamos a che falar; e se te asombras de que falemos unha lingua empregada no mundo do que vés, sabe que os nosos primeiros pais son orixinarios del: moraban no Epiro, na foresta de Dodona, onde a súa bondade natural os convidou a lles emitir oráculos aos arregueixados que os consultaban. A este efecto aprenderan eles a lingua grega, a máis universal que existise entón, a fin de seren entendidos; e como nós descendemos deles de pai en fillo, o don de profecía discorreu até nós. E mais

has saber que unha grande águia á que os nosos pais de Dodona daban acubillo, ao non poder ir de caza polo motivo de que romperá unha man, mantíñase coas landras que as súas pólas lle fornecían, cando un día, anoxada de vivir nun mundo no que sufría tanto, emprendeu o voo en dirección ao sol e continuou a súa viaxe con tanta fortuna que finalmente arribou ao globo luminoso no que estamos. Mais á súa chegada a calor do clima fíxoa vomitar: trouso landras abondo aínda sen dixerir, e esas landras xermolaron, nacente delas carballos que foron os nosos devanceiros.

Velaí como mudamos de morada. Porén, aínda que nos sintades falar unha lingua humana, non quere dicir que as outras árbores se expliquen de igual xeito; só nós, os carballos saídos da foresta de Dodona, falamos coma vós. Porque os outros vexetais, velaí a súa maneira de se expresaren: non tedes reparado nese ventío doce e livián que non deixa de soprar á beiriña dos bosques? É o alento da súa fala, e ese maino borboriñar ou ese delicado bruar co que rompen o sagrado silencio da súa soidade é propiamente a súa linguaxe. Mais aínda que o rumor das forestas semelle sempre o mesmo, con todo é tan diferente que cada especie vexetal conserva o seu particular, de xeito que o bidueiro non fala como o pradairo nin a faia como a cerdeira.

Se o parvo pobo do voso mundo me tivese escoitado falar como o fago, había crer que fose un demo pechado so a miña casca, porque –moi lonxe de pensar que nós poidamos razoar- nin imaxina mesmo que teñamos alma sensitiva, aínda que decotío vexa que á primeira zoupada con que o leñador ataca unha árbore, a machada entra na carne catro veces máis en diante que na segunda; e que deba presumir que con toda seguranza o primeiro golpe sorprendeuno e bateulle de improviso, pois que decontadiño a dor advertiuno e se recolleu contra si mesmo, reunindo as súas forzas para combater e como petrificándose para resistir a dureza das armas do seu inimigo. Mais a miña intención non é a de lles facer comprender a luz aos cegos; un particular é para min toda a especie, e toda a especie non é para min senón un particular cando o particular non está infectado polos erros da especie; por iso tedes que estar atento, porque ao vos eu falar a vós coido falarlle a todo o xénero humano.

Habedes saber, logo, en primeiro lugar, que case todos os concertos cos que os paxaros fan música están compostos en louvanza das árbores. Mais tamén, en recompensa do coidado que eles toman en celebrar as nosas boas accións nós tomamos o de acochar os seus amores, porque vós non imaxinades –cando vos custa tanto traballo descubrir un dos seus niños- que iso provén da prudencia coa que eles o agacharon. Foi a árbore a que –en por ela- enrodelou os seus ramallos todo de arredor do niño para preservar da crueldade do home a familia do seu hospedado. E, de non ser así, reparade no terreo daqueles que naceron para a destrución dos paxaros, seus concidadáns – como miñatos, lagarteiros, buxarelos, falcóns, etc.- ou para a liorta, como choias e pegas, ou aos que lles aprace meternos medo, como mouchos e curuxas. Observaredes que o terreo daqueles está abandonado á visión de todo o mundo, porque a árbore afastou del os seus ramallos co fin de dalo en presa.

Mais non é preciso particularizar tantas cousas para probar que as árbores exercen –sexa co corpo, sexa coa alma- as vosas funcións todas. Hai alguén entre vós que non teña reparado en que na primavera -cando o sol ten alledado a nosa codia cunha seiva fecunda- nós alongamos os nosos ramos e os pousamos cargados de froitos enriba do seo da terra que amamos? A terra, pola súa banda, entreábrese e quece cunha mesma ardencia; e como se cada un dos nosos ramos fose un⁵³, ela achégase para se xuntar, e os nosos ramos, abalados polo pracer, descargan no seu regazo a semente que ela arde en concibir. Porén, bota nove meses a formar este embrión antes de dalo ao día, mais o tronco arbóreo, seu marido, que teme que a frieza do inverno estrague a gravidez da terra ispe o seu manto verde para cubrila, contentándose, para agachar algo da súa nudez, cunha vella capa de follas secas.

Pois ben, vós os homes, estades a ollar eternamente estas cousas e non as contemplades endexamais; teñen acontecido diante dos vosos ollos outras aínda máis convincentes que nin mesmo aos testáns conmoveron.”

Eu tiña a atención moi cinxida ás falas que esta voz arbórica me dirixía, e agardaba a continuación cando, de súpeto, cesou cun ton semellante ao dunha persoa á que a perda de alento lle impedise falar.

Como a vin teimar de a feito no silencio, conxureina, por todas as cousas que coidei que máis podían conmovela, a que se dignase instruír unha persoa que só se arriscara aos perigos dunha tan gran viaxe para aprender. Ouvín no entanto dúas ou tres voces que lle facían polo amor de min⁵⁴ os mesmos pregos, e distinguín unha que lle dixo, como se estivese anoxada:

“Vamos, logo, pois que tedes tanta mágoa dos vosos pulmóns, repousade, voulle eu contar a historia das Árbore Amantes.

- Oh vós, quen sexades! –exclamei eu botándome de xeonllos- O máis sabio dos carballos todos de Dodona que vos dignades tomar o traballo de me instruírdes, sabede que non lle ides dar a lección a un ingrato porque fago o voto de, se endexamais volvo ao meu globo natal, publicar os portentos dos que me facedes a honra de poder ser testemuña.”

Estaba a rematar a promesa cando sentín a mesma voz continuar así:

“-Ollade, homiño, a doce ou quince pasos da vosa man dereita ides ver dúas árbores xemelgas de mediana talla que, confundindo as súas pólas e as súas raiceiras, se esforzan por mil sortes de medios en non constituíren senón un.”

Virei os ollos cara a esas plantas de amor, e observei que as follas de ambas as dúas, lixeiramente brandeas por unha emoción casamente voluntaria,

⁵³ Xa dende a edición orixinal, de 1662, –fose por suavización do editor ou por prudencia do propio autor no manuscrito- falta a palabra, substituída por puntos suspensivos. Considerando un caso similar nesta obra (páxina 56, palabra *rabo*) os editores modernos restitúen as dúas palabras baseándose no sentido e no número de puntos. Aquí suplen a palabra *membro*.

⁵⁴ Nótase que o prego non é polo amor de Deus, senón do home, da Humanidade.

exhalaban, tremelando, un borboriño tan delicado que apenas rozaba a orella e co que se diría, porén, que elas tentaban de se preguntar e de se responder.

Ao que tivo pasado o tempo necesario para considerar ese dobre vexetal, o meu bo amigo o carballo retomou así o fío do seu discurso:

“- Non podedes ter vivido tanto sen que a famosa amizade de Pílates e Orestes chegase ao voso coñecemento...

Descibiríavos as ledicias todas dunha doce paixón e contaríavos os milagres todos cos que estes dous amantes abraiaron o seu século, se non temese que tanta luz non ofendese os ollos da vosa razón; por ese motivo pintarei estes dous soles mozos só na súa eclipse.

Abondaravos, daquela, saber que un día o bravo Orestes, comprometido nunha batalla, andaba a procurar o seu benquerido Pílates para gorentar o pracer de vencer ou morrer na súa presenza. Cando o deus dexergado no medio de cen brazos de ferro levantados por riba da súa testa, que foi o que el fixo? Desesperado, lanzouse ao través dunha foresta de picas; gritou, berrou, rabiou. Mais: moi mal estou expresando o horror dos movementos deste inconsolábel! Arrancouse os cabelos, trabou nas mans, esgazou as chagas. Aínda, ao cabo desta descrición, véxome obrigado a dicir que a maneira de expresar a súa dor morreu con el. Cando, coa súa espada, coidaba abrirse un camiño para valer a Pílates, unha montaña de homes opúñase ao seu paso. Con todo, deunos penetrado, e despois de ter camiñado longamente sobre dos sangrentos trofeos da súa vitoria, foise achegando aos pouquiños a Pílates; mais este semelloulle tan preto do pasamento que non se atreveu xa case a parar os inimigos, por medo a el sobrevivir á cousa pola que vivía. Teríase mesmo dito, ao ver os seus ollos xa todos cheos das sombras da morte, que tentaba coas súas olladas empezoñar os asasinados do seu amigo. Finalmente Pílates caíu sen vida, e o namorado Orestes, que sentía igualmente a súa na beira dos beizos, retívola aínda até que -cunha ollada perdida que procurara entre os mortos e atopara a Pílates- semellou, pegando a súa boca, querer deitar a súa alma dentro do corpo do seu amigo.

O máis novo destes dous heroes expirou de dor enriba do cadáver do seu amigo morto, e habedes saber que do apodrecemento do tronco deles, que sen dúbida empreñara a terra, viuse xermolar por entre os ósos xa brancos dos seus esqueletos, dous arbustiños dos que o talo e as pólas, todos mesturados, semellaban non ter présa en medrar senón para se enguedellaren máis. Coñeceuse ben que mudaran de ser sen esqueceren o que foran, porque os seus gomos recendentes se debrozaban un sobre do outro e aquecíanse entre eles co seu alento, como para se facer abrollar máis axiña. Mais: que hei dicir da amorosa compartición que mantiña a súa sociedade? Endexamais o suco, onde reside o alimento, se ofrecía á súa raizame sen que eles non o compartisen cerimoniosamente, endexamais un estaba mal mantido sen que o outro estivese enfermo de inanición, zugaban os dous por dentro os tetos da súa ama igual que vós mamades por fóra. Finalmente, eses amantes felices produciron pomos, mais pomos milagrosos que fixeron máis milagres aínda ca seus pais. Inda ben non comera alguén os pomos dun deles, que se viraba perdidamente namorado de

calquera que tivese comido do froito do outro. E ese accidente acontecía case todos os días, porque todo o que Pílates cichaba, rodeaba ou se atopaba rodeado do que botaba Orestes. E os seus froitos case que xemelgos non eran quen de se decidir a se arredar.

E mais a natureza distinguira a enerxía da súa dupla esencia con tanta precaución que cando un home comía o froito dunha das árbores e outro home comía o da outra, o feito enxendraba a amizade recíproca, e cando a mesma cousa acontecía entre dúas persoas de sexo diferente enxendraba o amor, mais un amor vigoroso que conservaba sempre o carácter da súa causa, porque aínda que ese froito fornecese o seu efecto á potencia, amolecía a súa virtude nunha muller, conservando, con todo, sempre algo de masculino.

Cómpre salientar aínda que aquel dos dous que máis comera era o máis amado. Ese froito non facía conta de non ser moi belido e moi bo, ao non existir nada tan belido e tan doce como a amizade. Tamén foron estas cualidades de belido e de bo –que case non se atopan nun mesmo suxeito– as que o puxeron en estimanza. Cantas veces, pola súa milagrosa virtude, ten el multiplicado os exemplos de Pílates e de Orestes! Dende ese momento temos visto Hércules e Teseos, Aquiles e Patroclos, Nisos e Euríalos; en resumo: un mundo innúmero daqueles que por amizades máis ca humanas teñen consagrado a súa memoria no templo da Eternidade. Levaron renovos deles ao Peloponeso, ornando o parque dos exercicios onde os tebanos adestraban a mocidade. Estas árbores xemelgas eran plantadas en liña, e no tempo en que o froito penduraba das pólas, os mociños que de cotío ían ao parque, tentados pola súa beleza, non deixaron de os catar, e como de adoito o seu corazón sentiu decontadiño o efecto. Víronos todos mesturados entregárense uns a outros as súas almas, volvérense cada un deles a metade doutro, viviren menos dentro de si ca no seu amigo, e o máis covarde emprender polo seu cousas temerarias.

Esta celestial enfermidade aqueceu o sangue deles con tan nobre ardencia que, por criterio dos máis sabios, alistaron para a guerra esa tropa de amantes nunha mesma compañía. Dende aquela chamárona, por causa das accións heroicas que realizaba, a *Banda sagrada*. As súa proezas foron moito por riba das que Tebas se prometera, pois cada un deses afoutos no combate, para protexer o seu amante, ou para merecer ser amado por el, ousaba esforzos tan incríbeis que a Antigüidade non ten visto nada semellante. Así é que en tanto subsistiu esa amorosa compañía, os Tebanos –que antes pasaban polos peores guerreiros entre os gregos, bateron e superaron sempre dende entón os propios lacedemonios, os pobos máis belicosos da terra.

Mais entre un número infindo de louvábais accións causadas por estes pomos tamén eles produciron inocentemente outras ben vergoñentas.

Mirra, mociña de boa condición, comeunos con Ciniras, seu pai. Infelizmente un era de Pílates e o outro de Orestes. Coa mesma, o amor absorbeu a natureza e confundiuna de tal xeito que Ciniras podía xurar “Eu son o meu xenro”. Como remate, coido que abonda, para aprenderdes ese crime, con engadir que á volta de

nove meses o pai tornouse avó de quen el enxendrou, e que a filla deu á luz os seus irmáns.

Aínda non se contentou o azar con este crime: quixo que un touro, despois de entrar nos xardíns do rei Minos, atopase infelizmente baixo unha árbore de Orestes algúns pomos que enguliu. Digo infelizmente porque a raíña Pasifae comía todos os días deste froito. Velos aí, logo, furiosos de amor un polo outro. Non me hei estender, con todo, no enorme gozo; abondará con dicir que Pasifae se mergullou nun crime do que aínda non houbera exemplo ningún.

O famoso escultor Pígmalión, precisamente neste tempo, andaba a tallar no palacio unha Venus de mármore. A raíña, que apreciaba os bos obreiros, como galano regalouno cunha parella destes pomos; comeu el o mellor e, dado que a auga –que como sabedes é precisa para a incisión do mármore– por acaso lle faltou, humedeceu a súa estatua co outro. O mármore, penetrado ao mesmo tempo por ese zume, amoleceu pouquechiño a pouco, e a enérxica virtude deste pomo, guiando o seu labor segundo o deseño do obreiro, continuou no interior da imaxe os trazos que ela atopara na superficie, pois dilatou, queceu e coloreouse en proporción á natureza dos lugares que se foron atopando no seu paso. Finalmente, tornándose vivo o mármore, e tocado pola paixón do pomo, abrazou Pígmalión con todas as forzas do seu corazón, e Pígmalión, transportado por un amor recíproco, tomouna pola súa muller.

Nesa mesma rexión, a mociña Ifis comera dese froito coa belida lante, a súa compañeira, en todas as circunstancias requiridas para causar unha amizade recíproca. A súa comida foi seguida do seu efecto cotián, mais, como Ifis lle atopara un laimo moi sabedeiro, comeu tanto que a súa amizade –que medraba co número de pomos dos que non se daba saciado– usurpou as funcións todas do amor, e ese amor, a poder de aumentar pouquechiño a pouco, fíxose máis masculino e máis vigoroso. Porque como todo o seu corpo, enchoupado deste froito, ardía por formar movementos que respondesen aos entusiasmos da súa vontade, el removeu no seu interior a materia tan potentemente que se construíu órganos moito máis fortes, capaces de seguir o seu pensamento e de contentar plenamente o seu amor na súa máis viril extensión; é dicir que Ifis virouse o que cómpre ser para casar cunha muller.

Eu chamaríalle a esta aventura un milagre se me ficase un nome para titular o suceso que segue.

Un mozo moi feito chamado Narciso merecera polo seu amor o afecto dunha rapariga moi belida que os poetas teñen celebrado baixo o nome de Eco. Ora ben – como sabedes que as mulleres, máis ca os do noso sexo, non se senten abondo queridas– tras ela ter ouvido gabar a virtude dos pomos de Oreste moveuse tanto que os recadou en varios lugares. E como temía –por ser sempre medoñento o amor– que os dunha árbore tivesen menos forza ca os da outra, quixo que el probase dos dous; mais inda non ben os comera que a imaxe de Eco se borrou da súa memoria: todo o seu amor se virou cara a aquel que dixerira o froito, e foi o amante e o amado, pois a substancia tirada do pomo de Pílates abrazou dentro del a do pomo de Orestes. Ese froito xemelgo, espallado por toda a masa do seu

sangue, incitou as partes todas do seu corpo a se acariñar; o seu corazón, polo que decorría a súa dobre virtude, fixo raiolar por dentro as súas chamas, e os seus membros todos, animados pola súa paixón quixéronse penetrar un ao outro. Nin mesmo a súa imaxe –ardendo aínda no medio da friaxe das fontes- deixou de atraer o seu corpo para se xuntar con ela. En cabo, o pobre Narciso resultou perdidamente namorado de si mesmo.

Non vos hei amolar contándovos o seu deplorábel final, os séculos antigos xa teñen falado abondo del. E mais tamén, aínda teño dúas aventuras para vos contar que vos han consumir mellor ese tempo.

Habedes, daquela, saber que a belida Salmacis trataba moito ao pegureiro Hermafrodita –mais sen outra intimidade da que a veciñanza entre as súas casas podía soportar- cando a Fortuna, que se aprace en turbar as vidas máis tranquilas, permitiu que nunha xuntanza de xogos na que o premio da beleza e o da carreira eran dous destes pomos, Hermafrodita levase o da carreira e Salmacis o da beleza. Aqueles foran collidos, aínda que xuntos, de pólas diferentes, porque estes froitos namorados mesturábanse con tanta maña que un de Pílates se atopaba sempre cun de Orestes, e por esa causa, ao semellaren xemelgos, de adoito se apañaba unha parella. A belida Salmacis comeu o seu pomo e o donoso Hermafrodita apreixou o seu no folecho. Salmacis, inspirada polo afervamento do seu pomo, e mais do pomo do pegureiro que comezaba a quecer no seu folecho, sentiuse atraer cara a el polo fluxo e refluxo simpático do seu co outro.

Os pais do pegureiro, que se decataron dos amores da ninfa, tentaron, por causa da vantaxe que atopaban nesa alianza, de a coidar e de a facer medrar; por iso, ao teren sentido gabar os pomos xemelgos como froitos de zugo que inclinaba os espíritos ao amor, destilárono e, da quintaesencia máis rectificada, atoparon a maneira de facer que bebesen seu fillo e a súa amante. A súa enerxía –que eles sublimaran até o mais alto grao que daba subido- acendeu no corazón deses namorados un tan vehemente desexo de se uniren, que á primeira ollada Hermafrodita se absorbeu en Salmacis e Salmacis se fundiu entre os brazos de Hermafrodita. Pasaron un dentro do outro, e de dúas persoas de sexo diferente compuxeron un duplo non sei o que, que non foi nin home nin muller. Cando Hermafrodita quixo gozar de Salmacis atopouse con que el era a ninfa, e cando Salmacis quixo que Hermafrodita a abrazase, sentiu que ela era o pegureiro. Ese duplo non sei o que, conservaba, con todo, a súa unidade; enxendraba e concibía sen ser home nin muller; en fin, a natureza fixo ver nel un prodixio que endexamais dende ese momento soubo impedir de ser único.

Entón! Seica esas historias non son abraiantes? Sono, pois que ver unha rapariga axuntarse con seu pai, unha princesa moza saciar os amores dun touro, un home aspirar ao gozo dunha pedra, outro casar consigo mesmo, estoutro celebrar un casamento sendo rapaza e consumalo sendo rapaz, deixar de ser home sen comezar a ser muller, virarse xémeo fóra do ventre da nai e xemelgo dunha persoa que non é seu parente, todo iso está ben arredado do camiño ordinario da natureza, e mais o que vos vou contar havos provocar maior sorpresa.

No medio da suntuosa diversidade de toda caste de froitos que se trouxeran dos mais afastados climas para o festín de voda de Cambises, regaláronlle un chantón de Orestes que el mandou inserir nun pradairo. E no medio das outras delicadezas da sobremesa servíronlle pomos da mesma árbore.

O celme do prato convidouno a comer moito del, e -ao se ter convertido a substancia deste froito despois das tres coccións nun xermolo perfecto- formou con este no ventre da raíña o embrión do seu fillo Artaxerxes, porque as particularidades todas da súa vida fixeron conxecturar aos seus médicos que debe ter sido producido dese xeito.

Cando o corazón mociño dese príncipe chegou ao tempo de merecer a carraxe de Amor, non se decataron de que suspiraba polos seus iguais: só lles quería aos troncos, os pomares e os bosques. Mais -por riba de todos aqueles aos que pareceu sensíbel- o fermoso pradairo no que seu pai, Cambises, mandara cantar aquel enxerto de Orestes, consumiu de amor.

O seu temperamento seguía tan escrupulosamente o progreso do pradairo, que semellaba el medrar coas pólas desta árbore. Todos os días ía abrazala, nos seus sonhos só o pradairo vía, e tras do contorno do seu verde tapiz gobernaba os seus asuntos todos. Coñeceuse ben que o pradairo, picado por unha ardencia recíproca, estaba encantado cos seus aloumiños, pois en todas as ocasións, sen razón aparente ningunha, dexergábase as súas follas buligaren e como arreguízárense de ledicia, os ramallos encorvallérense de arredor da súa testa como para lle facer unha coroa, e baixaren tan pretiño da súa faciana que resultaba doado saber que era máis por bicalo ca por inclinación natural a tenderen cara a abaixo. Podíase mesmo reparar en que, por ciúmes, dispuña e premía as súas follas unha contra outra por medo de que as raiolas do día, escorregando ao seu través, non o bicasen tan ben coma el. O rei, pola súa banda, non puxo marcos ao seu amor. Mandou erguer o seu leito ao pé do pradairo, e o pradairo -que non sabía como corresponder a tanta amizade- dáballo o que as árbores máis aprecian: o seu mel e o seu orballo que todas as mañás destilaba sobre del.

Os seus aloumiños terían durado máis se a morte -inimiga das cousas fermosas- non lles tivera dado remate: Artaxerxes expirou de amor nos abrazos do seu querido pradairo, e os persas todos, aflixidos coa perda dun príncipe tan bo, quixeron, para lle dar aínda unha satisfacción despois da súa morte, que o seu corpo fose queimado coas pólas desta árbore, sen que ningunha outra madeira fose empregada en o consumir.

Cando se prendeu a fogueira, viuse a súa labarada enguedellarse coa da graxa do corpo, e as súas cabeleiras ardentes, que se apreixaban unha á outra, afinárense en pirámide até se perderen de vista.

Ese lume puro e sutil non se dividiu senón que cando chegou ao sol, onde como sabedes desmboca toda materia ígnea, formou o xermolo do pomar de Orestes que velaí tedes, á vosa man dereita.

Ora ben, o inzo dese froito perdeuse no voso mundo, e velaí como aconteceu esa desgraza.

Os pais e as nais, que, como ben sabedes, non se deixan guiar no goberno das súas familias senón polo interese, anoxados de que os seus fillos, des que probaran eses pomos, prodigasen ao seu amigo todo canto posuían, queimaron tantas destas plantas como deron descuberto. Por iso así, ao estar perdida a especie, xa non se atopa ningún amigo certo.

A medida, logo, de que esas árbores foron consumidas polo lume, as chuvias que cairon enriba calcinaron a súa cinza, de xeito que ese zume conxelado se petrificou da mesma maneira que o humor do fento queimado se metamorfosea en vidro; de sorte que se formaron, en todos os climas da terra, das cinzas destas dúas árbores xemelgas, dúas pedras metálicas que hoxe chamamos o ferro e o imán, que debido á simpatía dos froitos de Pílates e de Orestes, dos que conservaron sempre a virtude, aspiran aínda decote a se abrazar. E reparade en que se o anaco de imán é máis groso, atrae o ferro, ou se a peza de ferro excede en cantidade é ela a que atrae o imán, como acontecía no milagroso efecto dos pomos de Pílates e de Orestes: calquera que –dun dos dous- tivese comido maior porción era máis amado por aquel que comera do outro.

Ora ben, o ferro nútrese de imán e o imán nútrese de ferro tan visibelmente que aquel se enferruxa e este perde a súa forza a menos que os produzan un ao outro para reparar o que perden da súa substancia.

Non tedes nunca observado un anaco de imán pousado sobre limalla de ferro? Vedes o imán cubrirse, no virar dunha man, con eses átomos metálicos; e a amorosa ardencia con que se aferran é tan súbita e tan impaciente que, despois de se teren abrazado por todas as partes, diríades que non hai un gran de imán que non queira bicar un gran de ferro nin un gran de ferro que non queira unirse cun gran de imán. Porque o ferro ou o imán separados envían continuamente da súa masa os corpiños pequenos máis móbiles á procura do que aman. Mais, cando o deron atopado, ao non teren máis nada que desexar, cadaquén remata as súas viaxes e o imán ocupa o seu lecer en posuír o ferro, igual que o ferro recolle todo o seu ser en gozar do imán. É, pois, da seiva destas dúas árbores de onde decorreu o humor do que estes dous metais naceron. Antes diso eran descoñecidos, e se queredes saber de que materia se fabricaban as armas de guerra, Sansón armábase cunha queixada de burro contra os filisteos, Xúpiter, rei de Creta, con fogos artificiais cos que imitaba o lóstrego para someter os seus inimigos, e finalmente Hércules, cunha moca, venceu tiranos e domeou monstros. Mais estes dous metais teñen aínda unha relación ben máis específica coas nosas dúas árbores: habedes saber que, mesmo se esta parella de namorados sen vida se inclinan cara ao polo, non se dirixen alá endexamais senón en compañía un do outro, e vovos descubrir a razón despois de que vos teña falado un pouco dos polos.

Os polos son as bocas do ceo, por onde recupera a luz, a calor e as influencias que el espallou sobre da terra: outramente, se todos os tesouros do sol non volvesen subir de novo á súa fonte, habería moito tempo que –ao non ser toda a súa clareza senón unha poeira de átomos en chamas que se desprenden do seu

globo- a tal fonte estaría xa apagada e el non había seguir lucindo. Ou esa abundancia de corpiños ígneos que se amorean enriba da terra para non saíren xa dela teríana xa consumido. Cómpre, daquela, como vos dixen, que haxa no ceo respiradoiros por onde escoen as enchentes da terra e outros por onde o ceo poida reparar as súas perdas a fin de que a eterna circulación deses corpiños de vida penetre sucesivamente os globos todos deste grande universo. E os respiradoiros do ceo son os polos por onde se alimenta das almas de todo o que morre nos mundos del, e os astros todos son as bocas e os poros onde se expelen de volta os seus espíritos.

Mais, para vos amosar que isto non é unha imaxinación tan nova, cando os vosos poetas antigos, a quen a filosofía descubrira os máis agachados segredos da natureza falaban dun heroe do que dicían que a alma fora vivir cos deuses, expresábanse así: *subiu ao polo, está sentado no polo, atravesou o polo*, pois sabían que os polos eran as únicas entradas por onde o ceo recibe todo o que saíu do seu interior. Se a autoridade destes grandes homes non vos satisfai plenamente, a experiencia dos vosos modernos que teñen viaxado cara ao norte havos contentar se cadra. Eles atoparon que, canto máis se achegaban á Osa, durante os seis meses de noite nos que se creu que este clima estaba negro de a feito, unha gran luz iluminaba o horizonte e só podía partir do polo, porque a medida que se ían achegando a ela e que se ían afastando por conseguinte do sol, esta luz tornábase máis grande. É, daquela, ben verosímil que proceda das raiolas do día e dunha gran morea de almas que, como sabedes, só están feitas de átomos luminosos que regresan ao ceo polas súas portas acostumadas.

Non é difícil despois disto entender por qué o ferro frotado por imán ou o imán frotado por ferro se vira cara ao polo, pois ao ser un extracto dos corpos de Pílates e de Orestes e ao ter conservado as inclinacións das dúas árbores –igual ca as dúas árbores as dos dous amantes- deben aspirar a se uniren á súa alma. E por iso se guindan cara ao polo por onde senten que ela subiu, coa reserva, con todo, de que o ferro non se vire cara a alá se non é frotado por imán, nin o imán se non é frotado por ferro, dado que o ferro non quere abandonar un mundo privado do seu amigo o imán, nin o imán privado do seu amigo o ferro, e que non poden decidirse a facer esta viaxe un sen o outro.”

Penso que esa voz ía encetar outro discurso, mais o ruído dunha grande alarma que acaeceu impediullo. Toda a foresta en balbordo ecoaba con estas falas: *Ollo á peste! e mais Pasa a consigna!*

Conminei á árbore que tanto tempo me falara, a me aprender de onde proviña tan gran desorde.

“-Meu amigo –díxome- non estamos aínda nestas bisbarras ben informados das particularidades do mal. Direivos só en tres palabras que esta peste que nos ameaza é a que entre os homes chaman *abrasamento*. Ben podemos chamala así⁵⁵ pois que entre nós non existe enfermidade máis contaxiosa. O remedio que lle imos poñer é arricharmos o alento e soprarmos todos xuntos cara ao lugar de onde

⁵⁵ “Peste”.

parte o incendio a fin de facermos recuar ese mal aire. Penso que o que nos trouxo esta febre ardente foi un bicho foguento que anda a axexar dende hai días de arredor dos nosos bosques, porque como aqueles non van nunca sen lume e non poden pasar sen el, este viría sen dúbida prendelo a algunha das nosas árbores.

Nós mandáramos chamar polo animal carambelo para que viñese na nosa axuda, mais aínda non chegou. Adeus, logo, que non teño tempo para falar convosco; cómpre pensarmos na salvación común. E vós mesmo, botádevos á carreira, outramente corredeis o perigo de vos verdes envolvemento na nosa ruína.”

Seguín o seu consello, sen con todo me dar moita présa porque coñecía as miñas pernas. Porén, sabía tan mal o roteiro do país que me atopei, ao cabo de dez e oito horas de camiño, detrás da foresta da que coidaba fuxir. E, para maior desacougo, cen estarrecedores estoupidos de trebón abalábanme os miolos en tanto que a funesta e brancuxenta luzada de mil lóstregos viña apagar as meniñas dos meus ollos.

De momento en momento as ferroadas redobraban con tanta furia que se tería dito que os alicerces do mundo se ían afundir, e malia iso todo nunca o ceo apareceu máis sereno. Como me vin xa sen razóns ás que apelar, finalmente o desexo de coñecer a causa dun acaecemento tan extraordinario convidoume a ir cara ao lugar dende o que o ruído semellaba espallarse.

Camiñei o espazo aproximado de catro centos estadios⁵⁶, ao cabo dos que albisquei, no medio dunha grandísima campía, algo parecido a dúas bolas que, despois de teren virado moito tempo zoando unha arredor da outra, se achegaban e despois recuaban. E observei que cando elas se daban as topadas era cando se ouvían eses baloucazos, mais a poder de camiñar para diante, recoñecín que o que de lonxe me pareceran dúas bolas, eran dous animais. Un deles, aínda que redondo por embaixo, formaba un triángulo polo medio, e a súa testa, moi elevada, coa súa cabeleira roxa que revoaba contra arriba, afiábase en pirámide. O seu corpo estaba furado como unha peneira, e ao través deses finos buracos que lle servían de poros, víanse escorregar unhas chamiñas que semellaban cubrilo cunha plumaxe de lume.

Camiñando de arredor do lugar, atopei un velliño moi venerábel que estaba a mirar ese famoso combate con tanta curiosidade coma min. Fíxome o aceno de me achegar e eu obedecín, sentándonos un cabo do outro.

Eu tiña a intención de lle preguntar o motivo que o trouxera a esta bisbarra, mais pechoume a boca con estas falas:

“-De certo que o ides saber, o motivo que me trae a esta bisbarra.”

E nesas, contoume ben polo miúdo as particularidades todas da súa viaxe. Déixovos pensar se non fiquei pampo. Porén, para acrecentar o meu abraio, como

⁵⁶ O estadio era unha antiga medida grega que equivalía a uns 180 metros, polo que virían sendo uns sete ou oito quilómetros.

eu ardía xa por lle preguntar que demo lle revelaba os meus pensamentos, exclamou:

“- Non, non, non é un demo o que me revela os vosos pensamentos.”

Esa nova arte de adiviño fixo que eu o observase con máis atención do que aantes, e reparei en que estaba a arremedar o meu porte, os meus xestos, a miña actitude, a situar e configurar os seus membros todos e as partes todas da súa face seguindo o padrón dos meus. Resumindo: a miña sombra en relevo non me tería mellor representado.

“-Vexo –seguiu- que vos preocupades por saber por que vos arremedo, e vouvollo dicir. Sabede, logo, que a fin de coñecer o voso interior eu arranxei as partes todas do meu corpo nunha orde semellante á vosa, pois –ao estar eu situado en todas as partes coma vós- provocho en min, por esa disposición da materia, o mesmo pensamento que en vós provoca esa mesma disposición da materia.

Ides vós xulgar posíbel ese efecto, se algún día tedes observado que os xemelgos que se asemellan teñen de adoito a mente, as paixóns e a vontade semellantes. Ata o punto de que en París atoparon dous xemelgos que só tiveron sempre as mesmas doenzas e a mesma saúde, que casaron –sen saberen a intención un do outro- na mesma hora e no mesmo día, que se escribiron reciprocamente cartas que tiñan o mesmo sentido, as mesmas palabras e a mesma forma, e que tamén compuxeron sobre o mesmo asunto unha mesma clase de versos, coas mesmas agudezas, o mesmo feitío e a mesma orde. Mais: non vedes que era imposible que –ao ser igual en todas as circunstancias a composición dos órganos dos seus corpos- non operasen de xeito igual, pois que dous instrumentos iguais tocados de igual maneira teñen que producir unha harmonía igual? E que conformando así totalmente o meu corpo co voso –e tornándome eu, por así dicilo, o voso xemelgo- resulta imposible que un mesmo abalo da materia non nos cause aos dous un mesmo abalo da mente.”

Despois disto púxose a me remedar aínda e proseguíu deste xeito:

“-Estades arestora moi preocupado pola orixe do combate destes dous monstros, mais vouvollo dicir. Sabede, logo, que as árbores da foresta que temos ás costas, ao non teren podido facer recuar co seu alento os violentos esforzos do bicho foguento, recorreron ao animal carambelo.

-Aínda non sentín falar –dixen eu- deses dous animais senón a un carballo desta bisbarra, mais con moita présa porque non pensaba senón en se protexer. Por iso suplícovos que me instruades.”

Velaí como me falou:

“Veríanse, neste globo onde estamos, os bosques moi entremeados de clareiras por causa do gran número de bichos foguentos que os asolan, sen os animais carambelos que decotío, a rogo das súas amigas as forestas, veñen sandar

as árbores enfermas. E digo “sandar” porque aínda ben non teñen estes soprado coa súa boca xeadá riba dos carbóns daquela peste, apágana.

No mundo da terra de onde vós sodes e de onde eu son, o bicho foguento chámase salamántiga, e o animal carambela é alá coñecido como rémora. Habedes saber, logo, que as rémoras viven cara á extremidade do polo, no máis fondo do mar glacial, e é a friaxe evaporada destes peixes ao través das súas escamas a que fai xear neses confíns a auga do mar, aínda que sexa salgada.

Os máis dos pilotos que teñen navegado para a descuberta de Groenlandia experimentaron, en cabo, que en certa época o xeo que noutras veces os paralizara xa non se atopaba; mais, aínda que ese mar se vise libre del no tempo no que o inverno é alá máis irto, non deixaron de atribuír a causa diso a algunha calor secreta que os fundira. Ora ben: resulta moito máis verosímil que as rémoras -que se nutren só de xeo- o tiñan zogado. E mais debedes saber que, algúns meses despois de elas enchérense, esa arrepiante dixestión vólvelles o estómago tan glacial que o seu simple alento, ao expiralo, conxela de volta todo o mar do polo. Cando saen á terra (pois que viven nun ou no outro elemento) sácianse unicamente de cicuta, de acónito, de opio e de mandrágora.

Estrañámonos no noso mundo canto á procedencia deses xélidos ventos do norte que traen sempre a xeadá, mais se os nosos compatriotas soubesen -coma nós- que as rémoras viven nese clima, habían entender -coma nós- que aqueles proveñen do sopro con que estas tratan de facer recuar a calor do sol que se lles vai achegando.

Esta auga estixiada⁵⁷, coa que envelenaron o grande Alexandro e que coa súa friaxe lle petrificou as entrañas, era mexo dun destes animais. En resumo, a rémora contén en tal alta cantidade os principios todos da friaxe que, ao pasar por baixo dun navío, o navío atópase preso no frío, de sorte que fica totalmente entalado ate o punto de non poderse arrancar de onde se atopa. Por iso a metade dos que teñen singrado cara ao norte, á descuberta do polo, non volveron de alá, porque é un milagre se as rémoras -de número tan grande nese mar- non deteñen os seus navíos. Velaí o tocante aos animais carambela.

Mais, canto aos bichos foguentos, acóchanse en terra, so montes de alcatrán aceso, como o Etna, o Vesubio e o cabo Vermello. Esas bochas que vedes na gorxa deste proceden da inflamación do seu fígado, son...”

Estivemos despois diso sen falar, para seguirmos atentos ese famoso duelo.

A salamántiga atacaba con moita ardencia, mais a rémora resistía impenetrabelmente. Cada topada que se daban xeraba un trebón, como acontece nos mundos de aquí arredor, onde o encontro entre unha nube quente cunha fría provoca o mesmo estroncio.

⁵⁷ Semellante á do río Estixio. Este río era na mitoloxía antiga un dos que rodeaba o Inferno.

Dos ollos da salamántiga saía, a cada mirada de carraxe que chantaba no seu inimigo, un lampo vermello que parecía acender o aire ao voar; suaba aceite fervendo e mexaba augaforte.

A rémora, pola súa banda, grosa, zoupuda e cadrada, amosaba un corpo todo escamallado de carambelos. Os seus largos ollos parecían dous pratos de cristal que ao fitar carrexaban unha luzada tan glacial que eu sentía o arreguizo do inverno en cada membro do meu corpo acadado por eles. Se daba en poñer a man por diante, o sieiro entálaba; o mesmo aire de arredor dela, atinxido pola súa rixeza, virábase mesto como a neve, a terra encarolábase so os seus pasos e podía contar as pegadas do bicho polo número das frieiras que me acollían cando eu camiñaba por riba.

Ao comezo do combate, a salamántiga, a causa da vigorosa contenda da súa primeira ardencia, fixera suar a rémora, mais á longa, ao se arrefriar de novo esa suor, esmaltou a chaira toda cunha xeada tan escorregadía que a salamántiga non era quen de se achegar á rémora sen caír. Ben puidemos comprender, o filósofo e mais eu, que, a poder de dar no chan e erguerse de volta tantas veces, ela ía cansa. Porque eses estoupidos de trebón, denantes tan estarrecedores, que provocaba o choque co que topaba na súa inimiga, xa non eran senón o xordo bruar dos golpiños que marcan o final dunha tempestade, e ese xordo bruar, amortecido pouquechiño a pouco, dexenerou nun tremor semellante ao dun ferro roxo mergullado na auga fría.

Cando a rémora, ao se enfeblecer o choque que case non a facía abalar, comprendeu que o combate tiraba ao acurralamento, ergueuse sobre dun ángulo do seu cubo e deixouse caír con todo o peso de riba do estómago da salamántiga, con tanto éxito que o corazón da coitada salamántiga, onde se concentrara toda a ardencia que lle restaba, botou ao estoupar un fulgor tan arrepiante que non coñezo nada que se lle poida comparar na natureza.

Así morreu o bicho foguento so a preguiceira resistencia do animal carambelo.

Un tempiño despois de que a rémora se tivese retirado, achegámonos nós ao campo de batalla, e o vello, logo de se untar as mans coa terra pola que aquela camiñara como preservación contra o queimazo, agarrou o corpo da salamántiga

-Co corpo deste animal -díxome- non teño que facer lume na miña cociña porque, con que estea pendurado da gramalleira, ha facer ferver e asar todo o que eu poña na lareira. Canto aos ollos, gárdoos coidadosamente: en os limpando das sombras da morte habiádelos tomar por dous soles pequeniños. Os antigos do noso mundo sabían ben utilízalos: é o que eles chamaban *lámpadas ardentes* e púñanas a pender só nas sepulturas suntuosas das persoas ilustres. Os nosos modernos atoparon algunhas escavando nesas famosas tumbas, mais a súa ignorante curiosidade furounas, ao pensaren atopar detrás das membranas rompidas aquel lume que vían relucir nelas.

O velliño seguía a camiñar e eu seguíao, atento aos portentos que me ía enunciando. E falando do combate, non me pode esquecer a conversa que tivemos tocante ao animal carambelo:

-Non creo -díxome- que teñades nunca visto rémoras, porque eses peixes non se elevan case á flor da auga, e aínda máis: practicamente non abandonan o océano setentrional. Mais sen dúbida teredes visto certos animais que, nalgún xeito, poden dicirse da súa especie. Conteivos hai pouquiño que ese mar, tirando cara ao polo, está todo cheo de rémoras que botan as súas millaras no lodo como os outros peixes. Habedes saber, logo, que esa semente tirada de toda a súa masa contén en tan alto grao toda a friaxe daquela, que se un navío pasa por riba el contrae un ou varios vermes que se viran paxaros, dos que o sangue privado de calor fai que os clasifiquen -aínda que teñan ás- entre os peixes. Así o Soberano Pontífice, que coñece a súa orixe, non prohibe que os coman pola coresma. Son as que vós chamades *mourelas*.”⁵⁸

Continuei a camiñar sen outro propósito que o de seguilo, mais tan encantado por ter atopado un home, que non ousei arredar os ollos de riba del, tal era o medo que eu tiña de perdelo.

Díxome:

“-Mozo mortal (pois que ben vexo que aínda non tedes, coma min, satisfeito o tributo que lle debemos á natureza), tan axiña como vos vin atopei na vosa faciana ese non sei o qué que dá ganas de coñecer a xente. Se non me engano nas circunstancias da conformación do voso corpo, debedes ser francés e nativo de París. Esa cidade é o lugar onde, despois de ter paseado as miñas desgrazas por toda Europa, eu acabeinas.

Chámome Campanella e son calabrés de nación. Desde que vin ao sol, utilicei o meu tempo en visitar os climas deste gran globo para descubrir os seus prodixios. Está dividido en reinos, repúblicas, estados e principados, igual ca a terra. Así os cuadrúpedes, os volátiles, as plantas, as pedras, cadaquén ten o seu nel e aínda que algúns destes non permitan a entrada aos animais de especie estranxeira, (nomeadamente aos homes, que os paxaros, por riba de todo, odian á morte) eu podó viaxar sen correr risco, polo motivo de que unha alma de filósofo está tecida con partes moito máis finas ca os instrumentos que habían servir para lle dar tormento. Atopeime, por sorte, na rexión das árbores cando as desordes da salamántiga comezaron; eses grandes estouridos de trebón, que vos debestes ouvir tan ben coma min, leváronme ao seu campo de batalla, a onde vós viñestes un momentinho despois. Polo resto, eu estaba a regresar á rexión dos filósofos.

- O que? -díxenlle- Hai, logo, tamén filósofos no sol?

⁵⁸ A *mourela* ou *parrulo mourelo* é a especie *Melanitta fusca*, unha das do xénero de aves anátidas *Melanitta*, que en francés se chama *macreuse*. Aínda que os científicos e eruditos combatían o erro, a crenza popular consideraba que tiña o sangue frío e nacía do escumallo do mar ou do apodrecemento da madeira mergullada, polo que os emparentaba cos peixes; por este motivo a Igrexa toleraba que se comesen durante a coresma.

-Se os hai! -replicou o homiño- De certo que si, e son os principais habitantes do sol e os mesmos dos que a sona do voso mundo ten a boca tan chea. Axiña habedes poder dialogar con eles, se tedes a coraxe de me seguides, porque espero poñer o pé na súa cidade denantes de tres días. Non creo que vós deades concibido de que xeito eses grandes xenios se trasladaron aquí.

- Non, de certo -exclamei eu- porque: seica tantas outras persoas terían ate agora os ollos tapados, para non daren atopado o camiño del? Ou é porque despois da morte nós caemos nas mans dun examinador de espíritos, quen -segundo a nosa capacidade-nos concede ou refuga o dereito de cidadanía no sol?

-Non é nada de todo iso -retrucou o vello- As almas veñen por un principio de semellanza únense a esta masa de luz, porque este mundo non está formado doutra cousa que dos espíritos de todo o que morre nos orbes do arredor, como son Mercurio, Venus, a Terra, Marte, Xúpiter e Saturno.

Así, des que unha planta, un animal ou un home expiran, as súas almas soben sen se apagaren á esta esfera igual que vós vedes a chama dunha candeia voar en punta cara a alá, malia o sebo que terma dela polos pés. E todas esas almas, unidas como están ao nacedoiro do día e purgadas da materia grosa que as pexaba, exercen funcións ben máis nobres ca as de medrar, de sentir e de razoar, porque son empregadas en formar o sangue e os espíritos vitais do sol, este grande e perfecto animal⁵⁹. E tamén, por iso, non debedes vós dubidar de que o sol opere co espírito moito máis perfectamente ca vós, pois que é pola calor dun millón destas almas rectificadas -das que a súa é un elixir- como el coñece o segredo da vida, como inflúe na materia dos vosos mundo a potencia de enxendrar, como el volve uns corpos capaces de se sentiren existir, e, en fin, como se fai el ver e fai ver as cousas todas.

Quédame agora por vos explicar o motivo polo que as almas dos filósofos non se unen esencialmente á masa do sol como a dos outros homes.

Hai tres clases de espíritos en todos os planetas, é dicir, nos mundiños que se moven de arredor deste.

Os máis groseiros serven sinxelamente para reparar o volume do sol e os sutís insinúanse no emprazamento das súas raiolas, mais os dos filósofos -sen teren contraído impureza ningunha no seu exilio- chegan enteiriños á esfera do día para seren habitantes dela. E non se volven, coma os outros, unha parte integrante da súa masa porque a materia que os compón, no momento de seren xerados, mestúrase tan exactamente que nada pode xa desprendela, semellante á que forma o ouro, os diamantes e os astros, que teñen todas as partes mesturadas con tantos enlazamentos, sen que o máis forte disolvente puidese afrouxar a aperta.

⁵⁹ Como noutras ocasións *animal* ten aquí o sentido de "ser vivo, ser animado".

E estas almas de filósofos son de tal xeito –en relación cos outros homes- o que o ouro, os diamantes e os astros son en relación cos outros corpos, como Epicuro no sol é o mesmo Epicuro que vivía algún día na terra.”

O pracer que eu recibía ao escoitar este grande home facíame máis corto o camiño, e a miúdo eu encetaba moi á mantenta materias sabias e curiosas arredor das que solicitaba o seu pensamento coa finalidade de me instruír. E de certo que endexamais teño visto bondade tan grande como a súa, porque –inda que el ben puidese, a causa da axilidade da súa substancia, chegar soíño ao reino dos filósofos en poucas xornadas- mellor quixo enfatiarse moito tempo comigo a me abandonar no medio destas vastas soidades.

E mais el tiña présa, porque lembro que –ao se me ter ocorrido preguntarlle o motivo polo que regresaba sen ter denantes percorrido as rexións todas deste gran mundo- me respondeu que a impaciencia por ver un dos seus amigos, que acababa de chegar, obrigábo a interromper a súa viaxe. Comprendín, pola continuación das súas falas, que o tal amigo era ese famoso filósofo do noso tempo, o señor Descartes⁶⁰, e que só se apuraba para se reunir con el.

Respondeume tamén ao que eu lle preguntaba sobre en canta estima tiña a súa *Física* dicíndome que só se debía lela co mesmo respecto con que se escoitan os oráculos.

“- Non é –engadiu- que a ciencia das cousas naturais non precise (igual que as outras ciencias) de ocupar previamente o noso xuízo con axiomas que non proba, senón que –ao se dar por supostos os principios da súa- non existe ningunha que satisfaga máis necesariamente as aparencias todas.”

Non puiden, a esa altura, impedirme de lle cortar:

“- Mais –díxenlle- paréceme que ese filósofo sempre impugnou o vacío, e – con todo,- aínda que fose epicúreo- co fin de ter o honor de lles dar un principio aos principios de Epicuro, é dicir aos átomos, estableceu por comezo das cousas un caos de materia totalmente sólida, que Deus dividiu nun número innumerábel de cadradiños, a cada un dos que lles imprimiu movementos opostos. Ora ben, el defende que eses cubos, ao se fregaren uns contra os outros, se teñen escachizado en anaquiños de toda caste de figuras. Mais: como pode el concibir que esas pezas cadradas teñan comezado a virar por separado, sen confesar que se formou vacío entre os seus ángulos? Non se atopaba necesariamente este nos espazos que os ángulos destes cadrados se vían obrigados a abandonar para se moveren? E mais, estes cadrados que non ocupaban senón unha certa extensión, antes de viraren: seica poden moverse en círculo sen teren ocupado na súa circunferencia outra tanta? A xeometría ensínanos que iso non é posíbel. Entón a metade dese espazo tivo necesariamente que ficar baleira, pois que non había aínda átomos para enchela.”

⁶⁰ A morte de Descartes tivo lugar o 11 de febreiro de 1650.

O meu filósofo respondeume que o señor Descartes nos había dar razón diso persoalmente, e que ao ser por natureza tan atencioso como filósofo, había estar con seguranza encantado de atopar neste mundo un home mortal para lle esclarecer cen dúbidas que a sorpresa da morte o obrigara a deixar na terra que acababa de abandonar. Que el non coidaba que tivese moita dificultade en responder a elas, segundo os seus principios, examinados por min só coa febleza que a miña mente podía permitirme.

“- Porque –diciá el- as obras deste grande home son tan plenas e tan sutís, que cómpre unha atención para entendelas que esixe a alma dun verdadeiro e consumado filósofo. O que fai que non exista no sol un filósofo que non sinta veneración por el, até o punto de que non se quere discutirlle o primeiro lugar, se a súa modestia non fai que el se afaste.

Para enganarmos a mágoa que a longura do camiño podería provocarvos, imos conversar seguindo os seus principios, que son con seguranza tan claros e semellan satisfacer tan ben a todo pola admirábel luz deste gran xenio que se diría contribuíu á belida e magnífica estrutura do universo.

Ben vos lembrades de que el di que o noso entendemento é finito. Así, ao ser a materia divisíbel até o infinito, non se pode dubidar de que é unha desas cousas que non pode este comprender nin imaxinar e que está moi por riba súa dar razón dela.

Mais –seguiu- aínda que a cousa non poida caír baixo os sentidos, non deixamos de concibir que así se fai polo coñecemento que temos da materia, e non debemos vacilar en determinarmos o noso xuízo sobre as cousas que concibimos. Efectivamente: seica podemos imaxinar a maneira como a alma opera sobre o corpo? E mais non podemos negar esa verdade, nin poñela en dúbida; pola contra é unha absurdez ben máis grande atribuírle ao vacío un espazo que é unha propiedade pertencente ao corpo da extensión, dado que se confundiría a idea do nada coa do ser, e que se lle atribuirían a el cualidades que non pode producir en absoluto, non podendo ser autor de cousa ningunha.

Mais –dixo- pobre mortal, sinto que estas especulacións te fatigan, porque, como di este excelente home, “ti nunca pasaches o traballo de depurares o teu espírito da masa do teu corpo, e fixéchelo tan preguiceiro que el non quere xa facer función ningunha sen a axuda dos sentidos,”

Íalle retrucar cando me tirou polo brazo para me amosar un valiño de extraordinaria fermosura:

“- Dexergades –preguntoume- ese afundimento do terreo onde imos baixar? Diríase que o cumio dos outeiros que o entestan se ten coroadado á mantenta con árbores para convidar coa frescura da súa sombra os camiñantes ao repouso. É ao pé dun destes cotarelos onde ten o seu nacedoiro o Lago do Sono. Fórmoo só o líquido das cinco fontelas. Polo resto, se non se mesturase cos tres ríos, e coa súa pesadez non entalase as súas augas, ningún animal do noso mundo había dormir.”

Non son quen de expresar a impaciencia que me apertaba a lle preguntar tocante a estes tres ríos, dos que aínda non sentira falar, mais púxenme contento cando me prometeu que eu había ver todo.

Axiña chegamos, despois, ao valíño, e, case que ao mesmo tempo, ao tapiz que rodea ese gran lago.

“-En verdade –díxome Campanella- sodes ben feliz de verdes antes de morrer os prodixios todos deste mundo; é un ben para os habitantes do voso globo teren enviado un home que lle poida aprender os prodixios do sol, pois que sen vós estaban en perigo de vivir nunha groseira ignorancia e de catar mil dozuras sen saber de onde veñen, porque non se darían imaxinado as liberalidades que o sol lles fai aos vosos pequenos globos todos, e, xa este valíño só, espalla unha infinidade de bens por todo o universo sen os que vós non poderíades vivir e nin poderíades mesmo ver o día. Seméllame que abonda con ter visto esta bisbarra para vos facer confesar que o sol é o voso pai e que é o autor de todas as cousas. Para eses cinco regatos viren escoar nel, corren só quince ou dezaseis horas, e mais parecen tan fatigados cando chegan que apenas dan bulido, mais testemuñan a súa canseira por medio de efectos ben diferentes, porque o da Vista estréitase a medida que se vai achegando ao estanque do Sono; o Ouvido, na súa foz, confúndese, extraviase e pérdese na lama; o Olfacto provoca un borboriño semellante ao dun home que está a roncar; o Gusto, desaborido polo camiño, vólvese insípido de a feito; e o Tacto, aínda hai pouco tan poderoso que acollía os seus compañeiros todos, vese reducido a agachar a súa morada. Pola súa banda, a ninfa da paz, que ten a súa morada no medio do lago, recibe os seus convidados a brazos abertos, déitaos no seu leito e aloumíñaos con tanta delicadeza que, para adormentalos, ela mesma toma o coidado de os arrolar. Algún tempo despois de se teren así confundido eles neste vasto encoro, vese como no outro extremo el se partilla de volta en cinco regatos que retoman os mesmos nomes ao saír que deixaran cando entraran. E agora, os que máis présa teñen en partir e turren polos seus compañeiros para que se poñan en camiño, son o Ouvido e o Tacto, porque, canto aos outros, están a agardar que estes os esperten, e o Gusto, nomeadamente, sempre fica detrás dos outros.”

A mourenza cóncava dunha furna abovédase por riba do lago do Sono. Un eito de tartarugas anda paseniño polas ribeiras, mil flores de papoula transmítenlle á auga, ao se miraren nela, a virtude de adormecer, vense até marmotas chegar dende cincuenta leguas para beberen alá, e o rechouchío da onda é tan meigo que esta semella refregarse contra os callaos cadenciosamente tratando de compor unha música adormecedente.

O sabio Campanella previu sen dúbida que eu me había ver acadado, polo que me aconsellou de apurar o paso. Teríalle obedecido, mais a meiguería desta auga envurullárame tanto a razón que xa case non tiña abondo para ouvir as súas últimas falas:

“- Durmide, logo, durmide! Déixovos. Tan perfectos son os soños que aquí se fan, que un día habédesvos sentir moi ao xeitiño en vos lembrando do que ides

facen agora. Eu, no entanto, heime distraer visitando as rarezas do lugar, e despois heime vir reunir convosco.”

Penso que non dixo máis nada, ou ben o vapor do sono puxérame xa fóra do estado de poder escoitalo.

Estaba eu no medio dun soño –o máis douto e mellor concibido do mundo– cando o meu filósofo veume acordar. Héivolo narrar cando iso non interrompa o fío do meu relato, porque é totalmente importante que o coñezades, para vos facer saber con que liberdade a mente dos habitantes do sol actúa en tanto que o sono captura os sentidos. Canto a min, coido que este lago evapora un aire que ten a propiedade de depurar enteiramente a mente do atafego dos sentidos, porque non se presenta cousa ningunha ao voso pensamento que non semelle perfeccionarvos e instruírvos: é o que fai que eu teña o respecto máis grande do mundo por eses filósofos aos que se lles chama *soñadores*, dos que se burlan os nosos ignorantes.

Abrín daquela, os ollos como sobresaltado e paréceme que lle sentín dicir:

“- Mortal, xa durmistes abondo! Erguédevos se desexades ver unha rareza que non se daría endexamais imaxinado no voso mundo. Dende hai arredor unha hora que me afastei de vós, para non perturbar o voso repouso, estiven a pasear ao longo das cinco fontes que saen do lago do Sono. Podedes crer con tanta atención considerarei todas elas; levan o nome dos cinco sentidos e decorren moi achegadiñas unha a outra. A da Vista semella un tubo aberto en gallas cheo de diamantes en po e espelliños que rouban e restitúen as imaxes de todo o que se presenta; esa fonte rodea co seu percorrido o reino dos linceos. A do Ouvido é igualmente dupla: vira insinuándose como un dádalo e síntese retumbar, no máis fondo das concavidades do seu leito, un eco de todo o ruído que resoa de arredor; engánome moito se non son os raposos que vin a se escaravellar as orellas. A do Olfacto aparece, como as precedentes, dividida en dúas canliñas agachadas so unha mesma bóveda e tira de todo canto ela encontra un non sei o que invisíbel, co que compón mil castes de olores que lle fan de auga; á beira desta fonte atópanse unha chea de cans a aguzaren o nariz. A do Gusto corre a choutos, que de adoito acontecen só tres ou catro veces no día (cómpre aínda que se erga un gran portelo de coral e, debaixo, un eito doutros moi pequeniños que son de marfil). O líquido dela semella saliva. Mais canto á quinta, a do Tacto, tan vasta e tan profunda é que rodea ás súas irmás todas até ela deitar a súa longura no leito destas, e o seu humor espeso esparéxese ao largo polas verdecidas herbeiras de plantas sensitivas.

E habedes saber que eu admiraba, paralizado de veneración, as misteriosas revoltas de todas esas fontelas, cando, a poder de camiñar, atopeime na foz onde desembocan nos tres ríos. Mais, seguídeme, ides comprender moito mellor a disposición de todas estas cousas ao velas.”

Unha promesa tan grande no meu criterio acabou de me erguer; tendinlle o brazo e botamos a andar pola mesma senda que el percorrera ao longo dos caneiros que apertan os cinco regatos, cada un dentro da súa canle.

Ao cabo dun estadio aproximadamente, unha cousa tan relucente como un lago bateu nos nosos ollos. Aínda ben non o dexergou, o sabio Campanella díxome:

“-Por fin, meu fillo, estamos chegando ao porto: vexo nidiamente os tres ríos.”

Con esta nova sentinme transportado por tal ardencia que pensei terme virado en águia. Voei, máis que camiñei, e corrín por todo o arredor, cunha curiosidade tan ávida que en menos dunha hora o meu condutor e eu observamos o que ides escoitar.

Tres grandes cursos de auga regan os brillantes campos deste mundo alapreante. O primeiro e mais largo chámase a Memoria, o segundo –máis estreito e tamén máis fondal, o Maxín, e o terceiro –máis pequeno ca os outros- chámase o Siso.

Nas ribeiras da Memoria séntese día e noite un importuno chirlar de choias, de papagaios, de pegas, de estorniños, de liñaceiros, de pimpíns, das especies todas que rechouchían o que aprenderon. Pola noite non dan chío ningún, porque están daquela ocupados en bebericar o vapor espeso que exhalan estes lugares acuáticos. Mais o seu estómago cacóquimo⁶¹ dixíreo tan mal, que pola mañá, cando coidan telo convertido na súa substancia, vese que cai do seu bico tan puro como estaba no río. A auga deste curso semella pegañenta e rola ruxindo moito; os ecos que se forman nas súas furnas repiten as falas até máis de mil veces; enxendra certos monstros, de face que se achega á das mulleres. Vense tamén outros de cabeza cornuda e cadrada, case igual á dos nosos pedantes. Estes non se ocupan senón de berrar, e mais non din senón o que se teñen escoitado dicir uns aos outros.

O curso do Maxín corre máis devagariño; o seu líquido lixeiro e brillante escintila cara a todos os lados. Semella, ao mirar esta auga dun torrente de muxicas húmidas, que estas, no seu revoar, non gardan unha orde certa. Despois de a ter considerado máis atentamente, decateime de que o humor que ela facía rolar no seu leite era de puro ouro potábel, e a súa espuma de aceite de talco. O peixe que ela alimenta son rémoras, sirenas e salamántigas. En lugar de xabre, atópanse alí eses callaos dos que fala Plinio, cos que un se volve pesado cando os toca polo revés, e lixeiro cando os apalpa polo dereito. Observei aínda desoutros -dos que Xixés⁶² tiña un anel- que viran invisíbel, mais sobre todo un gran número de pedras filosofais estouran na súa area. Había nas ribeiras árbores froiteiras a eito, maiormente das que atopou Mahoma no paraíso; as pólas refervían de fénix e observei pés ventureiros da árbore na que a Discordia colleu o pomo que logo botou diante das tres deusas; chantaran nela enxertos do xardín das Hespérides. Cada un destes largos ríos divídese nunha infinidade de brazos que se entrelazan, e eu reparei en que cando un gran regato da Memoria se achegaba, o outro máis pequeno do Maxín apagábao, mais que, polo contrario, se o regato do Maxín era máis vasto, estiñaba o da Memoria. E como eses tres cursos, quer na súa canle, quer nos seus brazos, camiñan sempre un a rente do outro, en toda parte onde a

⁶¹ Afectado por « malos humores ».

⁶² Antigo rei de Lidia no século VII antes de Cristo.

Memoria é forte o Maxín diminúe, e este aumenta na medida en que a outra mingua.

Preto de aí corre cunha lentitude incríbel o río do Siso: a súa canle é profunda, o seu humor semella frío e cando o espallan enriba dunha cousa, en lugar de mollar, seca. Medran no medio do lodo do seu leito plantas de heléboro, das que a raíz –que se estende en longos filamentos- limpa a auga da súa lama. Alimenta serpes, e sobre da herba mol que tapiza as súas ribeiras repousan un millón de elefantes. Distribúese –como os seus dous irmáns- nunha infinidade de pequenos ramais, engrósase ao camiñar e, mesmo que gañe sempre país vai e volve eternamente sobre si mesmo.

O humor destes tres ríos rega todo o sol: serve para esluír os átomos ardentes daqueles que morren neste gran mundo. Mais este asunto merece ser tratado máis longamente.

A vida dos animais do sol é moi longa: non rematan senón de morte natural, que só acontece ao cabo de sete a oito mil anos cando, debido aos continuos excesos da mente aos que o seu temperamento de fogo os inclina, a orde da materia se avolve. Porque tan axiña como nun corpo a natureza sente que lle ía cumprir máis tempo en reparar as ruínas do seu ser que en compor outro novo, tende a se disolver, de xeito que de día en día vese o animal non apodrecer senón caír en partículas semellantes á cinza roxa.

O pasamento só sucede case sempre desta maneira. Cando, logo, aquel expirou –ou por mellor dicir se apagou- os corpiños ígneos que compuñan a súa substancia entran na materia grosa deste mundo aceso, até que o azar lles teña bebericado o humor dos tres ríos, pois entón, feitos móbiles pola súa fluidez, co fin de exerceren decontado as facultades das que esa auga lles acaba de imprimir o escuro coñecemento, únense en longas fiadas, e por un fluxo de puntos luminosos agúzanse en raiolas e espállanse polas esferas de arredor, onde inda ben non as envolveron que xa elas mesmas arranxan a materia canto poden, dentro da forma propia para exercer as funcións todas das que contraeron o instinto na auga dos tres ríos, das cinco fontes e do estanque. Por iso se deixan atraer polas plantas para vexetaren, as plantas se deixan pacer polos animais para sentir, e os animais se deixan comer polos homes a fin de –despois de teren pasado á súa substancia- viren reparar esas tres facultades da Memoria, do Maxín e do Siso, das que os ríos do sol lles fixeran sentir previamente o poder.

E segundo os átomos se teñan enchoupado máis ou menos do humor destes tres ríos, apórtanlles aos animais máis ou menos memoria, maxín ou siso, e segundo que nos tres ríos teñan contraído máis ou menos licor das cinco fontes e da lagoa, elaboran sentidos máis ou menos perfectos e producen almas máis ou menos adurmiñadas.

Velaí aproximadamente o que puidemos observar tocante á natureza deses tres ríos. Atópanse veñías afastadas acá e acolá, mais canto aos brazos principais, van dereitos abocar na rexión dos filósofos. Así fumos volvendo nós ao camiño grande sen nos arredarmos da corrente senón o que cómpre para subir á calzada.

Seguimos a ver os tres grandes ríos que escorrían á nosa beira, mais as cinco fontes viámolos serpentear polos prados de enriba a embaixo. Ese roteiro é moi deleitoso, aínda que solitario, respírase nel un aire libre e lene que nutre a alma e a fai reinar por riba das paixóns.

Á volta de cinco ou seis xornadas de camiño, cando distraíamos os nosos ollos reparando no diverso e rico aspecto das paisaxes, unha voz esmorecente, como un enfermo a laiar, chegou aos nosos ouvidos. Achegámonos ao lugar de onde xulgabamos que podía vir e atopamos, na ribeira do curso Maxín, un velliño caído de costas que lanzaba grandes gritos. As bágoas de compaixón viñéronme aos ollos e a mágoa que eu tiven polo mal dese coitadiño convidoume a preguntar a causa.

“-Este home –respondeume Campanella, virándose cara a min- é un filósofo reducido á agonía, porque nós morremos máis dunha vez, e como non somos senón partiñas deste universo, mudamos de forma para irmos retomar vida noutro lugar, o que non é mal ningún pois que é un camiño para perfeccionarmos o noso ser e para chegarmos a un número infinito de coñecementos. A súa doenza é a que fai morrer case que todos os grandes homes.”

As súas falas obrigáronme a considerar o doente con máis atención e dende a primeira ollada vin que tiña a cabeza como un pipote de grande, e aberta en varios sitios.

“-Veña! –díxome Campanella, turrándome polo brazo- toda a asistencia que coidásenos darlle a este moribundo había ser inútil e non fariamos senón preocupalo. Pasemos alén, pois o seu mal, por outra banda, é incurábel. O inchazo da súa testa procede de ter exercitado de máis a súa mente, pois aínda que as especies⁶³ coas que encheu os tres órganos ou os tres ventrículos do seu cerebro sexan imaxes moi pequenas, son corporais e capaces, por conseguinte, de encher un lugar grande cando son moi numerosas. E mais habedes saber que ese filósofo engrosou tanto o seu cerebro, a poder de amarear imaxe sobre imaxe, que non as podendo conter xa, estoupou: ese xeito de morrer é o dos grandes xenios e chámase *rebentar de enxeño*.”

Seguíamos a camiñar falando, e as primeiras cousas que se presentaban a nós forneciánnos materia de conversa. Tería eu, con todo, querido saír das rexións opacas do sol para entrar nas luminosas, pois o lector ha saber que non todas as bisbarras de alá son diáfanas: hainas escuras como as do noso mundo, e que sen a luz dun sol que se albisca dende alí estarían cubertas de tebras. E mais, a medida que un entra nas opacas, vírase insensibelmente así e, coa mesma, tamén cando un se vai achegando ás transparentes séntese despois de desa mouroa escuridade pola vigorosa irradiación do clima.

Lémbreme que a propósito do degoro ese que me queimaba, pregunteille a Campanella se a rexión dos filósofos era brillante ou tebregosa.

⁶³ Un pouquiño máis en diante Campanella di que as *especies* son « os caracteres de cada cousa que [alguén] medita ». E no parágrafo final do libro explica o termo *especies* como “*imaxes corporais que revoan no aire, desprendidas de todos os corpos.*”

“-É máis tebregosa ca brillante -respondeume- porque como nós simpatizamos aínda moito coa terra -o noso país natal, que é opaco por natureza- non podemos acomodarnos nas rexións máis iluminadas deste globo. Podemos, porén, cunha vigorosa contención da vontade, virarnos diáfanos cando nos aprace. E mesmo a maior parte dos filósofos non falan coa lingua, senón que cando queren comunicar o seu pensamento, púrganse, mediante o pulo da súa fantasía, cun sombrizo vapor, baixo o que de adoito teñen as súas concepcións a cuberto. E, tan axiña como teñen feito baixar de novo á súa ubicación esta escuridade de bazo⁶⁴ que os enmourecía, como o seu corpo é entón diáfano, dexérgase ao través do seu cerebro aquilo do que se lembran, o que maxinan, o que xulgan, e no seu fígado e no seu corazón o que desexan e o que deciden, porque aínda que estes retratiños sexan máis imperceptíbeis ca ningunha cousa que nos deamos figurado, temos neste mundo de aquí os ollos claros de abondo para distinguirmos doadamente até as menores ideas.

Así, cando algún de nós quere descubrirlle ao seu amigo o afecto que lle ten, dexérgase como o seu corazón lanza raiolas ata a súa memoria enriba da imaxe do que ama, e cando, polo contrario, quere testemuñarlle a súa aversión, vese como o seu corazón bota contra a imaxe do que odia remuíños de faíscas ardentes, e recúa todo canto pode. Do mesmo xeito, cando está a falar consigo mesmo, obsérvanse claramente as especies, é dicir os caracteres de cada cousa que medita, as que -ao se imprimiren ou ao se ergueren- veñen presentar aos ollos de quen está a mirar, non unha fala articulada senón unha historia en cadros dos seus pensamentos todos.”

O meu guía quería continuar, mais desviouno un accidente ata ese momento nunca ouvido, e foi que de súpeto dexergamos a terra enmourecer so os nosos pasos, e o ceo aceso de raiolas apagarse sobre das nosas testas como se tivesen desenvolvido entre nós e o sol un dosel de catro leguas de largo.

Seríame dificultoso dicirvos o que imaxinamos nesa conxuntura. Toda sorte de terrores viñéronnos asaltar, até o do fin do mundo, e ningún deses terrores nos pareceu incoherente, porque ver a noite con sol, ou o aire escurecido por nubes, é un milagre que non acontece. Mais aínda non foi todo. Decontadiño a seguido, un ruído agre e berrallón, semellante ao son dun cadeixo que virase rapidamente, veu zouparnos nos ouvidos e no mesmo momento vimos caír aos nosos pés unha gaiola. Non ben deu tocado a area, abriuse ela para dar á luz un home e unha muller; arrastraban unha áncora que penduraron nos baixos dun penedo. Despois diso vímolos vir cara a nós. A muller traía o home e turraba del ameazándoo. Ao que estivo pretoño, dixo con voz algo alterada:

“-Meus señores: non é aquí a rexión dos filósofos?”

⁶⁴ Segundo a medicina antiga, o bazo era o órgano onde se depositaba a *melancolía*, ou “bile negra”. En galegoportugués existe o verbo *embazar* ‘escurecer, toldar, cubrir de bafo’, que podería estar relacionado co bazo.

Respondínlle que non, mais que en vinte e catro horas esperabamos chegar a ela, e que ese velliño que me aturaba na súa compañía era un dos principais cargos desa monarquía.

“-Pois que sodes filósofo –respondeu aquela muller dirixíndose a Campanella- cómpre que sen ir máis lonxe vos desabafe aquí o meu corazón.

Para vos contar, logo, en poucas palabras o asunto que me trae, habedes saber que veño queixarme dun asasinato cometido na persoa do máis novo dos meus fillos: este bárbaro que teño suxeito matouno dúas veces, aínda que fose seu pai.”

Ficamos moi entrapallados con estas falas, e por iso eu quixen saber o que ela entendía por un fillo matado dúas veces.

“-Sabede –respondeu a muller- que no noso país existe, entre outras disposicións sobre o amor, unha lei que regula as veces que o marido ten a obriga de trebellar a súa muller. Por iso todos os seráns cada médico vai no seu barrio polas casas todas, onde, despois de ter visitado o marido e a muller, estipúlalles para esa noite, segundo a saúde forte ou feble deles, tantas ou tantas outras apertas. E ao meu, que velaquí está, puxéranlle sete. Ora ben, picado por certas palabriñas algo bravas que eu lle dixera ao nos deitarmos, non se me achegou no tempo todo no que estivemos na cama. Mais Deus, que vinga a causa dos aflixidos, permitiu que en soños este miserable, proído polo relembro dos trebellos que inxustamente me retiña, deixou perder un home. Díxenvos que seu pai o matou dúas veces, porque ao lle impedir existir fixo que non exista, velaí o seu primeiro asasinato. E mais fixo que non existiu, velaí o seu segundo. No canto diso, un criminal ordinario ben sabe que o que el priva do día non existe xa, mais non sabería facer que aquel non tivese existido. Os nosos maxistrados terían impartido no asunto boa xustiza, mais o trampulleiro del dixo, como escusa, que tería satisfeito o deber conxugal se non temese (ao me trebellar no forte da carraxe na que eu o puxera) enxendrar un home enfurecido.

O Senado, entrapallado con esta xustificación, ordenounos que viñeramos nos presentar aos filósofos e defender perante eles a nosa causa. Tan axiña como recibimos a orde de partir, metémonos nunha gaiola pendurada do pescozo deste enorme paxaro que estades a ver, dende onde –por medio dun cadeixo que lle amarramos- baixamos á terra e nos guindamos no aire. Hai persoas, na nosa rexión, encargadas expresamente de os domaren novos e de lles aprenderen os labores que nos son útiles. O que os atrae principalmente contra a súa natureza salvaxe a se tornaren disciplinábeis, é que nós abandonamos á súa fame – que non se dá saciado case- os cadáveres de todos os bichos que morren. Polo resto, cando nós queremos durmir (pois a causa dos excesos de amor, contínuos de máis, que nos enfeblecen, precisamos repouso), ceibamos no campo, espaciadamente, vinte ou trinta destes paxaros, presos cada un dunha corda, que, collendo pulo coas súas grandes ás, despregan no ceo unha noite máis larga do que o horizonte.”

Eu estaba moi atento ao seu relato e máis a observar, todo extasiado, o enorme tamaño deste paxaro xigante, mais tan axiña como Campanella o tivo mirado un pouquiño, exclamou:

“-Ah, de certo! É un deses monstros con plumas chamados cóndores, que se ven na illa de Mandrágora no noso mundo, e pola zona tórrida toda. Alí cobren coas súas ás un ferrado de terra. E, como eses animais se volven máis desmesurados consonte o sol que os viu nacer vai quecendo máis, teñen que ser no mundo do sol dun grandor arrepiante.

Porén -engadiu virándose cara á muller- cómpre necesariamente que rematedes a vosa viaxe, porque é a Sócrates -ao que lle deron a gobernación dos costumes- a quen lle pertence xulgarvos. Exhórtovos, con todo, a nos aprenderdes de qué bisbarra sodes, porque, como só hai tres ou catro anos que eu cheguei a este mundo, non coñezo ben aínda o seu mapa.

-Somos -respondeu ela- do reino dos Namorados. Ese grande estado estrema por unha banda coa república da Paz, e pola outra coa dos Xustos.

No país de onde veño, á idade de dezaseis anos levan os mociños ao noviciado do amor: é un palacio moi suntuoso que contén case a cuarta parte da cidade. Canto ás mociñas, elas só entran alá aos trece. Nel efectúan, uns e outras, o seu ano de proba, durante o que os mociños unicamente se ocupan de mereceren o afecto das mociñas, e as mociñas de se faceren dignas da amizade dos mociños. Expirados os doce meses, a Facultade de Medicina vai visitar en corpo este seminario de amantes. Apálpaos todos, un despois do outro -até nas partes máis secretas das súas persoas-, fainos axuntar diante súa, e despois, segundo que o macho se atope no exame vigoroso e ben conformado, danlle por mulleres dez, vinte, trinta ou corenta mociñas das que o agarimaban, con tal de que se amen reciprocamente. O esposo, con todo, só pode deitarse con dúas a un tempo, e non lle permiten apertar ningunha namentres está embarazada. As que se recoñece como estériles son empregadas unicamente para servir, e dos homes impotentes faise os escravos, que poden mesturarse carnalmente coas maniñas. Polo demais, cando unha familia ten máis fillos dos que pode manter, a república coida deles, mais é unha desgraza que casamente non ocorre, porque, tan axiña como unha muller dá a luz na cidade, o Tesouro fornécelle unha suma anual para a educación do fillo, segundo a súa cualidade, que os pagadores do Estado levan certo día á casa do pai. E se queredes saber máis entrade no noso paxe⁶⁵, é grande dabondo para catro. Pois que levamos o mesmo camiño, habemos enganar parolando a longura da viaxe.”

Campanella foi do criterio de que aceptásemos a oferta. Eu púxenme igualmente moi contento para evitar a fatiga, mais cando fun axudarlles a erguer a áncora, asombreime moito ao dexergar que, no canto dun cabo grosa que debería termar dela, só estaba pendurado dun fiño de seda tan delgado como un cabelo. Pregunteille a Campanella como podía ser que unha masa pesada, como era esa áncora, non fixese romper co seu peso unha cousa tan fráxil, e o bo do home

⁶⁵ Cesto de varas redondo e alto.

respondeume que esta corda non rompía porque fora fiada moi igual toda ela e daquela non había razón para que tivese que romper máis doadamente nunha parte que noutra. Nós amoreámonos todos dentro do cesto e despois encadeixámonos⁶⁶ ata o pincho da gorxa do paxaro, onde nós só semellabamos un axóuxere que pendese do seu pescozo. Cando estivemos todos contra o cadeixo paramos o cabo no que a nosa gaiola estaba colgada dunha das plumas máis lixeiras da súa penuxe –pluma, porén, grosa como o polgar- e des que esa muller lle fixo ao paxaro o aceno de partir sentimos fender o ceo cunha rápida violencia.

O cóndor moderaba ou forzaba o voo, alzábase ou baixaba segundo a vontade da súa ama, da que a voz servía de brida. Aínda ben non tiñamos voado dúas leguas cando albiscamos enriba da terra, á man esquerda, unha noite semellante á que producía por baixo del o noso parasol vivo. Preguntámoslle á estranxeira o que ela pensaba que fose.

“- É outro culpábel que tamén se dirixe para ser xulgado á rexión onde nós imos; o seu paxaro sen dúbida é máis forte ca o noso, ou ben nós temos enredado moito, porque el partiu despois ca min.”

Pregunteille de que crime era acusado ese malfadado e respondeunos:

“- Non está sinxelamente acusado, está condenado a morrer, porque xa está convicto de non temer a morte.

- Como é iso? –díxolle Campanella- As leis do voso país ordenan temer a morte?

- Si – replicou esa muller- ordénanllo a todos, non sendo a aqueles que son recibidos no Colexio dos Sabios, pois os nosos maxistrados teñen experimentado, ao través de funestas experiencias que quen non teme perder a vida é capaz de lla tirar a todo o mundo.”

Despois dalgunhas outras falas atraídas por estas, Campanella quíxose informar máis longamente dos costumes do seu país. Preguntoulle, logo, cales eran as leis e os usos do reino dos Amantes, mais ela escusouse de falar diso co motivo de que, ao non ter nacido alá e coñecelo só á medias, temía falar de máis ou de menos.

“-É certo que veño desta rexión –continuou a muller- mais son (eu e todos os meus devanceiros) orixinaria do reino da Verdade . A miña nai deume a luz alá e non tivo ningún outro fillo. Educoume no país até a idade dos trece anos, cando o rei – seguindo o criterio dos médicos- lle mandou levarme ao reino dos Amantes, do que veño, á fin de que, ao ser educada no palacio do amor, unha educación máis leda e máis mol que a do noso país me volvese máis fecunda do que ela. A miña nai trasladoume e meteume nesa casa de pracer.

⁶⁶ No orixinal, Cyrano crea un verbo, a partir de *poulie* ‘cadeixo, polea’.

Custoume moito traballo afacerme aos seus costumes. Ao primeiro semelláronme moi rudos porque, como vós sabedes, as opinións que temos zogado co leite parécennos sempre as máis razoábeis e eu aínda acababa de chegar do reino da Verdade, o meu país natal.

Non é que non soubese ben que esta nación dos amantes vivía con moita mais dozura e indulxencia do que a nosa, pois aínda que todos manifestasen que a miña visión fería perigosamente, que as miñas miradas mataban, e que saía dos meus ollos unha chama que consumía os corazóns, a bondade, porén, de todo o mundo –principalmente dos mozos –era tan grande que me acariñaban, me bicaban e me abrazaban, en lugar de se vingaren do mal que eu lles ocasionara. Encarraxeime mesmo contra min polos desordes que causara e iso fixo que, abalada pola compaixón, un día lles descubrín a resolución que tomara de fuxir.

“-Mais, coitada, como salvarvos? –exclamaron todos botándose ao meu pescozo e bicándome as mans- A vosa casa está rodeada de auga por todas as partes, e o perigo semella tan grande que sen dúbida, non habendo un milagre, vós e mais nós habíamos afogar.”

-O que? –interrompín eu á nosa historiadora- A bisbarra dos Amantes está ameazada polo asolagamento?

“-Tal teremos que dicir –replicoume ela- porque un dos meus namorados (e ese home non me quería enganar pois amábame) escribume que co pesar da miña partida, acababa de espaxar un océano de pranto. Outro deles aseguroume que as súas meniñas, dende había tres días, fixeran manar unha fontela de bágoas, e cando eu maldicía por amor deles a hora fatal en que me viran, un dos que se contaban entre os meus escravos, mandoume recado de que a noite anterior os seus ollos desbordados provocaran un diluvio. Íame eu tirar do mundo, a fin de non ser xa a causa de tantas desgrazas, se o correo non tivese engadido a seguir que o seu amo lle encargara asegurarme que non había nada que temer porque a labarada do seu peito secara o diluvio ese. En fin, podedes conxecturar que o reino dos Amantes debe ser ben acuático, pois que eles non choran a medias sen que de embaixo das súas pálpebras non saian senón regos, fontes e torrentes.

Estaba moi atristada pensando en que máquina me había eu salvar de todas esas augas que me ían asolagar, mais un dos meus amantes, ao que chamaban o Ciumento, aconselloume de me arrancar o corazón e que despois me embarcase dentro del. Que, polo demais, non debía ter eu medo de non caber alí, pois que cabían tantos outros, nin de ir para o fondo, porque era lixeiro de máis. Que todo o que eu tería que temer sería o abrasamento, canto máis que a materia de tal navío arde doadamente. Que eu partise, daquela, sobre do mar das súas bágoas, que a venda do seu amor me había servir de vela, e que o vento favorábel dos seus suspiros, malia a tempestade dos seus rivais, habíame levar a bo porto.

Botei moito tempo a soñar como podería poñer esta empresa en execución. A timidez natural do meu sexo impedíame ousalo, mais finalmente a opinión que eu concibín de que se a cousa non fose posíbel, un home non sería tan tolo de aconsellar (e aínda menos un namorado á súa amante), deume afouteza.

Empuñei un coitelo e fendínme o peito. Estaba xa a remexer na ferida, e con ollada intrépida fitaba o meu corazón para arrancalo, cando apareceu un mociño que me amaba. Tiroume o ferro malia min, e despois preguntoume o motivo desta acción que el chamaba desesperada. Conteillo mais sorprendínme ben cando, un cuarto de hora despois, souben que el denunciara o Ciumento ante a Xustiza. Porén, os maxistrados, temendo se cadra dar un exemplo excesivo ou dada a novidade do acaecido, enviaron esa causa ao parlamento do reino dos Xustos. Alá, el foi condenado, a maiores do desterro perpetuo, a ir rematar os seus días en calidade de escravo nas terras da república da Verdade, coa prohibición, a toda a súa descendencia até a cuarta xeración, de volver poñer o pé na rexión dos Amantes. Mesmo o conminaron a non utilizar endexamais a hipérbole, so pena de morte.

Tomeille desde aquel momento moito afecto a ese mociño que me salvara e –fose por causa dese servizo, fosse por causa da paixón que me demostrara- non o refuguei cando, rematado o seu noviciado e o meu, me pediu ser unha das súas mulleres.

Vivimos sempre moi ben xuntos, e seguiríamos aínda vivindo ben, de non ser que el matou –como xa vos dixen- un dos meus fillos dúas veces, polo que eu vou implorar vinganza ao reino dos Filósofos.”

Campanella e eu estabamos moi asombrados polo gran silencio daquel home, e por iso tratei eu de consolalo, xulgando ben que unha taciturnidade tal, era filla dunha dor moi profunda, mais a súa muller impedíumelo.

“- Non é –dixo ela-o exceso da súa tristura o que lle pecha a boca, son as nosas leis, que prohiben a todo criminoso falar se non é diante dos xuíces.

Durante esta conversa, o paxaro seguía a avanzar país, cando eu me asombrei moito ao sentir a Campanella, cunha faciana chea de ledicia e de enlevo, exclamar:

“-Sede moi ben chegado, vós, o máis querido dos meus amigos todos! Vamos, señores, vamos diante do señor Descartes!–seguiu o bo do home-Baixemos, velo aí chega, só está a tres leguas de aquí.”

O que son eu fiquei moi sorprendido desta saída, pois non daba entendido como el fora quen de saber a chegada dunha persoa da que non recibíramos noticia ningunha.

“-Seguramente –díxenlle- acabades de velo en soño.

-Se lle chamades soño –dixo el- ao que a vosa alma pode ver con tanta certeza como os vosos ollos polo día cando reloce, conféssoo.

-Mais: seica non é unha ilusión crer que o señor Descartes –exclamei eu- que vós non tedes visto dende a vosa partida do mundo da terra, está a tres leguas de aquí porque vós o imaxinastes?”

Aínda estaba eu a pronunciar a derradeira sílaba cando vimos chegar Descartes. Decontadiño Campanella correu abrazalo. Falaron moito entre eles, mais eu non puiden atender ao que se dixeron reciprocamente, tanto eu ardía en aprender de Campanella o seu segredo para adiviñar. Ese filósofo, que leu a miña paixón na miña faciana, contoullo ao seu amigo e pregoulle que acordase contentarme. O señor Descartes retrucou cun sorrir e o meu sabio preceptor disertou deste xeito:

“-De todos os corpos despréndense especies, é dicir, imaxes corporais que revoan no aire. Ora ben, esas imaxes seguen conservando, malia a súa axitación, a figura, a cor e todas as outras proporcións do obxecto do que parten; mais como son moi sutís e moi delicadas, pasan ao través dos nosos órganos sen causaren neles sensación ningunha; van até a alma, onde se imprimen a causa da delicadeza da súa substancia, e fanlle así ver cousas moi afastadas que os sentidos non dan albiscado: o que acontece de adoito onde o espírito non está entalado dentro dun corpo feito de materia groseira, como no teu mundo. Habémosche dicir como ocorre cando teñamos o lecer de satisfacernos plenamente a ardencia que temos mutuamente de conversar, porque con seguranza mereces que teñamos contigo a derradeira compracencia.